



## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 3

VI lexislatura

Serie Pleno

### Sesión plenaria 3 de decembro de 2001

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

#### ORDE DO DÍA

**Punto único.-** Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

## SUMARIO

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

**Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.** (Punto único da orde do día.)

*O señor secretario le a proposta do presidente da Cámara sobre o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.* (Páx. 23.)

**Exposición do programa de goberno:** *candidato a presidente da Xunta, Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne, que explica os seguintes temas:*

*Nova orde mundial.* (Páx. 24.)

*A Europa das comunidades e das culturas.* (Páx. 25.)

*Unha Galicia integrada no Estado das autonomías.* (Páx. 26.)

*Lingua e cultura, alicerces da autoidentificación e do galeguismo popular.* (Páx. 27)

*A sociedade da información e do coñecemento.* (Páx. 31.)

*Unha nova era que comeza.* (Páx. 32.)

*Goberna-la globalización.* (Páx. 33.)

*Claves político-económicas.* (Páx. 34.)

*Emprego e formación profesional.* (Páx. 35.)

*Avance industrial.* (Páx. 36.)

*Por un agro competitivo.* (Páx. 37.)

*Liderado no sector pesqueiro.* (Páx. 38.)

*O hipersector da cultura, a comunicación e o turismo.* (Páx. 39.)

*Comercio e defensa dos consumidores.* (Páx. 40.)

*Políticas horizontais.* (Páx. 41.)

*Maior esforzo infraestructural.* (Páx. 41.)

*Investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.* (Páx. 42.)

*Desenvolvemento sostible e equilibrio ambiental.* (Páx. 42.)

*Administración e pacto local.* (Páx. 42.)

*Políticas sociais* (Páx. 43.)

*Educación no século XXI.* (Páx. 43.)

*Medidas para o crecemento demográfico.* (Páx. 44.)

*Familia, muller e xuventude.* (Páx. 44.)

*Sanidade e calidade de vida.* (Páx. 45.)

*Urbanismo, vivenda e deporte.* (Páx. 46.)

*Mellores servizos sociais.* (Páx. 46.)

*Gran avance da galeguidade.* (Páx. 47)

*Levántase a sesión á unha da tarde.*

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

*Preside o presidente do Parlamento, acompañado da vicepresidenta primeira, da vicepresidenta segunda, do secretario e da vicesecretaria da Mesa, que é asistida polo oficial maior e polo letrado señor Caride Punte.*

*Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta en funcións, acompañado de tódolos conselleiras en funcións.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días. Ábrese a sesión.

O señor secretario dará lectura á orde do día.

**O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):** Moitas grazas, señor presidente.

Punto único. Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas.

Procede tamén dar lectura, polo señor secretario, á proposta do presidente da Cámara sobre o candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* número 4, de data 29 de novembro de 2001.

Señor secretario, se ten a bondade.

**O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):** Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia, do 28 de novembro de 2001, relativa á proposta de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

O Estatuto de autonomía de Galicia, no apartado 2.º do artigo 15, obriga ó presidente do Parlamento a establecer consultas coas forzas políticas representadas na Cámara, co obxecto de formular propostas de candidato á Presidencia da Xunta de Galicia.

En aplicación do referido precepto do artigo 16 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, e da norma 1.ª do artigo 136 do Regulamento do Parlamento de Galicia, logo de consulta-las forzas políticas con representación parla-

mentaria e oída a Mesa, a Presidencia proponlle á Cámara, como candidato á Presidencia da Xunta de Galicia, o deputado don Manuel Fraga Iribarne. Santiago de Compostela, 28 de novembro de 2001. Xosé María García Leira, presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Moitas grazas, señor secretario.

**PROPOSTA DE CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, PRESENTACIÓN DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCIÓN, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 15.3 DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA**

**O señor PRESIDENTE:** A continuación ten a palabra o señor candidato para a exposición do programa.

**O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor presidente, señoras e señores deputados, de conformidade coas normas dispostas no artigo 15, apartado 3, do Estatuto de autonomía de Galicia, e en concordancia cos artigos 135 e seguintes do Regulamento deste Parlamento, comparezo hoxe perante esta Cámara para expoñe-lo meu programa de goberno á fronte da Xunta, suprema representación da nosa Comunidade Autónoma.

Fágoo consciente da responsabilidade e do alto honor que representa para min solicitar, por cuarta vez consecutiva, a confianza deste Parlamento.

Pero, despois da maioritaria e xenerosa acollida do corpo electoral ás propostas do Partido Popular de Galicia, terán que comprende-las súas señorías que as miñas primeiras verbas non poden ser outras que de moi sincero agradecemento para as mulleres e os homes que, non só aquí en Galicia, senón tamén nese inmenso territorio da galegüidade estendida por todo o mundo, renovaron, nuns comicios verdadeiramente exemplares, a súa aceptación do programa popular e a confianza nas nosas futuras accións de goberno.

O día da primeira toma de posesión como presidente da Xunta, o 5 de febreiro de 1990, afirmei nesta

mesma Cámara que me comprometía a traballar arreo e con tódalas miñas forzas para que Galicia atopase os vieiros necesarios para a súa verdadeira renovación e integración no novo século e milenio.

Así, ó longo do derradeiro decenio do século XX e nos dous primeiros anos deste milenio, gracias —repite— á xenerosa confianza e participación deste pobo marabilloso, fomos desenvolvendo e facendo realidade aquelas liñas mestras de actuación, complementadas con innumerables plans e proxectos que conformaron, sen triunfalismos de ningún tipo, un período de constante e profunda transformación da nosa Galicia.

Isto non o dicimos só os que tivémo-la obriga e a honra de traballar pola nosa terra durante o pasado período; isto mesmo ten sido recoñecido, en diversas ocasións e dende ópticas moi distintas, por personalidades representativas da política, da cultura e da investigación de tódalas partes do mundo, mesmo as que, sen compartiren os nosos ideais, valoraron e valoran obxectivamente o noso esforzo e dedicación. Moitas gracias tamén para todos eles.

O pasado 21 de outubro, a maioría dos cidadáns deste país referendaron co seu voto popular a continuidade dun proxecto político que foi quen de facer realidade, nos diversos eixos do devir da nosa terra e a través de equipos competentes e eficaces, aquelas miñas propostas do 5 de febreiro de 1990. Unhas propostas que anunciaban aires de cambio e modernización, tempos de benestar e prosperidade, novos horizontes para o desenvolvemento infraestructural, verdadeiro impulso autonómico e unha activa participación nas institucións e foros europeos. En definitiva, señoras e señores deputados, unha maior e máis dinámica potenciación da autonomía conseguida e un meirande exercicio do propio autogoberno.

Polo tanto, á luz da resposta da cidadanía, podemos afirmar con satisfacción que Galicia decidiu, soberana e democráticamente, non rematar nin rachar con nada, senón todo o contrario, continuar con vigor reforzado unha nova etapa de consolidación innovadora.

Iniciamos un período novo que comeza nesta lexislatura e que ten ó seu favor a estabilidade e a experiencia adquiridas, dúas forzas motrices para conti-

nuar traballando e avanzando, sen pausas nin rupturas, nunha permanente renovación e coa perspectiva do 2010.

Un futuro, señorías, que sabemos complexo e non exento de problemas, pero non por iso menos ilusionante á hora de concibir ideas e de da-las máis oportunas e cumpridas respostas, ou o que é o mesmo, as mellores e máis avanzadas realizacións que a Galicia de hoxe e de mañá merece.

Por iso, e aínda que Chateaubriand, o admirado mestre de don Ramón Otero Pedrayo, dixera que “hai palabras que deben ofrecerse só unha vez”, persoalmente penso que nunca son suficientes as chamadas que se fagan, con cordialidade, a prol do diálogo e da colaboración posibles.

Polo tanto, señorías, reitero o meu ofrecemento ós grupos políticos presentes nesta Cámara para intentarmos, no novo período que comeza, un diálogo institucional constructivo; porque creo nel e porque, moi por riba de discrepancias e rivalidades políticas, considero que está o respecto que merecen todos aqueles que o pobo galego designou como os seus lexítimos representantes.

#### NOVA ORDE MUNDIAL

Poucas veces ó longo da historia a situación internacional foi tan complexa como a que agora se nos presenta. Non se trata, pois, señoras e señores deputados, de facer aquí un repaso detallado da política mundial, senón de considera-la oportunidade das nosas propostas e proxectos, a curto e a longo prazo, no marco dos transcendentais acontecementos que día a día orientan e transforman a realidade internacional.

Botando unha ollada retrospectiva comprobamos que durante a pasada “guerra fría” o reparto de papeis entre as principais potencias e líderes do mundo era evidente, ata o punto de que resultaba case previsible o que ía dicir e facer cada protagonista.

Coa desaparición da URSS produciuse un gran baleiro por onde penetrou o fenómeno globalizador. A partir dese momento os principais centros de decisión mundial perderon a seguridade anterior e moitas veces ata semella que os acontecementos, no seu vertiginoso ritmo, van por diante das decisións dos que es-

tán no exercicio do poder máximo. Isto resulta, naturalmente, perigoso para a orde mundial.

É certo que ós EE.UU. de América lles corresponde o papel de única superpotencia. Pero despois do tráxico 11 de setembro pasado, tras un sanguinario ataque terrorista que conmocionou a humanidade, o Goberno norteamericano comprobou algo moi importante: que mesmo os EE.UU. xa non son invulnerables, a pesar de que o seu poder económico e militar siga sendo moi superior ó dos demais.

Neste senso, señorías, debe valorarse positivamente que os EE.UU. estean en proceso de cambio da súa política dentro da ONU e demais organismos internacionais. Búscanse alianzas e consensos, e isto é moi positivo xa que a maior superpotencia mundial non debe actuar unilateralmente impondo a súa vontade, senón que debe respecta-la independencia e a soberanía de tódolos estados do planeta. Cómpre rematar, como tamén teño pedido moitas veces, con situacións humillantes de bloqueos e illamentos forzosos, porque estas acaban prexudicando sempre os máis débiles e desprotexidos.

Todos debemos esforzarnos en que o principio rector das relacións internacionais vaia orientándose cara ó diálogo e a un labor máis de conxunto dentro dos organismos competentes e representativos. Nin a confrontación bilateral nin os conflitos armados nin os castigos en forma de embargos económicos son os camiños correctos nun planeta Terra cada vez máis tecnificado e mellor intercomunicado, e tamén, por certo, máis agredido biolóxico e medioambientalmente.

Ó mundo islámico, debido á súa extensión xeográfica, á súa densidade poboacional e ás confrontacións relixiosas, económicas e sociais, tócalle hoxe se-lo maior campo de conflitos da humanidade. Mais cómpre ter moi en conta que polo de agora a iniciativa terrorista só vén tendo eco en sectores do islamismo máis radical. Contra estes sectores integristas, e non contra o conxunto do mundo islámico, polo que persoalmente sinto a maior simpatía e admiración, e ben o proban varias das miñas viaxes, deben interpretarse as accións militares desenvolvidas en Afganistán. Acción que, por certo, nos están presentando —contra os prognósticos dalgun— a uns

EE.UU. especialmente prudentes na súa resposta ós ataques terroristas.

Como anticipiei, señorías, as relacións occidente-mundo árabe xiran, xa de vello, arredor da desconfianza e do conflito entre relixións e modelos de civilización e cultura, cando menos, distantes. Por ámbalas partes témo-la obriga dende occidente e dende Europa, pero tamén dende o Islam, de buscar fórmulas superadoras deses receos.

A recente proposta do ex presidente George Bush de apoia-la creación dun Estado palestino, no medio e medio dun foco de alta conflictividade como é o Oriente próximo, é, ó meu modo de ver, unha desas mensaxes que, aínda que non arranxen a situación inmediatamente, poden axudar a mellora-las cousas a medio e a longo prazo.

-A Europa das comunidades e das culturas

Con referencia a Europa, segue a ser clara a intención de conservar e potenciar unha unidade tan estable e progresiva como se poida, algo que pasa polo respecto e a defensa de tódalas realidades culturais que singularizan o vello continente.

Estamos practicamente xa integrados na Europa do euro; isto indícanos, señorías, que o espírito da unidade no político, no económico, no social e no cultural vai fructificando positivamente. Por certo, recentemente tivémo-la honra de que Galicia e Santiago de Compostela fosen a sede da VIII Conferencia internacional de linguas minoritarias, na que o destacado lingüista francés Robert Lafont definiu acertadamente a diversidade cultural como “unha verdade europea”.

Mais non todas son rosas, tamén hai espiñas; a ferida do conflito dos Balcáns non acaba de pechar ben, e segue gravitando negativamente sobre a idea dunha Europa forte e unida, capaz de resolver por si mesma os seus problemas.

Dende Galicia compartimos unha cosmovisión xenuinamente europea, solidaria cos demais pobos e rexións do continente. Tanto dende a Xunta, a través da Secretaría Xeral de Relacións coa Unión Europea e Acción Exterior, como dende a Fundación Galicia-Europa, renovaremos, no período que comeza, o noso obxectivo dun maior protagonismo na Europa Unida,

para facilitar en todo o posible a participación das empresas e axentes sociais galegos nos intereses europeos.

Nesa liña está a recente constitución do Consello Asesor da Fundación Galicia-Europa, unidade de apoio á institución que ten por finalidade fomenta-lo achegamento da realidade galega, de toda a súa sociedade civil, á realidade europea. Con isto, Galicia aposta por dar maior protagonismo á sociedade civil na construción da Europa Unida.

Os galegos somos unha das máis vellas e sólidas culturas europeas. Achegámo-la nosa forza de traballo no momento de expansión de Europa —moitos fillos dos nosos emigrantes a Inglaterra, a Francia, a Alemaña ou a Bélxica son cualificados profesionais europeos—, e hoxe seguimos contribuíndo ó rico mosaico da Europa unida.

Seguiremos traballando para que o actual Comité das Rexións se transforme nun verdadeiro senado europeo e para que poidamos incrementa-la nosa participación na Comisión Europa e nos seus órganos de apoio.

Neste mesmo senso seguiremos defendendo o dereito a que as comunidades autónomas poidan participar ocasionalmente no Consello da Unión Europea, cando se debatan cuestións que afecten ás posibilidades de accións en favor dos intereses de cada comunidade.

Dentro da política de integración europea merecen especial atención as relacións de Galicia co irmán Portugal. Unhas relacións que van moito máis alá do simplemente político, administrativo e económico; pois, como nos di Luís de Sousa Rebelo, no seu comentario á novela *A Jangada de Pedra*, do Premio Nobel José Saramago —por certo, un excelente coñecedor deste noso país, bo amigo de Galicia—, “*o romance é dos mais castiçamente ibéricos que em português se escreveram, o seu espaço de acção estende-se a toda a Península... E, assim, a nave de pedra, submersa na costa da Galiza, aonde os ventos trazem o eco das solidões marítimas, assinala o mito do fundador*”.

A euronrexión Galicia-Norte de Portugal é a proa de granito da xangada ibérica de Saramago. Nela le-

vamos traballando máis dunha década e a súa posición estratéxica esixe un maior intercambio a tódolos niveis. Intercambio e relación non só limitados á *Região Norte* de Portugal, senón que extensivos á totalidade do territorio luso, como teñen expresado, en máis dunha ocasión, as altas instancias do tan querido país.

-Unha Galicia integrada no Estado das autonomías

En canto a España, pois sendo galegos sentímonos fondamente españois, creo que estamos en condicións de defini-la situación actual dende a perspectiva dun optimismo razoable. Así o confirman as máis actualizadas sondaxes de opinión cidadá, que referendan maioritariamente a confianza outorgada ó equipo de goberno popular que preside José María Aznar. O Partido Popular conserva unha maioría que, sen dúbida ningunha, deriva da xestión eficaz e do benestar evidente.

Enfrontámonos, cada unha das comunidades e rexións que integran o actual Estado das autonomías, cunha realidade múltiple e distinta, complexa e tamén, por qué non, ilusionante. Unha realidade que nos obriga a ser solidarios e a permanecer firmemente unidos fronte á máis terrible lacra do noso tempo: o terrorismo.

Para isto non hai aínda, por desgracia, solucións inmediatas. Non temos remedios que poidan poñer un punto e final definitivo á barbarie dos que exercen a violencia pola violencia, xa nin sequera no nome de ideas disgregadoras; dos que matan por matar; dos que se apoian nas liberdades do Estado de dereito para asasinar, para secuestrar, para chantaxear, para manter unha latente situación de inseguridade e terror na cidadanía.

Mais non todo é negativo. Existen sombras, pero tamén luces esperanzadoras. Co recente acordo político dos Quince sobre a definición do terrorismo, o conxunto da Unión Europea disporá moi pronto de mecanismos que eliminen os lentos procesos de extradición, deixando a porta aberta para que moi pronto, o próximo 14 de decembro, no Consello Europeo de Laeken, se aprobe unha lista de organizacións terroristas, entre as que está previsto que figuren algunhas do ámbito de ETA que participan na famosa *kale borroka*.

Cando reaffirmamos de forma explícita o noso compromiso con Galicia como nacionalidade histórica temos tamén que confirmar, repito unha vez máis, o noso orgullo como españois e como cidadáns europeos plena e historicamente integrados en España. Somos galegos e non renunciamos a nada, porque sendo españois servimos á nosa Galicia e a España por igual, da mesma maneira.

No plano interior quero expresar, señoras e señores deputados, perante este Parlamento, a nosa satisfacción polo novo modelo de financiamento autonómico que incrementa substancialmente os nosos recursos e a nosa capacidade de decisión. Capacidade que utilizaremos, con firmeza e austeridade, para darlle unha maior dimensión social ó noso sistema tributario.

Neste senso, e facendo uso da capacidade normativa sobre os impostos cedidos que ten Galicia, temos pensado presentar nesta Cámara unha proposta de exención total de tributación efectiva á transmisión *mortis causa* da empresa individual, que será tramitada a través da Lei de acompañamento dos presupostos xerais da Comunidade Autónoma para o 2002.

Esta medida poderá levarse a cabo nos seguintes supostos:

Primeiramente, terá que tratarse de empresas de “reducida dimensión”, entendendo por isto a definida no artigo 122 da Lei do imposto de sociedades, que abarca na actualidade a aquelas empresas que teñan un importe neto de cifra de negocios inferior a tres millóns de euros, e que se ampliará a cinco millóns de euros a partir do 1 de xaneiro de 2002.

En segundo termo, a empresa individual, o negocio profesional e as participacións en entidades terán que estar exentas do imposto sobre o patrimonio.

En terceiro lugar, o adquirente ten que manter no seu patrimonio a adquisición por un prazo superior a cinco anos.

En último lugar, como é lóxico, o domicilio fiscal da empresa ten que estar na Comunidade Autónoma.

Quixera referirme tamén a outra proposta formulada na campaña electoral, dirixida a defende-la pervi-

vencia da empresa agraria. Para iso, establecerémo-la exención do imposto de transmisións *mortis causa* —imposto de sucesións—. Esta exención estará destinada ás transmisións por herdanza, sempre que o causante teña a condición de agricultor profesional e que o herdeiro manteña a explotación durante, alomenos, os cinco anos seguintes; considerándose o causante agricultor profesional cando obteña beneficios dalgunha actividade complementaria definida na Lei de modernización de explotacións agrarias. Esta exención pensamos incluíla tamén na Lei de acompañamento dos orzamentos xerais de Galicia para o vindeiro exercicio.

Galicia debe pecha-lo seu ámbito competencial nesta lexislatura, e coas transferencias necesarias para facer máis racional o modelo de distribución de competencias.

Tamén aproveito, señorías, para reiterar, coa maior énfase posible, as miñas propostas ben coñecidas de reforma do Senado, da creación da Conferencia de Presidentes e do Consello Económico e Social na parte que aínda non se desenvolveu. Manteño e reitero aquí, unha vez máis e cantas sexan necesarias, as miñas propostas, compartidas por outros moitos mandatarios autonómicos, de que o actual Senado pase a ser unha auténtica cámara de representación territorial. Para retomar aquela ou outra proposta semellante, penso, coa maior lealdade, que sería moi necesario o consenso dos grandes partidos políticos, e, sobre todo, un novo clima para adecua-la proposta ó momento actual. Pero tamén sei que mentres que non exista o indispensable consenso constitucional resultará moi difícil avanzar nesa dirección.

-Lingua e cultura, alicerces da autoidentificación e do galeguismo popular

A lingua galega, fala propia de noso, idioma romance fillo do latín, creación xenuína do pobo, cerne da nosa literatura, é, en xusta definición do inesquecible Ramón Piñeiro, “a verdadeira forza espiritual que lle brinda unidade interna á nosa comunidade social... A terra e a lingua son as dúas raíces máis fondas do pobo galego”. Fin da cita de don Ramón Piñeiro.

Foi Frei Martín Sarmiento, extraordinaria figura do século XVII ó XVIII e á que se lle dedicará o próximo ano o Día das Letras Galegas, autor do coñecido

*Onomástico etimológico latín-galego...*, entre outros moitos escritos sobre o galego, quen nos transmitiu, nas súas *Memorias para la historia de la poesía y poetas españoles*, a famosa cita do Marqués de Santillana, recoñecéndolle á fala galega a máis alta categoría literaria na Idade Media: “... *no ha mucho tiempo, cualesquier decidores, ó trovadores de estas partes, agora fuesen castellanos, andaluces, ó de la Extremadura, todas sus obras componían en lengua gallega...*”

Polo tanto —e sen ningún ánimo de polémica—, eu, que aprendín as primeiras palabras e expresións nesta fala marabillosa directamente dos labios dos meus devanceiros da Regueira, en Regoaveso, unha aldea da chaira de Lugo, creo sinceramente na pervivencia e no futuro da lingua galega como instrumento válido de comunicación e de cultura para enfrontarnos ós retos do século XXI; iso si, se nós mesmos empezamos por respectala.

Sei moi ben que cómpre redobrar esforzos para que o galego avance cada vez máis, por amplos vieiros normalizadores. Pero considero tamén que o castelán que actualmente se fala en Galicia, o de Valle-Inclán, o de Torrente ou o de Cunqueiro, debe ser considerado como unha riqueza para todos nós, e non como unha lingua allea ou imposta.

O profesor Johannes Kabatek, alumno do gran filólogo Eugenio Coseriu, tense ocupado no seu traballo *Os falantes como lingüistas* do importantísimo papel reservado á sociedade na constitución dunha lingua común, é dicir, dun galego culto. Neste senso, eu quixera, señoras e señores deputados, facer unha cordial chamada ós falantes e ós non falantes, a tódolos galegos, pensen como pensen e veñan de onde veñan, para que aumenten a súa concienciación sobre a importancia do uso da nosa lingua e o respecto por ela.

Para iso é fundamental unha correcta información e unha política lingüística flexible que cumpra plans e logre resultados, sen imposicións de ningún tipo. Considero que debemos de traballar todos unidos, empezando pola Xunta, achegando novas ideas e proxectos ó actual proceso normalizador, facendo especial fincapé nun maior emprego do galego por parte dos medios privados de comunicación, orais e escri-

tos, e na imprescindible confluencia da lingua galega cos novos soportes e medios tecnolóxicos.

Señoras e señores deputados, nesta liña, non na da confrontación nin na das ameazas de guerra lingüística, estou disposto, eu o primeiro, a que na lexislatura que comeza avancemos un longo treito autoidentificador para a defensa e a promoción, interna e externa, da nosa lingua, a lingua galega. E co gran Álvaro Cunqueiro, inesquecible e admirado amigo, digo e afirmo que “o noso santo e a nosa seña, o noso sinal, o sinal da santa cruz galega, haberá de ser sempre a lingua que falamos”.

Todos sabemos que o pobo galego posúe unha cultura de seu. Unha cultura que forma parte substancial da propia identidade, que foi quen de acumular, ó longo dos séculos, un riquísimo e variado patrimonio, e que segue a producir hoxe magníficas manifestacións creativas que transcenden máis alá da nosa realidade. Unha cultura que comparte o contexto hispánico, ó que pertencemos por historia, e o mundo de expresión portuguesa, ó que estamos fortemente vencellados. Unha cultura occidental e europea, iberoamericana e universal.

Os galegos estamos orgullosos, pois, da nosa cultura, hoxe fondamente asentada nas súas raíces, aberta, libre e plural; e queremos que siga así, como referencia viva e constante dos novos horizontes polos que nos toca transitar.

A cultura galega, por outra parte, evolucionou, señorías, sobre todo na última década, dende posicións de resistencia ata a súa capacidade actual para medrar e crear espacios propios dentro da sociedade da comunicación.

Vivimos tempos nos que o capital cultural é unha das forzas máis cobizadas para as economías desenvoltas. Na actual “era do acceso”, ou tamén chamada “nova fronteira económica”, será onde a cultura galega leve a cabo a súa definitiva integración, contra o que algúns pensan, porque abrir portas é sempre dar saídas.

O labor de apoio, salvagarda e promoción dos valores tradicionais da cultura segue a ser imprescindible. Mais hoxe é imposible disociar a pervivencia dunha vella e fructífera cultura como a nosa da súa



capacidade para adaptarse e abrir novos campos. Os nosos valores culturais de sempre, aqueles que nos identifican como galegos, teñen agora a importancia e mesmo diría indispensable continuidade na industria da cultura e do ocio. Un sector dinámico que está a converterse nun dos vectores do desenvolvemento de Galicia e que nos permite, ó mesmo tempo, proxectármolos cara a novos escenarios e mercados.

Os retos de renovación e de cambio cultural xa están presentes entre nós; por exemplo, nos museos, que deixaron de ser salas de acumulación de materiais para convertérense en espazos vivos e cheos de actividades; ou nalgunhas bibliotecas, que ofrecen os seus servizos durante as horas da noite; catalizadores máis que evidentes da transformación deste país.

Señoras e señores deputados, eu son consciente de que debemos abrir un gran debate no seo da cultura galega. Este é o momento e estamos dispostos a impulsalo canto antes. Pola nosa parte, intentaremos que sexa un debate serio e achegador, de renovación e de vangarda, para a paz e a creatividade; contamos para iso con tódolos colectivos implicados que queiran colaborar, nós non excluímos a ninguén. Neste novo abrente cultural, neste novo rexurdimento, considero que non hai lugar nin para vellas e caducas retesías nin para vaidades personalistas.

A Unión Europea cando fala de industrias culturais considéraas un conxunto de ámbitos singulares nos que se inclúen actividades relacionadas co patrimonio, coa literatura, coa prensa, coa música e a danza, co audiovisual, coas telecomunicacións, coas artes escénicas e teatrais, co turismo, coa produción científica e con todo aquilo que signifique renovación creadora.

A conciencia histórica do noso pobo, a conciencia galega, é un longo proceso que comeza pola descuberta da personalidade colectiva e que vai enchendo todo o devir histórico de Galicia. Nesa dirección é onde cómpre interpreta-lo concepto de autoidentificación; termo que veño empregando dende os anos noventa e que debe entenderse como o que é, unha achega de cara ó presente e ó futuro do pensamento galego. Quixera aclarar, sen embargo, que a autoidentificación da que eu veño falando e escribindo non é, como algúns afirmaron, unha “antinomicidade” para an-

tepor ó principio, obsoleto e caduco por insolidario, da autodeterminación. Reitero, pois, que nada ten que ver unha cousa coa outra.

Concibímo-la autoidentificación como unha tarefa inacabada, un principio que hai que reelaborar constantemente, contrastalo día a día, xa que, etimoloxicamente, autoidentificarse é te-la capacidade suficiente para recoñecerse no propio ser, no propio perfil. Autoidentificación é un esforzo constante de afirmación na personalidade espiritual e colectiva do pobo galego, dende dentro del mesmo.

Galicia, como todos vostedes saben, señoras e señores deputados, é unha comunidade humana ben definida, con cultura e lingua de seu, que vén exercendo, como consecuencia da transición española e dende a promulgación da actual Constitución e do noso Estatuto de autonomía, un autogoberno que comezou sendo feble e limitado e que hoxe conta con institucións propias consolidadas que garanten o seu futuro.

Está claro, señorías, que a autonomía galega debe aspirar a máis. Pero todo ese impulso autonómico dependerá do noso traballo, do noso compromiso e do noso peso específico, tanto na España das autonomías, da que formamos parte, como na Europa dos pobos e das culturas, na que cada vez máis representamos e estamos mellor representados. Pero isto ou se cre ou non se cre. Non pode ser só un pretexto, un tópico. Toda adaptación camaleónica do noso autonomismo acaba vindo abaixo, porque o noso pobo distingue moi ben entre a simulación interesada e o auténtico autonomismo.

A Constitución de 1978, da que me honro en ser un dos membros da ponencia que levou a cabo a súa redacción, foi quen de artellar, nun momento de grande tensión política e social, fórmulas válidas para todos –e que aínda poden durar por moito tempo–, principios flexibles e perdurables para que as tres nacionalidades históricas e o resto das rexións reafirmasen a súa integración nunha España común pertencente á Europa unida. Galicia convértese así, sen necesidade de rupturas nin de confrontacións entre irmáns, utilizando a clásica terminoloxía de Jellinek, nun “fragmento do Estado”.

Recoñecémonos, é dicir, autoidentificámonos, señoras e señores deputados, como o que somos: unha

nacionalidade histórica autónoma con amplas competencias e pleno exercicio do autogoberno. Polo tanto, os resultados electorais confirman que a maioría dos cidadáns galegos non queremos autodeterminación nin soberanía nin independencia; queremos, iso si, verdadeira autonomía.

A comezos do século XIX, Hegel —a quen me permito situar entre os máis grandes filósofos da humanidade, e sobre todo na filosofía da historia— reparou no problema da integración alemá, daquela aínda sen completar. Respondía así, o grande pensador, a un proceso histórico que comezaba daquela e que concluiría, século e medio máis tarde, coa definitiva constitución do Estado alemán. Non era fácil acertar co concepto máis axustado, pero Hegel achouno na palabra *aufhebung*, que significa integración dun grupo social dentro doutro maior, para evitar precisamente así a súa desaparición, a perda das súas características.

Isto é algo que historicamente temos moi claro os galegos; aínda que algúns aínda non o entendan. A amplísima maioría de nós responde positivamente diante da *aufhebung* de Galicia en España. Para sermos galegos de verdade non temos necesidade ningunha de renunciar a ser españois; do mesmo xeito que para ser cidadáns europeos tampouco debemos renegar da nosa condición de galegos e de españois.

Resumindo, señoras e señores deputados, chamamos autoidentificación ó dereito que cada galego ten de asumir todos e cada un dos elementos que conforman a súa propia identidade; dende a lingua e a cultura ata os símbolos propios: bandeira, escudo e himno.

Certo é que quedan aínda treitos autoidentificados por andar; mais esta é a propia dinámica do concepto. E tampouco sería xusto non recoñecer que xa temos avanzado un importante camiño nesa liña de integración e de reforma que tan bos resultados está dando no noso país. Dicar isto aquí non é fachenda nin pedantería ningunha, pertence ó campo da máis pura realidade.

“Galicia é un feito no camiño da historia; unha obra de Deus; un froito fermoso e celmento da natureza; unha realidade que ningunha lei dos homes poderá nunca desfacer.” Esta cita, que resume nun fermosísimo e breve pensamento páxinas e páxinas po-

sibles sobre a identidade e o futuro, pertence a un dos pais do mellor galeguismo, a Antón Losada Diéguez, figura singularísima das Irmandades da Fala, animador e activo participante nas primeiras tarefas da “Xeración Nós”. Losada Diéguez constitúe un exemplo de compromiso e de entrega a Galicia.

Foi precisamente en nome dese galeguismo intachable, que practicaron e enriqueceron homes como Losada Diéguez, no que centos de milleiros de galegos, identificados co programa do Partido Popular de Galicia, medraron en conciencia e responsabilidade política.

Resulta innegable o recoñecemento, por parte da maioría dos cidadáns deste país, dunha meirande autoestima, do orgullo de sermos e de sentírmonos galegos; unha forza interior que transcendeu os límites da Galicia territorial e que chegou ás máis afastadas comunidades da diáspora, ó inmenso territorio da galeguidade. Será, pois, na confluencia do centrismo liberal co rexionalismo máis avanzado de Brañas e de Murguía, e no marco federalizante da actual España das autonomías, onde tome corpo un galeguismo maioritario e autoidentificador, un galeguismo cunha forte implantación social: o galeguismo popular. Un galeguismo fundamentado no recoñecemento da personalidade propia a tódolos niveis, unha práctica política renovadora e capaz de dar resposta ós desafíos da sociedade do século XXI; un movemento integrador e solidario que non renuncia a nada e que aspira a todo.

A sociedade galega non é politicamente inxenua nin facilmente manipulable. Despois de máis de vinte anos de practicar civicamente a democracia e a autonomía, ofende gravemente ó pobo galego no seu conxunto quen menosprece a capacidade política dos cidadáns deste país, ou dos emigrantes que exercen o seu voto con moito esforzo e completa liberdade.

O pobo galego sabe moi ben quen é cada quen, e estou seguro de que seguirá apostando, no futuro, por un exercicio permanente e autoidentificador da autonomía e por unha praxe política galeguista e popular.

-A sociedade da información e do coñecemento

A nova sociedade da información e a era dixital, no seu imparabile desenvolvemento, implican hoxe unha tendencia á integración e á converxencia, tanto

das tecnoloxías como dos sistemas. Vexamos pois, as opinións de tres destacados ensaístas que teñen reflexionado sobre a integración da nova sociedade.

Para Sultan Kermally, por exemplo, economía e sociedade significan hoxe a oportunidade e a necesidade de combina-los factores tradicionais —traballo, capital e empresa— cos de competencia, expansión e coñecemento. Estes factores implican un gran dinamismo, ata o punto de que fan varia-lo concepto de “vantaxes comparativas” polo de “vantaxes temporais”. O economista norteamericano Charles H. Fine, en cambio, utiliza as leis xenéticas da transformación das especies como metáfora da evolución das organizacións e a sociedade. Trata de explicar este autor a necesidade que ten a sociedade actual de estar en permanente actitude de innovación e adaptación para vencer-lo reto da transformación que lle impón o mundo globalizado.

E, por último, citarémo-las opinións de Tom Peters, economista e sociólogo que se ten manifestado sobre a importancia, no actual proceso social, dunha maior axilidade e capacidade de resposta instantánea, algo que prima sobre a cuantificación e a forza.

Converxencia e integración son, señoras e señores deputados, os camiños escollidos polas empresas máis dinámicas e de maior suceso do mercado galego. Falemos de Zara, Pescanova, Pharmamar, Coren e de tantas outras que entenderon a converxencia do local e o global, único xeito de adaptarse e de facerse máis cosmopolitas.

A información e o coñecemento son, pois, señorías, instrumentos estratéxicos para calquera sociedade. A suma destes bens dificilmente tanxibles axuda a conforma-lo capital e a riqueza intelectual dunha sociedade. O concepto da sociedade da información ten xa máis dun cuarto de século e os seus efectos reais son cada vez máis evidentes no mundo de hoxe. O futuro desenvolvemento da sociedade da información é un auténtico reto para a economía e para a sociedade. A innovación e as novas tecnoloxías de acceso á información dependen, nunha gran medida, dos medios dispoñibles, pero tamén é fundamental a vontade política. Referímonos ás infraestructuras de acceso e de produción de contidos.

Con respecto a isto, é imprescindible a actitude positiva das administracións e de toda a sociedade diante da innovación, pois trátase de infraestructuras que representan unha fonte constante de emprego e de riqueza. Infraestructuras imprescindibles para o impulso da sociedade da información.

Aproveito, señoras e señores deputados, para anuncia-lo compromiso de elaborar un Plan director de telecomunicacións que impulse a extensión da banda ancha —hoxe xa a temos moi avanzada— a todo o territorio galego, e que favoreza a articulación das redes especializadas e das tecnoloxías dixitais. Tamén son esenciais infraestructuras telemáticas e físicas doutro carácter, para combinalas e converxer co decidido impulso que estamos dando, dende a Xunta de Galicia, á industria dos contidos e da cultura en xeral.

Está claro que as tecnoloxías da información son as que marcan o ritmo, a forma e ata o fondo de moitas decisións e tendencias sociais. Polo tanto, o verdadeiro reto é hoxe a comunicación, a conectividade e a capacidade de crear contidos propios para seguir construíndo, sobre sólidas bases, a sociedade galega do século XXI.

Gracias á banda ancha, a era dixital será realidade nos nosos fogares e lugares de traballo. Así, o cidadán terá acceso directo ós diversos departamentos da Administración para arranxa-los seus asuntos dende o seu propio ordenador. Todo o mundo reconece agora que Galicia vén sendo pioneira en materia de telecomunicacións dende comezos da década dos noventa, e é bo que isto se reconeza.

Cómpre lembrar aquí que o hipersector —pois así hai que chamalo— das telecomunicacións, a comunicación e a electrónica, acadou no pasado ano case 11 billóns de pesetas de facturación en toda España, equivalentes ó 10% do PIB, cunha taxa de crecemento superior ó 20%, segundo datos da Asociación Nacional de Industrias Electrónicas e de Telecomunicacións.

Recentemente, a Unión Europea resaltaba o papel estratéxico das telecomunicacións para o avance e o impulso cultural. As telecomunicacións deben ser entendidas, pois, moito máis na nosa Galicia, como un espacio de actividade con gran capacidade de consti-

tuírse en elemento de expansión e difusión da identidade cultural.

É necesario para a plena integración na nova economía, contar cunhas estruturas tecnolóxicas e productivas adecuadas, e, ó mesmo tempo, crear un clima social favorable á súa implantación e ó seu avance. Para acadar este desenvolvemento, imprescindible para que Galicia non perda o tren da modernidade, como nos pasou, por desgracia, na revolución industrial, seguiremos traballando en medidas concretas que resumimos en: un máis baixo custo de acceso a Internet, uns mercados de bens e servicios máis flexibles, fomento do capital-risco e apoio ó investimento en I+D, ou, se se quere, en I+D+I.

A investigación e o desenvolvemento tecnolóxico seguen estando, pois, entre as nosas prioridades para este ciclo que se abre, non só no referente a iniciativas que obviamente corresponden á Administración autonómica e ás nosas tres universidades, senón tamén tratando de implica-las empresas privadas, estimulándoas e impulsándoas para que aumenten a súa competitividade.

Para a sociedade galega e o seu tecido productivo, neste primeiro treito do século XXI, a nova economía representará unha dobre oportunidade con respecto a outras comunidades máis desenvolvidas, tanto de España como de Europa. Dobre oportunidade representada polo efecto tecnolóxico, ó que deberán estar unidos competencia e flexibilidade, coa vantaxe de que poderemos incrementar estes aproveitamentos nun momento marcado pola converxencia monetaria e económica da Unión Europea a partir do próximo mes de xaneiro.

A nova economía, asociada ó choque positivo da produtividade que supón a incorporación das tecnoloxías da información e da comunicación, é un factor clave para alcanzar un crecemento sostido. Internet, a “rede de redes”, é unha factoría mundial de constante creación de contidos. Son miles e miles de páxinas *web* as que se manexan día a día, e todos sabemos que existen xentes sen escrúpulos que utilizan esta posibilidade de Internet para viola-los dereitos fundamentais das persoas e da sociedade democrática. Polo tanto, penso que é bo sumarnos ás voces que dende diversas partes do mundo reclaman un código deontolóxico,

amplamente consensado para que teña credibilidade e que permita o seu emprego na configuración dos contidos da “rede de redes”.

En canto a apoio ás empresas da comunicación, a Xunta está elaborando un estudio que ofrezca posibilidades de reciclaxe técnica e de adaptación ás novas tecnoloxías. O noso obxectivo neste sector é que non se perdan cabeceiras da prensa diaria, semanarios, prensa local e comarcal, nin emisoras de radio nin canles de televisión local.

Abordada esta rápida visión da consolidación e avance das novas tecnoloxías en Galicia e da súa integración e converxencia na sociedade, interésame salienta-la importancia e a necesidade de que o noso país siga plenamente identificado coa imparabile traxectoria da sociedade do coñecemento; todo isto, claro é, sen perde-la perspectiva da nosa historia, partindo do local ó global e do propio ó cosmopolita.

Necesitamos, xa que logo, manter e aumentar aquí en Galicia o clima de dinamismo e de innovación científica, tecnolóxica e empresarial acadado ó longo dos últimos anos. A sociedade galega posúe unha extraordinaria capacidade de traballo e un contrastado espírito de renovación. Dende esta fisterra europea e universal, faremos que o coñecemento siga sendo o gran potencial da sociedade do terceiro milenio.

#### UNHA NOVA ERA QUE COMEZA

Ata aquí, señoras e señores deputados, chegou a miña exposición das grandes liñas mestras nas que se fundamenta a teoría e a praxe política que caracterizan as accións de goberno do Partido Popular de Galicia. Paso agora a desenvolve-las novidades máis salientables nos distintos agrupamentos sectoriais do que será o meu cuarto mandato á fronte da Xunta. Obviamente, e para non cansa-las súas señorías con repeticións innecesarias, non farei unha pormenorizada análise das *Mil propostas para o futuro de Galicia*. Propostas que constitúen o noso programa electoral, que vostedes xa recibiron, e que, por suposto, imos materializar ó longo desta lexislatura, ampliadas nos 20 libros brancos que xustifican e noutras publicacións que, como saben, a Xunta promoveu, feitas dende a sociedade civil, como o famoso libro *Galicia 2010*.

Quero reafirmar, iso si, algo que considero fundamental: esta lexislatura non é o remate dunha etapa política, senón o inicio dunha nova era para Galicia.

A nosa comunidade ten acadada, con vinte anos cumpridos de exercicio da autonomía, e cando comeza a súa sexta lexislatura, a plena maioría de idade política.

Atrás, pero moi presentes, quedan os esforzos e as ansias de varias xeracións: os precursores provincialistas de 1840, con Romero Ortiz, Neira de Mosquera, Francisco de la Iglesia e Alfredo Vicenti —con razón recordado estes días—; as voces de Antolín Faraldo e dos seus compañeiros de 1846; os firmes acentos de Alfredo Brañas e Manuel Murguía; o tempo das Irmandades, con Antón Vilar Ponte, Vicente Viqueira e Antón Losada Diéguez; o Partido Galeguista de Vicente Risco e de Castelao...; e moitos outros galegos, bos e xenerosos, homes e mulleres, que entregaron todo pola súa terra, en Bos Aires, na Habana, en México, en tantos outros sitios e, por suposto, na nosa propia terra. Reitero hoxe aquí, señorías, o meu compromiso de entregar tódalas nosas enerxías en facer realidade, coa axuda dun equipo competente, o proxecto que, en continuidade do esencial de todos eles, temos para Galicia.

#### -Goberna-la globalización

Considero oportuno unha pequena reflexión arredor do fenómeno globalizador e da realidade galega.

Guste ou non guste, o único acordo básico sobre a globalización é a súa irreversibilidade. Ou determinamos corta-los teléfonos e as redes ou haberá globalización dun xeito ou doutro. Tódolos demais aspectos directos ou conexos permanecen abertos ó debate. Debate que, nalgunha ocasión, ten chegado a graves e violentos conflitos, sempre inútiles, como sucedeu en Seattle ou en Xénova.

Sobre as repercusións deste fenómeno preséntanse a medio e longo prazo múltiples interrogantes: ¿existe a capacidade política necesaria para controlalo proceso?, ¿coincide ou non a globalización co modelo capitalista de libre mercado?, ¿pode produci-la globalización consecuencias tan imprevisibles que leven a unha “loita de civilizacións”?, e un longo etcétera.

Son múltiples as respostas posibles. Nembargantes, señorías, creo que é máis doado enfrontarnos a este tema dende a base da nosa proxección na España das autonomías e no movemento rexional europeo, espazos que poden actuar de correctores, en certo grao, do proceso globalizador. E, dende logo, diante dos agoireiros que pregoan a desaparición do Estado por culpa da globalización —e díxo un que escribiu hai anos un libro que se chama *Crise do Estado*—, os que temos dedicado algún tempo ó estudo e á análise da teoría do Estado estamos plenamente convencidos de que, unha vez máis, os agoireiros de *turno*, se equivocan. O Estado, señorías, é un enfermo ó que algúns quixeran enterrar axiña, pero en verdade é un enfermo cunha saúde de ferro. E engadíra: e que Deus Ila conserve.

Certo é que unha parte dos desacougos que esperta a globalización ten que ver coa lóxica prevención que todo cambio produce. En efecto, a historia social adoita ter como fío conductor, segundo pensadores da categoría de Spencer, Parsons ou Durkheim, a relación dialéctica entre orde e cambio. Eu estou seguro, señoras e señores deputados, de que o actual enfrontamento entre globalizadores e antiglobalizadores terá, nun futuro próximo, un punto de superación positiva, o que xa empeza a definirse como “goberna-la globalización”, e organiza-lo que é inevitable.

O que está claro é que nun planeta onde o 20% da poboación segue gozando do 85% dos bens calquera aspiración que encubra a eficiencia asignativa do mercado coa equidade distributiva —como as que establecen, por exemplo, Alain Touraine, Jean Daniel, Gabriel Jackson e outros—, pode que sexa ben intencionada, pero a súa aplicación resultará case imposible no mundo no que nos toca vivir.

Outro tanto ocorre cos posicionamentos a favor, sen máis, de Francis Fukuyama, Samuel Huntington e Lawrence Harrison, que, aínda que feitos dende distintos enunciados, se ven hoxe superados pola propia voracidade globalizadora.

En cambio, existe un pensamento liberal humanista, que eu comparto, e que, representado por autores como Wilhelm Röpke ou Von Hayek —recentemente desaparecido—, os chamados *economists cum philosophers*, considera que as solucións verdadeiramente

te decisivas haberá que buscalas máis alá da oferta e da demanda. Este camiño humanista é para min o máis acertado con respecto á globalización, o que mellor lle acae ó modelo centrista liberal.

Nesa mesma liña humanista cabería interpreta-los postulados da Unión Europea en resposta ós acontecementos do 11 de setembro en Nova York e Washington. A avaliación do seu impacto económico faina a Unión Europea a través dunha interesante directiva contra o mal uso dos mercados de capitais e dunha modificación da norma sobre o branqueo de diñeiro, entre outras medidas.

O certo é que estamos no que se vén chamando “novo mundo”, resultado de tres procesos converxentes: primeiro, a revolución das tecnoloxías da información; segundo, a revisión do papel do mercado e do Estado; e terceiro, a aparición de novos movementos sociais, que, máis que a loita, buscan a integración xusta.

Galicia está integrada hoxe, gracias ó esforzo infraestructural que levamos feito, neste novo mundo ou “nova fronteira”. E trataremos, señoras e señores deputados, de incardinala moito máis na mesma dirección, de tal xeito que a transición —como chamaría un gran sociólogo alemán— do *gemeinschaft* ó *gesellschaft*, da comunidade á sociedade inevitable do mundo máis aberto e con maiores movementos da poboación, sirva para aproveitarnos dos beneficios da globalización e para minimizar a un tempo os seus custos.

Así, seguindo o vello argumento de David Ricardo, confirmado unha vez máis por recentes informes da OCDE, as economías máis abertas medran máis cás pechadas (espero que leran todos estes días con satisfacción o grao de apertura ó que chegamos —impresionante— nos últimos dez anos). Outra cousa é a converxencia internacional, que, desgraciadamente, non adoita darse a un tempo.

Haberá que estar tamén moi atentos ós fenómenos de deslocalización industrial que poden chegar por causas da nova distribución mundial do traballo ou polo *dumping* social, entre outros riscos.

Para todo isto, o papel das institucións supranacionais, do tipo da OMC, será determinante. A min paré-

came evidente tamén a necesaria revitalización da imaxinación politolóxica para deseñar “novas institucións” destinadas ós novos tempos que se aveciñan. (...) e que as multinacionais que teñen delegacións na nosa terra sexan as máis punteiras, como ocorre con Citroën. Iso é o que as mantén.

Imos seguir potenciando, xa que logo, a autoestima creadora galega, para desenvolvérmonos con máis capacidade de acción na “nova fronteira”; evitando así as tentacións autoproteccionistas e actuando dentro dun clima de estabilidade macroeconómica como a vixente.

Señorías, a sociedade galega no seu conxunto deberá interiorizar, para seguir avanzando, que o coñecemento constitúe a principal fonte das nosas vantaxes competitivas, ou o que é o mesmo —e parafraseando outra vez a Adam Smith—, que a riqueza dos países non chega tanto polos seus recursos materiais como pola creatividade dos seus cidadáns.

#### -Claves político-económicas

Está claro, despois do dito, que a política económica galega estará condicionada polo fenómeno global. Non é posible falar de desenvolvemento económico se non partimos dunha sociedade formada, aberta, estable, xusta e solidaria na que a calidade de vida non sexa un concepto baleiro senón unha realidade viva e estable.

Galicia foi, por moitas e distintas causas, unha comunidade subdesenvolvida e cun evidente atraso económico con respecto a outras rexións españolas; atraso que obviamente se multiplicaba na comparanza europea. Illamento, déficits infraestructurais, emigración e outros factores foron configurando a imaxe dunha terra pobre e incapaz de mante-los seus propios fillos.

Hoxe, felizmente, podemos dicir que basicamente as cadeas que freaban o noso desenvolvemento están rachadas. Practicamente superada a etapa da aposta infraestructural, Galicia está en condicións de elevalo nivel da súa sociedade para equiparala, en tempo razoable, ó resto de España e da propia Europa. Acelera-lo proceso de converxencia social con España e con Europa será, pois, o noso obxectivo máis inmediato. Queremos unha plena integración na

cohesión europea, que se traduza nun maior benestar social, en maiores cotas de riqueza e en máis e mellores empregos.

Se nos últimos anos conseguimos un crecemento do produto interior bruto per cápita, pasando do 57,3% respecto da media europea ó 64%, o noso obxectivo será lograr que no 2015 este valor se achegue ó 90% da media española e ó 80% da media europea, cunha taxa de desemprego arredor do pleno emprego. Verían que estes días por primeira vez a nosa taxa de desemprego é máis baixa que a media española. Isto esixiu acelera-lo diferencial de crecemento con respecto a España e Europa, en valores arredor do 0,7% e do 1,5%, respectivamente, de media de taxa anual.

Señorías, todos coñecemos-la complexidade do plano económico internacional, especialmente a partir do 11 de setembro, coa ralentización do crecemento que a curto prazo se estaba producindo nas economías mundial e europea. Isto esixirá que Galicia extreme as súas potencialidades e consolide unha nova estratexia, pasando dun modelo de promoción económica, baseado na dotación de factores productivos, a un modelo máis centrado na innovación e no investimento.

Trátase de brindarlle un novo protagonismo á iniciativa privada, un novo esquema económico e social no que o sector público substitúa a función interventora pola función impulsora; ordenando así a política económica a favor dos motores do crecemento e tendo presente o obxectivo de desenvolvemento equilibrado entre os aspectos productivos e os sociais, incidindo igualmente nas chamadas “políticas de ambiente” e definindo dentro delas os proxectos que se poden chamar “nucleares”.

As grandes prioridades serán a defensa do Estado do benestar e a redefinición das políticas de xestión orzamentarias, non só para aumenta-la eficiencia no uso de recursos públicos, senón tamén para deseñar un novo enfoque de cooperación institucional entre os distintos niveis das administracións públicas e baixo o prisma do máximo respecto pola sociedade civil, á que servimos.

Vólvese necesaria unha filosofía orzamentaria que se afaste da técnica incrementalista e que poña o maior énfase posible nas políticas públicas e na súa instrumentación a través dos distintos programas de

gasto, articulando, así mesmo, un novo sistema de control orzamentario que permita segui-la evolución dos proxectos de gasto e detecte as posibles desviacións.

#### -Emprego e formación profesional

Antes de analiza-las políticas económicas sectoriais, referireime brevemente á formación profesional e á política de emprego como instrumentos horizontais que van ter notable incidencia en todas e cada unha destas políticas sectoriais.

Reitero o exposto no noso programa electoral: a formación profesional terá a máxima prioridade para nós, e, neste senso, integramos de forma equilibrada os tres subsistemas actuais no marco do novo Plan galego de formación profesional.

En canto á política de emprego, a estratexia cara ós próximos catros anos continuará na liña de promoción do emprego estable, de apoio integral ós emprendedores, de mellora da empregabilidade dos demandantes e de atención específica ós colectivos con máis dificultades de acceso: a mocidade, as mulleres, os parados de longa duración e os discapacitados.

Aproveito, pois, esta inmejorable ocasión para ofrece-la nosa sincera disposición a alcanzar máximos niveis de concertación e acordo —e dígoo máis unha vez— cos interlocutores sociais e políticos. Quixera que este ofrecemento e esta chamada ó diálogo e á negociación por parte do Goberno da Xunta fosen interpretados dende a seriedade e responsabilidade que merecen acordos en materias de clara incidencia social, como a formación profesional, o fomento da estabilidade laboral, o desenvolvemento rural, a saúde laboral, o emprego xuvenil, a exclusión social e outras situacións deste tipo.

A loita contra o paro xuvenil foi constante durante a pasada etapa, como demostra o feito de que hoxe haxa 23.000 mozos parados menos que en 1997 —uso este ano de referencia porque foi o ano da transferencia das políticas activas de emprego—. Isto supón unha diminución nestes catros anos dun 37%. Pero tamén é certo que hai preto de 39.000 desempregados galegos menores de 30 anos e que un número importante deles aínda agardan polo primeiro emprego.

As estatísticas e o seguimento dos procesos máis habituais de inserción laboral dos mozos amosan que a maior dificultade para a xuventude se concentra no momento en que se incorporan á vida laboral. Estes mozos non teñen experiencia e unha vez que atopan traballo desempéñano durante un tempo razoable, pero continúan as súas dificultades para manterse ocupados.

Por iso asumimos e mantémo-lo compromiso da campaña de pór en marcha un conxunto de actuacións para que cando remate a presente lexislatura ningún mozo galego sen experiencia laboral permaneza máis de seis meses na procura de emprego. Antes de acadar este límite, a Xunta de Galicia garantiralle un contrato laboral dunha duración mínima dun ano.

A expectativa creada na nosa sociedade por esta iniciativa do Partido Popular de Galicia —e que hoxe xa é, se así o estima o Parlamento na súa votación, un compromiso de Goberno— pon de manifesto a transcendencia que ten para nós o futuro da xuventude.

Pois ben, este compromiso asumido con valentía durante a campaña electoral —repito—, polo que a nós nos toca, vaixe cumprir, e eu quero ratificalo, señoras e señores deputados, perante esta Cámara. Cumprirémolo integramente dentro da lexislatura, establecendo cada ano obxectivos intermedios que garantan a súa plena consecución.

Está previsto, pois, facer un esforzo importante de deseño e implantación, de dotación orzamentaria, de coordinación con outras administracións e entidades financeiras, de implicación das empresas e de dispoñibilidade dos propios mozos. Neste senso pídolles a todos, xa dende agora, a súa necesaria e inestimable colaboración, especialmente ós responsables dos concellos, xa que a implicación destes nas actuacións que pensamos levar a cabo será fundamental para acadar un obxectivo común: que as mozas e os mozos galegos, o noso verdadeiro futuro, teñan un traballo digno.

Por certo, podó confirmarse hoxe, con gran satisfacción, que Galicia recibirá uns 169 millóns de euros, aprobados na XV Conferencia sectorial de asuntos laborais do Ministerio de Traballo, destinados a políticas activas de emprego, o que supón un incremento do 6% con respecto ós fondos do 2001.

Tamén prestaremos unha atención especial á estabilidade no emprego. Neste senso, as nosas actuacións centraranse principalmente na invitación ás empresas a realiza-los seus propios plans de estabilidade laboral, incentivando as contratacións indefinidas que se realicen como consecuencia da súa aplicación; sen que iso poida servir de pretexto, como é natural, para a falta de eficiencia no traballo.

No presente ano xa iniciamos esta nova fórmula de apoio á estabilidade laboral, con grande suceso, xa que conseguimos que máis de 2.000 empresas incrementaran significativamente as súas taxas internas de estabilidade laboral.

Como consecuencia disto, 7.800 traballadores que antes tiñan un contrato temporal ou que estaban en situación de desemprego teñen agora un contrato indefinido.

#### -Avance industrial

O sector industrial vai gañando postos importantes no conxunto da economía galega. Ninguén poderá dudar dos beneficiosos efectos de arrastre —o que chaman os economistas americanos *spill-over*—, tanto económicos como tecnolóxicos. Isto ocorre ó mesmo tempo que se liberalizan os sectores básicos e que se desregularizan procesos antes intervídos pola acción pública.

A nosa economía ábrese, cada vez máis, ó exterior, como dicía, incorporándose xoves empresarios que, indubidablemente, achegan unha visión máis plural e dinámica do mundo, unha verdadeira *weltanschauung*, no senso alemán desta palabra clave.

Pero o enfoque de calquera política industrial non pode ser nin debe ser continuísta, xa que como toda acción pública está suxeita á tensión do cambio. Actualmente hai que saber competir, non na proximidade, senón en espazos moito máis afastados e difíciles. Saber competir é unha aspiración dinámica que esixe investigación, desenvolvemento e innovación, o famoso I+D+I. Isto require unha permanente tensión creativa na procura de posicións competitivas, baseadas no deseño, na calidade, e, en suma, na excelencia empresarial.



E isto tráenos á memoria o pensamento de Schumpeter cando falaba de “destrucción creadora”. Non debemos esquecer tampouco a necesaria presenza da política, con maiúsculas, na medida en que, segundo a nosa Carta Magna, vivimos afortunadamente nunha economía de mercado.

Por todo isto, e por outras razóns que nos ocuparán moito máis tempo —tempo haberá de debatelos nesta casa—, a política industrial da Xunta nesta nova etapa poderá resumirse nos tres seguintes plans de acción:

Primeiro, a mellora das bases de desenvolvemento industrial e empresarial, como condición indispensable para avanzar en posicións competitivas comúns a medio e longo prazo.

Segundo, a acción sectorial alí onde o propio sector se implique de forma leal e convincente.

Terceiro, a acción máis horizontal sobre catro elementos clave no desenvolvemento industrial e dos servizos: intanxibles, I+D+I, mellora da administración industrial e impacto da sociedade do coñecemento —xa antes tratada— no desenvolvemento industrial.

#### -Por un agro competitivo

No noso programa de goberno figura moi claramente que se ben a política e as novas tecnoloxías son retos cruciais para esta lexislatura, a política agraria, o sector agrogandeiro galego, é un reto fundamental para a estabilidade da nosa terra. Téño o dito moitas veces: Galicia estará ben cando os homes e as mulleres do campo progresen, o cal non será só na agricultura, na gandería, na silvicultura, senón en todo o que pode ser desenvolvemento rural.

Todo o noso empeño ó longo da etapa anterior foi promover medidas que fixeran máis competitiva a nosa agricultura. Cómpre superar agora as restricións existentes, garantirles ós labregos e ós gandeiros uns niveis básicos de calidade de vida e igualmente mellora-las súas condicións de traballo, así como establecer sistemas productivos respectuosos co medio ambiente.

Seguiremos completando as redes de saneamento e abastecemento de auga dos núcleos rurais, posibilitando o acceso ás novas tecnoloxías e modernizando as industrias agroalimentarias; todo isto co obxectivo de que non haxa galegos de primeira e de segunda.

No eido económico temos que ser conscientes do reto que supón, no 2006, a nova política agraria común no contexto da liberalización dos mercados e das esixencias da política ambiental. Ímonos preparar para isto a través dun Proxecto de lei de desenvolvemento rural, que intensificará e acelerará os procesos de concentracións parcelarias, encarándonos coa dinamización e diversificación do agro a través da nova Axencia de Desenvolvemento Rural, co apoio inestimable dos plans Leader Plus e Proder; que, por certo, demostran, e algúns parece que aínda non o queren saber, que a acción europea non é só a das noticias menos boas, senón que chega ó último concello que sabe ocuparse de pedilas.

A diversificación será orientada especialmente ás producións sen cota e de calidade agroalimentaria, que han de constituírlos eixos fundamentais da nosa política.

No noso programa de goberno detállanse con amplitude as distintas medidas precisas para lograr estes obxectivos, medidas que imos sintetizar agora en catro áreas estratéxicas:

Primeira, mellora-las condicións productivas e de vida no medio rural, mediante o desenvolvemento do Plan de infraestruturas agrarias.

Segunda, reordenar e optimiza-la produción animal e vexetal, e mellora-la súa situación sanitaria.

Terceira, moderniza-las industrias agroalimentarias e dinamiza-lo cooperativismo.

Cuarta, desenvolve-os recursos necesarios para fomenta-la produción e distribución de produtos coa máxima seguridade e calidade, así como diversifica-la nosa oferta.

Estas liñas de acción estableceranse na procura de tres obxectivos principais: mellora-las condicións de vida e de traballo, así como o establecemento de sistemas productivos respectuosos co medio ambiente;

eleva-la renda dos agricultores; e potencia-la industria e a calidade dos nosos productos.

Como xa anunciei ó principio da miña intervención, establecerémo-la exención do imposto de transmisións *mortis causa* (imposto de sucesións) para as transmisións por herdanza de explotacións agrarias, coa única condición de que o herdeiro asuma a obriga de mante-la explotación alomenos por cinco anos máis.

Estas son, entre outras moitas, as accións previstas polo noso Goberno para a Galicia rural do século XXI.

Moi relacionada coa anterior política, en razón do avance económico do conxunto do país, pero cun carácter máis integrador, quero reafirmar diante desta Cámara a plena vixencia do Plan de desenvolvemento comarcal, que avanza cada ano, e a súa capacidade para impulsar iniciativas locais encamiñadas á protección do medio ambiente, á conservación do noso patrimonio e ó desenvolvemento turístico.

Outro obxectivo será estender de forma gradual, e sempre voluntariamente, por petición dos concellos, o actual proceso de comarcalización a todo o territorio galego, consolidando así unha iniciativa que xa empeza a aplicarse noutras rexións europeas.

-Liderado no sector pesqueiro

Se dixen que a política agraria constitúe un dos eixos xerais da nosa economía, outro tanto debo afirmar da política pesqueira.

Galicia leva anos liderando o sector español da pesca, e non esquezamos que, se España é a metade da pesca dos quince estados membros da Unión Europea, Galicia é a metade de toda a pesca de España. A capacidade de sacrificio, a tenacidade dos nosos mariñeiros e a profesionalidade e tesón dos nosos armadores converteron, en definitiva, a Galicia na primeira potencia pesqueira europea.

Podo transmitir hoxe a esta Cámara, e xa sei que pode haber incrédulos, unha mensaxe de optimismo. A pesar dos importantes retos derivados da protección de recursos e dos intereses egoístas doutros paí-

ses, penso que se abre para Galicia un período cheo de posibilidades.

A inxente cantidade de iniciativas que imos presentar e a firme defensa do noso sector pesqueiro que imos manter nas institucións europeas, ou onde sexa, co apoio e coa colaboración da Administración central, son os dous vectores que lle permitirán á pesca galega acadar, máis unha vez, o seu liderado. Estamos ante un período determinante, xa que será o último de vixencia dos fondos comunitarios; circunstancia que nos obriga a rendibilizar ó máximo estes incentivos, para que a pesca galega manteña a situación hexemónica que lle corresponde.

Neste senso investiremos recursos técnicos e financeiros na flota de baixura; que, sen dúbida, terá un tratamento singular, apoiado na aplicación dun necesario plan de renovación e modernización, para facer dela unha fonte de xeración de traballo ben remunerado.

Imos redefinir tamén os obxectivos dos equipos de investigación mariña dependentes da Xunta. Así, poderemos ensamblalos na xestión dos recursos pesqueiros para que sexan verdadeiramente útiles e dean resposta ás necesidades sectoriais. Para isto terá un relevante papel o recentemente creado —provisto dun convenio importante co Ministerio de Tecnoloxía— Centro Tecnolóxico do Mar, como organismo integrador dos recursos dispoñibles.

En canto ó marisqueo, unha vez acadado un alto grao de autoestima e profesionalización por parte dos profesionais, na súa meirande parte mulleres, cómpre agora acadar tamén un maior grao de autonomía e independencia, tanto financeira como de xestión.

En acuicultura —que evidentemente é unha parte esencial do futuro, hoxe xa un 30% dos recursos que sacamos do mar, e un obxectivo mínimo será chegar a un 50% nos próximos dez anos— serán obxectivos básicos desta lexislatura a redución ó mínimo posible dos trámites para a instalación dos establecementos acuícolas —xa agrupados felizmente nun *cluster* de acuicultura—. Isto permitirá que Galicia sexa unha localización atractiva para a creación de novas empresas nun sector de grande potencial.

Tamén está previsto, señoras e señores deputados, senta-las bases que favorezan a internacionalización do sector mexilloeiro. Este sector —o primeiro dentro da acuicultura galega— adquiriu na actualidade un grao de madureza suficiente para ofertarse nos mercados externos e consolidar así a súa presenza internacional.

A política destinada ás flotas de longa distancia e con intereses en terceiros países estará orientada a consolidar as súas posibilidades de negocio e a manter-lo emprego que xeran. A presenza en foros internacionais de representantes da Xunta de Galicia, no seo da delegación comunitaria, vaixe intensificar cuantitativa e cualitativamente cantas veces o demande de a defensa dos intereses económicos das empresas galegas en augas internacionais.

Asemade imos explorar novas formas de cooperación fomentando estas e o desenvolvemento correspondente; e iso —volvo recorda-la frase de Schumpeter— renunciando a plantexamentos superados para abrir outros novos. É esta unha experiencia que iniciamos o pasado mes de outubro coa visita a Galicia dunha delegación da Administración pesqueira da provincia arxentina de Chubut, visita que foi correspondida polo actual conselleiro de Pesca. A experiencia iniciada con Arxentina terá continuidade en breve con outros países como Mauritania e Namibia.

Señorías, remato este breve panorama da nosa pesca anunciando que imos ser moi combativos e belixerantes cos barcos de pesca que navegan baixo bandeiras de conveniencia. Para isto temos pensado modificar-la Lei de protección dos recursos pesqueiros co propósito de impedi-las descargas nos nosos portos, ademais de intentar estender estas medidas a outras comunidades autónomas de España e ós foros de xestión pesqueira da Unión Europea. Galicia vai empregar tódalas súas forzas para impedir que sigan faenando estes verdadeiros representantes da pesca ilegal, que, por outra parte, enrolan a mariñeiros en situacións de absoluto engano e total desprotección dos seus dereitos sociais e mesmo humanos.

-O hipersector da cultura, a comunicación e o turismo

Galicia está situada nestes momentos nun posto de vangarda a nivel español e europeo no eido das novas tecnoloxías da comunicación, como antes dicía. Aí te-

mos iniciativas pioneiras, moitas delas seguidas logo por moitas comunidades, como a telefonía rural, a autopista galega da información, a rede oficial de comunicacións, a rede de aulas multimedia, o desenvolvemento da telemedicina, o teleensino ou a administración electrónica.

Seguiremos facendo realidade, señoras e señores deputados, proxectos como a extensión de Internet ó rural galego. Para iso estase probando —xa en fase moi avanzada— unha nova tecnoloxía que xa conta con éxitos e que substituirá o sistema de telefonía rural coñecido como TRAC. Fomos pioneiros en España á hora de leva-la telefonía sen fíos a tódalas aldeas do país, e tamén imos se-los primeiros en dispoñer dunha nova tecnoloxía que permita o acceso dos teléfonos rurais a Internet.

Sabido é que as viaxes e o turismo, as cidades e os parques temáticos, a moda e a cociña, a música e a arte, a literatura, o cine e a televisión son a materia fundamental dunha economía de servizos, cuns obxectivos comerciais caracterizados polos recursos culturais.

A cultura, a comunicación e o turismo —no que teño particularmente algunha experiencia— achegan á economía de Galicia, nestes momentos, arredor xa do 15% do produto interior bruto. Unha vez consolidada esta porcentaxe, temos pensado marcarnos como obxectivo para os próximos catro anos que o hipersector da industria cultural e do ocio acade o 20% do PIB galego.

O noso sector audiovisual é un claro exemplo de industria cultural. Este sector estase a consolidar actualmente como unha factoría de contidos capaz de competir cos mercados español e europeo, ós que xa estamos achegando interesantísimas producións cinematográficas. A Film Commission e o Consorcio do Audiovisual de Galicia son as ferramentas que consolidarán un sector estratéxico fundamental.

Neste senso seguiremos activando as posibilidades —que son moitas— para que Galicia albergue moi pronto un gran plató, no verdadeiro senso internacional desta verba. O obxectivo é que se produzan unha ducia de películas galegas, de longametraxes, ó ano, e que se roden aquí outra media ducia de producións alleas.

O proxecto da Cidade da Cultura, dirixido polo arquitecto norteamericano Peter Eisenman, autor do Centro Wexner de Artes Visuais e da Biblioteca de Belas Artes da Universidade Estatal de Ohio, entre outros famosos complexos arquitectónicos, despois dun concurso internacional, vai xurdindo coma se saíra das entrañas do monte Gaiás, asomándose á beleza do río Sar e desafiando as torres e os tellados de Compostela. Isto, que algúns chaman obra faraónica, vai ser un dos grandes investimentos de Galicia para o seu desenvolvemento e coñecemento internacional.

A Cidade da Cultura de Galicia está en plena construción e seguindo o ritmo previsto. E, por certo, empeza tamén a ser coñecida e valorada moi positivamente, como o demostraron as recentes declaracións da señora Viviane Reding, comisaria europea de Educación e Cultura, que lle agradeceu á Xunta o esforzo que representa nesta grande área de conservación, produción, exhibición e consumo cultural, comunicativo e tecnolóxico.

O patrimonio cultural é outro dos piares básicos da nosa identidade, pero tamén é un elemento fundamental da modernidade; pois, integrado co turismo e co mundo do ocio, está dando xa excelentes resultados. O rico patrimonio galego é, xunto coa beleza da nosa paisaxe tan fermosa, o principal atractivo que lles estamos ofrecendo ós millóns de turistas que ata aquí chegan cada ano. Redobraremos esforzos para rematar programas pioneiros, como son o Plan de catedrais, o Plan de mosteiros e edificios conventuais, a creación da Rede Arqueolóxica de Galicia; e tamén abordaremos outros novos proxectos.

Galicia superou, neste ano 2001, a cifra dos catro millóns de turistas, cando hai tan só cinco anos a penas chegaban á nosa comunidade dous millóns e medio de visitantes. E claro que non falo dos anos xubilares, nos que se chega ós cinco millóns.

Sabido é, señorías, que a actual crise internacional supuxo tamén un forte freo para o turismo de longa distancia, pero afortunadamente as consecuencias foron mínimas no noso sector turístico, preferentemente de curta distancia.

A nosa comunidade segue sendo unha importantísima referencia para o turismo español e europeo. Debemos seguir brindándolle ó visitante as ofertas

máis demandadas: natureza, montaña, augas minerais, cultura e patrimonio, turismo rural, sendeirismo e actividades de ocio e, sobre todo, paz e tranquilidade.

Os segmentos turísticos que suscitan maiores posibilidades de crecemento e nos que se centrará a atención e axuda do noso goberno son: o turismo termal —en pleno desenvolvemento—, o náutico, o de golf, o cultural e o de natureza; e non esqueceremos, por suposto, ese primeiro e importantísimo viero de interese nacional e internacional —que o é cada ano máis—: o Camiño de Santiago. Neste mesmo senso, está previsto intensificar, señoras e señores deputados, cantas políticas de promoción, creación e mellora de infraestruturas sexan necesarias para que no 2004, primeiro Ano Santo Xacobeo deste século e milenio, sexa unha verdadeira referencia mundial, superadora da cifra de seis millóns de visitantes.

O esforzo realizado no Ano Santo Xacobeo de 1999 permitiunos adquirir unha experiencia e unha capacidade infraestructural e organizativa que, sen dúbida ningunha, redundará no 2004 en beneficio de tódolos camiños que chegan a Santiago. Non se trata xa de promocionar só o tradicional e famoso Camiño Francés, actualmente o máis transitado, senón dun conxunto de ofertas e posibilidades a través doutras sete vías de fe e de cultura que engrandecen a Santiago de Compostela e a Galicia enteira.

#### -Comercio e defensa dos consumidores

Paso a analizar, para pechar este primeiro conxunto de medidas, a política de comercio. Vai de última non por non te-la mesma categoría e importancia que as demais, senón por tratarse precisamente dunha entidade imprescindible para tódolos sectores económicos.

Limitareime, polo tanto, a reitera-lo noso compromiso de sempre co comercio galego, coa súa defensa, especialmente a dos pequenos e medianos establecementos, que xa contan co apoio da Xunta para a súa modernización e tecnificación. A formación profesional, a introducción das novas tecnoloxías e as axudas para a reforma e modernización dos establecementos, xunto coa promoción de novas áreas comerciais, son as principais medidas para acometer en materia de comercio.

O principal indicador da competitividade dunha economía complementaria da política de comercio é, naturalmente, a política de protección do consumo. A defensa dos intereses do consumidor non resulta en ningún caso antitética coa política comercial; expresa, ben ó contrario, o dereito dos cidadáns a recibir bens e servicios nas mellores condicións. Neste senso, a solución pacífica dos conflitos e a detallada información ó consumidor son dúas constantes do proxecto popular.

-Políticas horizontais

-Maior esforzo infraestructural

Durante a pasada década, Galicia experimentou —ninguén o pode negar— un extraordinario avance na cantidade e calidade das súas infraestructuras. Agora estamos a conseguir que as comunicacións sexan o elemento fundamental na construción dun país máis unido, autoidentificado coa súa realidade histórica e cultural, e coa forza necesaria para proxecta-las súas potencialidades alén do propio territorio. É tamén o momento dunha verdadeira política de ordenación territorial, sobre a que xa temos estudos moi importantes, moi avanzados, que serán expostos nesta Cámara ben pronto.

Cóubono-la honra de cumpri-lo vello soño dos ilustrados do XVIII e dos precursores do XIX: rachar co illamento, “*atrancos invencibles a todo progreso que se intente, a toda mejora que se formule*”, en palabras de Antolín Faraldo.

A través de actuacións consensuadas e complementarias coas levadas a cabo polo Goberno nacional, Galicia conseguiu ampliar notablemente as súas infraestructuras. Mellorou as comunicacións por estrada, no interior e cara a fóra, incrementou os seus equipos portuarios, transformou os aeroportos e deu os primeiros pasos para unha completa transformación da rede ferroviaria, que cada vez se ve máis claro que é a do futuro neste século.

Por isto, detereime un pouco, señoras e señores, na modernización da rede ferroviaria galega, xa que é unha tarefa comezada na lexislatura anterior pero continuará cada vez a maior ritmo durante o novo período que hoxe se abre. Xa é unha realidade —publicado no *Boletín Oficial do Estado* e en período de in-

formación pública— o estudo informativo do proxecto de acceso ferroviario a Galicia (eixe Ourense-Santiago). Este proxecto ten como finalidade a definición das actuacións necesarias para a realización dun novo trazado ferroviario de alta velocidade entre as estacións de Ourense e de Santiago de Compostela. Cítoos porque dá unha idea da importancia que vai ter, non é simplemente cambiar unhas vías por outras e unhas máquinas de tracción por outras. O novo trazado, concibido para unha velocidade de 300 Km/h, acada unha lonxitude de 85,4 Km fronte ós 127,2 da liña actual; é dicir, que hai 40 quilómetros menos de distancia física, á parte da velocidade, o que, sumado a esta, permitirá percorre-lo traxecto entre ámbalas cidades en 21 minutos, aforrando máis dunha hora de tempo. O orzamento total estimado é de 176.000 millóns de pesetas; é dicir, 1.057 millóns de euros.

Inscríbese este tramo na liña de alta velocidade Madrid-Galicia, do corredor ferroviario norte-noroeste, incluído na rede de alta velocidade do Plan de infraestructuras 2000-2007. Como vostedes saben, señorías, de tódalas actuacións previstas na rede de alta velocidade de Galicia xa están en obras os primeiros 34 quilómetros, correspondentes ó tramo Osebe-Santiago-Ordes. O resto dos traxectos ou ben se atopan na fase informativa ou na de proxecto e execución.

En canto a estradas, construíronse arredor de 1.600 quilómetros de estradas autonómicas e multiplicáronse por 5 os vias de alta velocidade, que hoxe superan os 600 km. No marco do Plan director de infraestructuras, prestarémolles, neste novo período, especial atención ás comunicacións exteriores, coa autovía do Cantábrico e a autovía Verín-Portugal, sen esquecermos tampouco da rede autonómica de estradas, que se vai aumentar en 1.500 novos quilómetros.

O esforzo infraestructural vaise orientar tamén ás obras hidráulicas e a portos. Neste senso mencionarei a posta en marcha do plan de xestión de depuradoras de augas residuais, o Plan de saneamento de Galicia e o plan hidrolóxico de Galicia-costa, coa colaboración do Ministerio nacional de Medio Ambiente

Investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica

Sabido é que o coñecemento, na súa acepción máis ampla, é un factor endógeno que condiciona e determina o crecemento económico, dando paso na actualidade á chamada “economía do coñecemento”. Diante desta situación, a Xunta de Galicia seguirá apoiando decididamente as actividades de investigación, desenvolvemento e innovación tecnolóxica. Farémolo a través dun plan de investigación que comprenderá o período 2002-2005 e que poñerá especial énfase nos recursos humanos, na interacción entre o sistema público de I+D e o sector productivo, e na concienciación das empresas para que participen nas actividades de I+D+I.

#### -Desenvolvemento sostible e equilibrio ambiental

Galicia pasou dunha verdadeira crise medioambiental, con lumes forestais por todas partes, a comezos dos noventa, á actual situación que pode considerarse como óptima e acorde cos contextos español, europeo e mundial.

Estamos consolidando unha estratexia galega de desenvolvemento sostible que marcará as pautas fundamentais das actuacións que se realicen, centradas moi especialmente na consecución dun rendemento sostible da empresa a partir dun equilibrio entre as variables económica, social e ambiental.

Os esforzos feitos para o desenvolvemento integral dunha política de tratamento e minimización de residuos, con Sogama como eixo básico, vanse intensificar nesta lexislatura. Inspección ambiental, puntos limpos, recollida selectiva e tratamento de residuos especiais forman parte dun programa integral fundamentado na conversión de residuos en recursos. E, por certo, non hai semana que non se faga unha inauguración, pasadas, por suposto, xa as eleccións.

Así mesmo, completarémo-lo marco lexislativo coa Lei de prevención e control integrado da contaminación e coa Lei de calidade do aire atmosférico.

Neste novo avance da política ambiental, tal e como se detalla no noso programa, ocuparán un lugar destacado a repoboación forestal, a conservación da biodiversidade e o fomento ordenado da caza e da pesca fluvial, con cadansúa escola destas actividades deportivas. E tamén atenderemos, moi especialmente, a educación ambiental.

A estas importantes medidas quero engadir, señoras e señores deputados, un plan de fomento do piñeiro galego, que terá carácter prioritario e que estará destinado a favorecer-la limpeza e a repoboación de pequenas parcelas de monte.

#### -Administración e pacto local

Na era da competencia cada vez é maior a intervención dos consumidores e dos usuarios. O mesmo ocorre cos administrados. Eu podo falarlles dunha experiencia persoal, non só debida ó *e-mail* e a outros desenvolvementos técnicos: da correspondencia que eu recibía hai doce anos á que recibo hoxe a diferenza é *ad infinitum*.

Polo tanto, a Administración ten a obriga de adaptarse a esta situación, e, no canto de poñer máis barreiras burocráticas, debe buscar novas solucións que faciliten a relación e que solucionen os problemas.

O cidadán do século XXI cada vez é máis consciente dos seus dereitos e das súas obrigas; valora a calidade, dispón de máis recursos, cada vez ten menos tempo, pero ten xa os dereitos recoñecidos, e a Administración debe facer canto poida para reaccionar o máis rapidamente posible diante de situacións conflictivas.

Na próxima lexislatura imos demostrar con feitos que é posible avanzar na redistribución de competencias e de recursos entre a Comundiade Autónoma e as corporacións locais. O pacto local —no que xa se teñen feito notables avances previos— será unha realidade e nel verán os concellos incrementadas as súas competencias e os seus recursos financeiros.

Traballaremos nesta dirección co mesmo modelo conceptual que presidiu a materialización do Estado das autonomías: comisións mixtas de transferencias e técnica do custo efectivo serán os instrumentos máis axeitados.

No ámbito institucional colocaremos en primeiro plano unha maior eficacia da Administración autonómica, apoiándonos para isto nas tecnoloxías da información, facendo así efectivo o compromiso de que a Administración sexa accesible os 365 días do ano e durante as 24 horas.

-Políticas sociais

-Educar no século XXI

Paso agora a determe nos aspectos sociais, naqueles que fan referencia á defensa dos valores que configuran o máis importante dunha sociedade.

Entre o conxunto das políticas sociais destaca en primeirísimo lugar a educación. Xa en 1972 aparecía unha das obras máis emblemáticas da Unesco, *Aprender a ser*. Era o informe da Comisión Internacional sobre o Desenvolvemento da Educación, presidida polo estadista e político francés Edgar Faure. Foi precisamente naquel traballo no que se puxeron de relevo os primeiros síntomas do que, anos despois, pasaría mundialmente a considerarse como “crise da educación”.

As causas desta crise non hai que buscalas unicamente nos fallos dos sistemas educativos e nas restricións dos recursos financeiros. Imponse un cambio de rumbo, que non ten por que ser radical nin traumático, unha nova estratexia que faga posible a feliz máxima de “educación para todos con razoable igualdade de oportunidades”. Non abunda con facer máis, hai que facelo doutro xeito.

Na era de Internet, metidos de cheo na nova sociedade da información, existe unha contradicción fundamental entre as esixencias das chamadas “sociedades do saber” e o inmovilismo dos “sistemas de adquisición de coñecementos”. Repito: “sociedades do saber”, “sistemas de adquisición de coñecementos”. A finalidade da educación non pode limitarse á instrución —as famosas catro regras— ou ó dominio das competencias necesarias para exercer un oficio, como afirmaba hai pouco tempo Koichiro Matsuura, actual director xeral da Unesco.

A teoría e a práctica da educación foi contemplada na elaboración do programa do Partido Popular de Galicia. Sobre tódolos principios, para nós é o de igualdade de oportunidades o que debe orientar calquera política educativa.

Os esforzos realizados lograron a modernización do sistema educativo e a dotación de infraestruturas. Non se poden compara-las infraestruturas de hoxe coas que eu recordo de cando era rapaz e mesmo de

despois. Agora, señorías, cómpre continuar traballando por unha educación aberta, apoiada nas nosas raíces e formadora de cidadáns europeos capaces de “desaprender e aprender de novo”, como apuntaba recentemente un director xeral da Unesco español, Federico Mayor Zaragoza.

Será un ensino para facer dos alumnos cidadáns sensibles, cunha ampla bagaxe cultural, con dominio de idiomas —o inglés xa se imparte dende a educación infantil— e familiarizados coas novas tecnoloxías —case a totalidade dos centros de primaria e secundaria xa teñen acceso a Internet—; será un ensino preocupado polos adultos, pola formación profesional, pola orientación profesional; en definitiva, pola formación continua. Aí está o noso modélico Plan de orientación educativa e profesional.

No ámbito universitario, ata o ano 2004 temos uns racionais acordos de financiamento das nosas tres universidades e agora imos iniciar un debate fructífero para a implantación de novas titulacións, no marco dunha permanente racionalización do sistema universitario. Tamén está xa en funcionamento, en colaboración coas nosas tres universidades, a Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia.

Ben sei que nestas datas a comunidade universitaria afronta unha problemática seria. Non debo nin quero ser alleo a esta situación neste discurso de investidura. Considereime sempre universitario por riba de todo. Fun alumno das universidades de Santiago e de Madrid nos difíciles anos corenta. Posteriormente, despois de duras e serias oposicións, fun catedrático de Dereito Político da Universidade de Valencia e de Teoría de Estado e Dereito Constitucional da Complutense de Madrid. E así ata a miña xubilación como docente en 1987, cando unha lei sectoria me privou de cinco anos máis.

Polo tanto, desexo o mellor para a Universidade, igual que dixera, con sinceras e fermosas palabras, o meu mestre na Universidade de Santiago, don Gonzalo Torrente Ballester, no seu discurso de investidura como doutor honoris causa pola Universidade de Salamanca: “...la condición de universitario es la más profunda y la más auténtica de las que puedan hallarse en mi persona,... está en mí viva, y con frecuencia angustiada, la preocupación por la

*Universidad, no sólo en su realidad nacional, sino también en la de todo el mundo”.*

A experiencia lévame aprendido que calquera tipo de reforma, veña de onde veña e fágaa quen a faga, nun ámbito especialmente crítico como é a universidade, ten necesariamente que espertar oposicións, controversias e disputas. Neste caso, a miña opinión sobre a LOU é coñecida e está suficientemente clara. Nembargantes, permítome recomendarlles ós equipos rectorais, ós claustros de profesores e ós alumnos en xeral que defendan os seus intereses dentro do que se chama “espírito universitario”. Non digo que non teña que haber debate a fondo e posturas encontradas, pero que nos posicionamentos brille sempre a luz da intelixencia crítica, o símbolo da *alma mater*.

#### -Medidas para o crecemento demográfico

Fun o primeiro en advertir, coa hilaridade dalgúns nesta propia Cámara, que a demografía constituía o principal reto da nosa Galicia. No noso programa electoral desenvólvese un amplo abano de medidas dirixidas directamente a favorece-lo incremento da taxa de natalidade.

Por ser xa formuladas durante a campaña electoral, quero recoller neste discurso de forma máis concreta —e, por certo, cun especial espírito de loanza ó que nestes momentos xa prepara o Goberno nacional e ten anunciado— as medidas relativas a deducións fiscais por nacemento de fillos e por ampliación de garderías, medidas que completan e amplían os compromisos contraídos.

A partir de agora as reducións na cota do imposto sobre a renda das persoas físicas —no que temos facultades legislativas— que se viñan aplicando no momento do nacemento dun fillo serán efectivas ó longo de tres anos dende o do nacemento, co que se triplican as deducións practicadas ata o de agora. No caso das persoas que non estean obrigadas a presentar declaración da renda, váiselles ofrecer unha axuda directa equivalente ó importe das devanditas deducións.

Esta deducción, que se enmarca no conxunto de medidas destinadas a reduci-las cargas que supón a crianza dos fillos, vese complementada no caso das familias numerosas coa implantación do carné fami-

liar, instrumento que permitirá gozar de descontos nun gran número de establecementos repartidos por toda Galicia.

Así mesmo, vaise facer un importante esforzo investidor para aumenta-lo número de prazas subvencionadas en garderías ata chegar ás 20.000. Isto vaise materializar mediante investimentos en novos centros, así como na aplicación dos convenios asinados co Ministerio de Defensa para a construción de garderías nas instalacións militares e co Instituto Galego da Vivenda e Solo para a construción de garderías nos parques empresariais.

Dentro desta política de estímulo para a recuperación de taxas de natalidade que permitan o recambio xeracional, decidimos establece-la receita infantil, que nos permitirá asumi-lo custo íntegro da medicación subministrada ós nenos.

#### -Familia, muller e xuventude

A estabilidade dunha sociedade depende de que a familia, como institución básica, estea suficientemente recoñecida e valorada. A sociedade galega foi, e segue a ser, unha sociedade familiar, e isto forma parte da nosa tradición e dos nosos sinais de identidade, o que nos obriga a unha activa política de amparo e protección da familia, recoñecendo a familia como toda institución humana e social que está en constante cambio.

Vimos loitando, señorías, para que a igualdade da muller sexa unha realidade. Isto esixe unha discriminación positiva a favor da muller, en xusta compensación co papel singular que desempeña na sociedade, o máis importante de todos, porque sen ela non hai renovación da sociedade.

A violencia de xénero é unha das manifestacións máis noxentas da covardía e da vileza humanas. Poden te-la seguridade, señoras e señores deputados, de que a defensa da muller, da súa dignidade e dos seus dereitos constituirá unha das miñas máximas prioridades.

A marabillosa xuventude galega —téño o dito moitas veces— merece moito máis por parte de todos. Apostamos por unha mocidade formada, aberta, moi galega, española e europea, e queremos que se sinta



atendida nas súas necesidades máis vitais. Esta xuventude, e non outra, será a máxima garantía de diversificación e pervivencia da nosa sociedade; por unha razón elemental e obvia, porque eles son —repi-to— o futuro.

Por iso unha das nosas meirandes preocupacións —xa o dixen— é o desemprego xuvenil, factor de desestabilización social onde os haxa, porque nace del a desesperanza. A problemática dun mozo ou dunha moza que, unha vez rematado o seu ciclo educativo e querendo integrarse activamente na sociedade, non encontra traballo non pode consentirse nin admitirse. De aí as medidas que anunciei na campaña —sabendo o que supoñen de esforzo—, que recollín anteriormente nesta intervención perante o Parlamento galego e que imos cumprir sen demoras nin esquecementos.

#### -Sanidade e calidade de vida

Intimamente ligada ás políticas sociais está, señorías, a calidade de vida, un concepto difícil de concretar na práctica. Nembargantes, a ninguén lle escapa o seu significado e alcance nin tampouco a diferenza da calidade de vida coa que tiñan os galegos hai cincuenta anos. Conseguidas as melloras infraestructurais, chegou o momento de preocuparnos máis intensamente pola persoa e polo seu contorno.

Un primeiro plano desta mellora social correspóndelle á sanidade. A protección da saúde e a prevención das enfermidades teñen un protagonismo destacado no noso programa.

Mais, sen prexuízo da atención e cumprimento dos obxectivos contemplados, incorporamos agora unha novidade, unha prioridade especial: a informatización plena do Servizo Galego de Saúde, algo que permitirá grandes avances para os cidadáns.

Durante a presente lexislatura poñerase en marcha a “Historia clínica informatizada única”, un historial completo de cada enfermo que estará dispoñible na rede e que posibilitará que os profesionais accedan, dende calquera hospital ou centro de saúde, a tódolos datos clínicos e exploracións complementarias, probas diagnósticas e calquera outra información terapéutica ou administrativa. Esta historia única eliminará definitivamente as actuais barreiras entre a asistencia primaria e a especializada. Permitirá, así mesmo,

que os cidadáns deste país dispoñan, mediante a súa tarxeta sanitaria, da súa información clínica completa e actualizada, non só aquí en Galicia, senón en calquera parte do mundo no que se atopen. Non teño que engadir pero quero salientar que este novo sistema estará dotado de mecanismos de seguridade que garantirán a absoluta confidencialidade dos datos que figuran na historia clínica.

Tamén imos iniciar a implantación da receita electrónica —proxecto xa preparado e rematado— como medio indispensable para proporcionarlles ós facultativos información en tempo real da historia fármaco-terapéutica do paciente. Convértese así nunha inestimable axuda á hora da prescripción, ó te-lo médico acceso á información sobre medicamentos e produtos sanitarios de cada enfermo. Para o paciente suporá unha maior calidade na atención, porque será consciente de que o médico dedica maior tempo a atende-lo e que coñece a medicación subministrada con anterioridade.

Unha vez escoitadas as opinións dos colectivos e sectores relacionados coa sanidade que contribuíron a enriquecer e perfecciona-lo borrador do Proxecto de lei de ordenación sanitaria de Galicia elaborado no seu día, estamos en condicións de presentar perante este Parlamento, case inmediatamente, un texto para debate que afecte ó conxunto das cuestións referentes á atención sanitaria.

A situación mundial, coa nova ameaza do bioterrorismo, obríganos a adoptar medidas necesarias para facer fronte a calquera eventualidade que poida presentarse. Aínda que cremos que Galicia non é un obxectivo inmediato —e ¡oxalá nunca o sexa de ninguén!— convén que esteamos preparados. Actualmente xa se están analizando en laboratorios propios as mostras sospeitosas que apareceron —hai que dicir, polo de agora, que con resultado negativo no cen por cento dos casos—.

Por outra banda, téñense creado grupos de traballo que están elaborando protocolos de actuación ante as posibles ameazas; protocolos que nos permitirán dar resposta a cada situación concreta que puidera aparecer. A evolución dos acontecementos a nivel mundial irá marcando, como é lóxico, o desenvolvemento das actividades.

Durante esta lexislatura remataremos tamén a rede de infraestruturas sanitarias de Galicia, tanto no que se refire a hospitais como a centros de saúde.

#### -Urbanismo, vivenda e deporte

Neste mesmo concepto de calidade de vida encaixa a política urbanística, a de vivenda e a deportiva. Procuraremos nesta etapa que comeza que os concellos de Galicia dispoñan de normas urbanísticas actualizadas que integren harmonicamente a protección ambiental e a expansión urbana, prestando unha atención singular ás especificidades do medio rural.

A revisión da Lei do solo de Galicia e da Lei de ordenación e protección do medio rural constituirán os instrumentos básicos para que poidamos levar adiante e con éxito o proxecto "A Galicia das boas vilas". Poñerémos-los medios tamén para que o dereito á vivenda, dereito amplamente desenvolvido no noso programa, sexa unha realidade avanzada neste país.

En materia deportiva cumpriuse amplamente o obxectivo de converte-lo deporte nun dos elementos clave da modernización e da saúde colectiva, física e moral da sociedade galega. Témo-la satisfacción de constatar que os resultados son satisfactorios, o que nos permite iniciar esta etapa cunha posición inmello-rable.

As metas máis ambiciosas a favor do deporte galego son: infraestruturas municipais, instalacións dependentes das asociacións deportivas, subvencións baseadas en baremos obxectivos, tecnificación, deporte de alto nivel, olimpíada escolar e salóns do deporte. Velá os resultados dunha xestión demostrada pola actual vitalidade dos 6.000 clubs deportivos galegos, tres veces máis dos existentes en 1990.

#### Mellores servicios sociais

A política social terá para o noso futuro goberno —se Deus así o quere e o Parlamento o aproba—, e moi particularmente para min, unha especial relevancia, non só nos campos xa enunciados, senón tamén na esfera específica dos servicios sociais en sentido específico. Por esa razón, por esa preocupación social, e non por ningunha outra de índole política, tomámo-la decisión de crear unha Consellería de Servicios Sociais.

Con esta nova consellería completamos un equipo de goberno cun renovado compromiso para atender as demandas dunha sociedade non excluyente. O Goberno galego, sensible a accións estratéxicas sustentadas en obxectivos de inserción social e laboral e disposto a cubri-los déficits, cada vez máis preocupantes, de coitados das persoas dependentes e discapacitadas, quérese dotar dos servicios máis axeitados.

Para facer realidade estes obxectivos temos previsto consolidar e ampliar plans de acción social que vaian cubri-las necesidades de atención social das galegas e dos galegos máis desfavorecidos. Trátase de tres plans xenéricos que abranguen tódalas accións para desenvolver no terreo dos servicios sociais.

Primeiro: o Plan galego de maiores, que se estenderá ata o ano 2006, e que mellorará, sen dúbida, os servicios destinados a este importante colectivo, cada vez máis importante nas sociedades do noso tempo.

Segundo: a atención especial ós enfermos de Alzheimer, a través de novas residencias dotadas de centros de día, de atención no fogar, de acollemento familiar ou de teleasistencias; medidas que serán potenciadas e promocionadas, ademais do fomento de auto-realización dos maiores.

Terceiro: unha maior preocupación polos discapacitados, a través do Plan de atención ás persoas con discapacidade. Este plan dará resposta, sen dúbida, ás necesidades deste colectivo mediante a creación de prazas ocupacionais e residenciais e a potenciación da formación.

Outra prioridade inescusable para a Xunta será a atención ó colectivo de persoas en situación de exclusión, calquera que sexa a causa desta. Por iso está xa en marcha e terá especial desenvolvemento o Plan galego de inclusión social, mediante o que promoveremos dinámicas de inclusión social e emprego dirixidas ás persoas e familias que corren o risco de verse fóra do mercado laboral e, en definitiva, da sociedade normal.

Este plan vai reforza-los aspectos integradores das políticas de rendas mínimas. Pretendemos deste xeito evitar posibles situacións de cronificación da exclusión, para o que temos pensado asociar esta política a estratexias activas de integración, co fin de que este

colectivo esta en disposición de acceder ó mercado de traballo.

-Gran avance da galeguidade

De forma deliberada, pola súa importancia e pola miña persoal vinculación coa emigración —da que moito me honro, pois son fillo de emigrantes que se coñeceron en Cuba, alí naceron dous dos meus irmáns e teño parentes en media América—, quero pecha-la relación dos meus compromisos, no que será o meu cuarto período á fronte da Xunta, coa reafirmación dun compromiso total coa galeguidade.

Señorías, en perfecta consonancia coa integración e coa convivencia social, á que facía referencia no principio deste discurso, cómpre situa-la Galicia do alén, a Galicia emigrada, é dicir, a máis dun millón de paisanos nosos que tan dignamente nos representan polo ancho mundo, e moitas veces, hoxe, non sen dificultades.

Durante a longa diáspora galega os nosos emigrantes souberon adaptarse e integrarse sempre exemplarmente a culturas e mesmo a linguas moi dispares. Nunca ninguén poderá considerar a ningunha das nosas comunidades como grupos conflictivos ou inadaptados. Todo o contrario, os galegos que saíron polo mundo representan un exemplo de convivencia, de laboriosidade e de integración nos países que os recibiron; condicións estas que transcenderon ás segundas e terceiras xeracións.

As colectividades galegas falan por si soas dunha certa mestizaxe cultural, levada a cabo sen ningunha prevención ou prexuízo, en épocas moi anteriores á actual relevancia deste fenómeno social. Os galegos mantiveron sempre, alí onde se atopasen, unha actitude cordial e aberta a outros pobos, razas e mesmo relixións; actitude que os fillos e os netos dos nosos emigrados seguen practicando. Valla este exemplo de cosmopolitismo e de convivencia, señorías, entre outras moitas achegas, para significa-la enorme e a profunda dimensión da diáspora galega. E, por certo, estes días acaba de publicar acertadamente o Consello da Cultura Galega unha selección de cartas de emigrantes ós seus parentes en Galicia que, realmente, fai chorar ó corazón.

Soamente tendo en conta os nosos emigrantes en América e en Europa —e chegan ata Australia ou ata calquera parte do mundo—, xunto coas súas segundas e terceiras xeracións, hai que falar de colectivos cuantitativa e cualitativamente importantísimos. Se a isto lle sumámo-las innumerables achegas que a emigración leva feito a Galicia na economía, na sociedade, na cultura, na educación —en cada unha das 30 parroquias do meu municipio hai unha escola ou escoliña creada polos emigrantes—, na sanidade e, en fin, en todos e cada un dos ámbitos do noso devir como pobo, non debe estrañarlle a ninguén que tomase a decisión de crea-la Consellería da Emigración, sobre todo agora que xa a temos nas dúas direccións.

Polo tanto, señoras e señores deputados, pediría que non se especulase con outro tipo de motivacións; o peso específico e a dimensión dun colectivo cada vez máis presente, a situación crítica dalgúns países de acollida e a defensa das súas reivindicacións en canto a participación institucional e a nacionalidade se refiren son razóns abondo importantes que nos obrigan, hoxe máis que nunca, e a min dende a honrosa responsabilidade que neste momento teño, cos irmáns emigrados. A isto quixera engadirle o meu total apoio ás exemplares institucións, que indubidablemente terán que ir renovándose, dándolle paso á xuventude, para seguir sendo verdadeiras embaixadas de Galicia.

Reitero, máis unha vez, o que indica o programa electoral do Partido Popular de Galicia: a defensa dos emigrantes e dos seus dereitos políticos, tanto para os galegos do exterior como para os que viven en España; a necesidade de que acaden unha representación singular no Senado e, dende logo, un maior impulso e intensificación de relacións con novas accións e plans destinados ás comunidades galegas de España, Europa, América e Oceanía.

Quero salientar, entre os principais obxectivos da nova consellería, que a integración no proxecto común da galeguidade pasa pola incorporación das novas xeracións, dos fillos e netos dos emigrantes. Queremos unha galeguidade firmemente constituída por novos galegos e galegas que se sintan orgullosos de pertencer a esta terra, aínda que nacesen moi lonxe de aquí.

Será a través dos sinais nos que se asenta a nosa identidade onde se produza a natural autoidentificación destes mozos, moitos deles altamente cualificados, ós que haberá que informar para trasladárle-la imaxe viva e real da Galicia do século XXI, empezando pola lingua e a cultura, verdadeiros motores da galegitude, e continuando polas tradicións, pola historia, pola economía, polas tecnoloxías e por todo aquilo que, en definitiva, lles permita descubrir quen son, de onde veñen e, se é o caso, a onde veñen.

### CONCLUSIÓN

En definitiva, señor presidente, señoras e señores deputados, neste comezo do século XXI, e dende Galicia, cobra para min especial significación o alentador pensamento de Demóstenes, que inspiraba o “crer no que verdadeiramente desexamos”.

Eu creo, como cren todos, en Galicia e desexo con toda a forza do meu corazón que esta nova era que comeza sexa a da consolidación definitiva, a tódolos niveis, dun país que merece o mellor por parte dos seus fillos, dos de aquí e dos que están lonxe.

Sei que vivimos nun mundo no que se multiplican os problemas e aumentan as tensións a ritmos vertixinosos. Moitas veces semellamos ser espectadores impotentes de guerras, atentados, cataclismos e todo tipo de desgracias. Pero tamén é ben certo que hoxe máis que nunca constatamos no ser humano a mellor e máis perfecta creación de Deus, unha firme vontade de volverse cara a dentro, de busca da espiritualidade, de defensa da natureza, de participación creativa, de maior tolerancia, autenticidade e solidariedade.

Todo isto é o que nos impulsa a crer no home do novo milenio, ou o que é o mesmo, a colaborar modestamente para que se imponha a xustiza no mundo e a sociedade sexa máis equilibrada, libre e democrática.

Ninguén se atreverá a negar, señorías, que Galicia, este vello reino situado nunha das fisterras de Europa, participou activamente do último treito do século XX, superou eivas e complexos ancestrais, e hoxe encárase con orgullo a un novo século e milenio.

En definitiva, señorías, penso que ninguén poderá nega-la chegada do progreso e da modernización coa

que soñou e pola que loitaron tódalas xeracións que nos precederon.

Polo que a min corresponde, asumo a responsabilidade de seguir traballando polo engrandecemento da terra na que nacín, á que quero seguir servindo con renovado optimismo e no convencemento de que Galicia atopou o seu modelo propio; un modelo que non permite aventuras e, aínda menos, voltas atrás.

Cunha serena visión de futuro e na seguridade de ter cumprido os dictados da miña conciencia, cargado coa experiencia dos anos, mais nunca vello de espírito nin canso de traballar, emprendo hoxe unha nova viaxe a Ítaca.

Non me poñen medo nin as dificultades do camiño nin as súas sombras. Coa confianza, coa ollada no futuro, invito a todos a traspalo pórtico desta nova era que no novo século comeza para Galicia.

Dixen.

*Moitas gracias. (Tódolos deputados e tódalas deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, postos en pé, prorrompen en grandes e prolongados aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor candidato.

A intervención dos grupos parlamentarios, de acordo co disposto no artigo 136.3, dará comezo o día 5, mércores, ás doce e cinco da mañá.

Ata entón, suspéndese a sesión.

*Suspéndese a sesión á unha da tarde.*

RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS

**Provincia da Coruña**

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Manuel Fraga Iribarne
- 2.- Jaime Alberto Pita Varela
- 3.- Fernando Rodríguez Corcoba
- 4.- Marta Álvarez Montes
- 5.- Elisa Madarro González
- 6.- Juan Manuel Juncal Rodríguez
- 7.- Miguel Ángel Reviejo Ares
- 8.- Manuel Santos Ruíz Rivas
- 9.- Fernando Amarelo de Castro
- 10.- Alberto Sueiro Pastoriza
- 11.- Jesús María Fernández Rosende
- 12.- Manuel López Outeiral

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Xosé Manuel Beiras Torrado
- 2.- María Pilar García Negro
- 3.- Xosé Henrique Tello León
- 4.- Xesús Manuel Veiga Buxán
- 5.- Xosé Díaz Díaz
- 6.- Domingos Merino Mejuto

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- José Luis Méndez Romeu
- 2.- Miguel Cortizo Nieto
- 3.- Natividad González Laso
- 4.- Francisco Cerviño González
- 5.- María Soledad Soneira Tajés
- 6.- Francisco Sineiro García

**Provincia de Lugo**

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Manuela López Besteiro
- 2.- José María García Leira
- 3.- José Manuel Barreiro Fernández
- 4.- Sergio López García
- 5.- María Jesús Tapia Fernández
- 6.- Susana López Abella
- 7.- Victoria Eugenia López Díaz
- 8.- Manuel Díaz Vázquez
- 9.- Remedios Castedo Carballo

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Alberte Xullo Rodríguez Feixóo
- 2.- Emilio López Pérez
- 3.- Eduardo Gutiérrez Fernández

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Ricardo Varela Sánchez
  - 2.- Ismael Rego González
  - 3.- Margarita Pérez Herraiz
-

### **Povincia de Ourense**

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Inmaculada Rodríguez Cuervo
- 2.- Miguel Santalices Vieira
- 3.- Roberto Castro García
- 4.- José Manuel Baltar Blanco
- 5.- María Dolores Rodríguez Seijas
- 6.- Gregorio Rodríguez Fernández
- 7.- Cástor Gago Álvarez
- 8.- María Josefa Caldelas Fernández

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Alfredo Suárez Canal
- 2.- Xosé Henrique Rodríguez Peña
- 3.- Xosé Francisco Ferreiro Abelleira

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Xabier Casares Mouriño
- 2.- Laura Seara Sobrado
- 3.- Pablo Xabier López Vidal

### **Povincia de Pontevedra**

Polo Partido Popular (PP):

- 1.- Xosé Cufía Crespo
- 2.- Enrique César López Veiga
- 3.- Marisol Bueno Berrío-Ategortua
- 4.- Xesús Palmou Lorenzo
- 5.- Beatriz González Loroño
- 6.- María Corina Porro Martínez
- 7.- Ramón Sestelo Fernández
- 8.- Juan Pedrosa Vicente
- 9.- Pilar Rojo Noguera
- 10.- Juan Manuel Casares González
- 11.- María Martín Alonso
- 12.- María Pilar Ramallo Vázquez

Polo Bloque Nacionalista Galego (BNG):

- 1.- Bautista Álvarez Domínguez
- 2.- Francisco Trigo Durán
- 3.- María Olaia Fernández Davila
- 4.- María Salomé Álvarez Blanco
- 5.- Bieito Lobeira Domínguez

Polo Partido dos Socialistas de Galicia-PSOE (PSdeG-PSOE):

- 1.- Emilio Pérez Touriño
- 2.- Dolores Villarino Santiago
- 3.- Antón Louro Goyanes
- 4.- Modesto Pose Mesura
- 5.- Carmen Gallego Calvar

## RELACIÓN DE DEPUTADOS E DEPUTADAS

|   |               |
|---|---------------|
| 1.- Álvarez Blanco, María Salomé        | (BNG)         |
| 2.- Álvarez Domínguez, Bautista         | (BNG)         |
| 3.- Álvarez Montes, María Marta         | (PP)          |
| 4.- Amarelle de Castro, Fernando        | (PP)          |
| 5.- Baltar Blanco, Manuel José          | (PP)          |
| 6.- Barreiro Fernández, José Manuel     | (PP)          |
| 7.- Beiras Torrado, Xosé Manuel         | (BNG)         |
| 8.- Bueno Berrio-Atehortua, Marisol     | (PP)          |
| 9.- Caldelas Fernández, María Josefa    | (PP)          |
| 10.- Casares González, Juan Manuel      | (PP)          |
| 11.- Casares Mouriño, Xabier            | (PSdeG-PSOE)  |
| 12.- Castedo Carballo, Remedios         | (PP)          |
| 13.- Castro García, Roberto             | (PP)          |
| 14.- Cerviño González, Francisco        | (PS deG-PSOE) |
| 15.- Cortizo Nieto, Miguel              | (PSdeG-PSOE)  |
| 16.- Cufía Crespo, Xosé                 | (PP)          |
| 17.- Díaz Díaz, Xosé                    | (BNG)         |
| 18.- Díaz Vázquez, Manuel               | (PP)          |
| 19.- Fernández Davila, María Olaia      | (BNG)         |
| 20.- Fernández Rosende, Jesús María     | (PP)          |
| 21.- Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco | (BNG)         |
| 22.- Fraga Iribarne, Manuel             | (PP)          |
| 23.- Gago Álvarez, Cástor               | (PP)          |
| 24.- Gallego Calvar, Carmen             | (PSdeG-PSOE)  |
| 25.- García Leira, José María           | (PP)          |
| 26.- García Negro, María Pilar          | (BNG)         |
| 27.- González Laso, Natividad           | (PSdeG-PSOE)  |
| 28.- González Loroño, Beatriz           | (PP)          |
| 29.- Gutiérrez Fernández, Eduardo       | (BNG)         |
| 30.- Juncal Rodríguez, Juan Manuel      | (PP)          |
| 31.- Lobeira Domínguez, Bieito          | (BNG)         |
| 32.- López Abella, Susana               | (PP)          |
| 33.- López Besteiro, Manuela            | (PP)          |
| 34.- López Díaz, Victoria Eugenia       | (PP)          |
| 35.- López García, Sergio               | (PP)          |
| 36.- López Outeiral, Manuel             | (PP)          |
| 37.- López Pérez, Emilio                | (BNG)         |
| 38.- López Veiga, Enrique César         | (PP)          |
| 39.- López Vidal, Pablo Xabier          | (PSdeG-PSOE)  |
| 40.- Louro Goyanes, Antón               | (PSdeG-PSOE)  |
| 41.- Madarro González, Elisa            | (PP)          |
| 42.- Martín Alonso, María               | (PP)          |
| 43.- Méndez Romeu, José Luis            | (PSdeG-PSOE)  |
| 44.- Merino Mejuto, Domingos            | (BNG)         |
| 45.- Palmou Lorenzo, Xesús              | (PP)          |
| 46.- Pedrosa Vicente, Juan              | (PP)          |
| 47.- Pérez Herraiz, Margarita           | (PSdeG-PSOE)  |
| 48.- Pérez Touriño, Emilio              | (PSdeG-PSOE)  |
| 49.- Pita Varela, Jaime Alberto         | (PP)          |
| 50.- Porro Martínez, María Corina       | (PP)          |
| 51.- Pose Mesura, Modesto               | (PSdeG-PSOE)  |
| 52.- Ramallo Vázquez, María Pilar       | (PP)          |
| 53.- Rego González, Ismael              | (PSdeG-PSOE)  |
| 54.- Reviejo Ares, Miguel Ángel         | (PP)          |
| 55.- Rodríguez Corcoba, Fernando        | (PP)          |
| 56.- Rodríguez Cuervo, Inmaculada       | (PP)          |
| 57.- Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo    | (BN)G)        |
| 58.- Rodríguez Fernández, Maximino      | (PP)          |
| 59.- Rodríguez Peña, Xosé Henrique      | (BNG)         |
| 60.- Rodríguez Seijas, María Dolores    | (PP)          |
| 61.- Rojo Noguera, Pilar                | (PP)          |
| 62.- Ruíz Rivas, Manuel Santos          | (PP)          |
| 63.- Santalices Vieira, Miguel Ángel    | (PP)          |
| 64.- Seara Sobrado, Laura               | (PSdeG-PSOE)  |
| 65.- Sestelo Fernández, Ramón           | (PP)          |
| 66.- Sineiro García, Francisco          | (PSdeG-PSOE)  |
| 67.- Soneira Tajés, María Soledad       | (PSdeG-PSOE)  |
| 68.- Suárez Canal, Alfredo              | (BNG)         |
| 69.- Sueiro Pastoriza, Alberto          | (PP)          |
| 70.- Tapia Fernández, María Jesús       | (PP)          |
| 71.- Tello León, Xosé Henrique          | (BNG)         |
| 72.- Trigo Durán, Francisco             | (BNG)         |
| 73.- Varela Sánchez, Ricardo            | (PSdeG-PSOE)  |
| 74.- Veiga Buxán, Xesús Manuel          | (BNG)         |
| 75.- Villarino Santiago, Dolores        | (PSdeG-PSOE)  |



---

## DIARIO DE SESIÓN DO PARLAMENTO DE GALICIA

---

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 56 16 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.  
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735





## DIARIO DE SESIÓNS DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 4

VI lexislatura

Serie Pleno

### Sesión plenaria 5 de decembro de 2001

Presidencia do Excmo. Sr. D. José María García Leira

#### ORDE DO DÍA (continuación.)

**Punto único.-** Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.

## SUMARIO

*Ábrese a sesión ás doce e tres minutos da mañá.*

**Proposta de candidato a presidente da Xunta de Galicia, presentación do seu programa de goberno e elección, de conformidade co disposto no artigo 15.3 do Estatuto de autonomía de Galicia.** (Punto único da orde do día.) (Continuación.)

*O señor presidente explica o procedemento que hai que seguir para o desenvolvemento do debate, de conformidade co acordo da Mesa-Xunta de Portavoces.* (Páx. 55.)

Intervención de grupos parlamentarios: Sr. Pérez Touriño (Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia -S-) (Páx. 55.), Sr. Beiras Torrado (Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego -BNG-) (Páx. 62.) e Sr. Pita Varela (Grupo Parlamentario Popular de Galicia -P-) (Páx. 71.)

Resposta do candidato: Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne. (Páx. 77.)

*O señor presidente anuncia que a sesión se reiniciará ás cinco da tarde, coa réplica dos grupos parlamentarios.* (Páx. 81.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e vintecinco minutos da tarde e reiníciase ás cinco.*

*O señor presidente informa de que a votación para a elección do candidato se efectuará ás seis da tarde, sen prexuízo do seu adiamento por incidencias imprevistas. Así mesmo, informa de que a votación será na modalidade de pública por chamamento, e de que se requiren os votos da maioría absoluta para esta elección.* (Páx. 81.)

Réplica de grupos parlamentarios: Sr. Pérez Touriño (S) (Páx. 81.), Sr. Beiras Torrado (BNG) (Páx. 84.) e Sr. Pita Varela (P) (Páx. 86.)

Dúplica do candidato: Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne. (Páx. 88.)

*O señor presidente anuncia que se suspende a sesión ata as seis da tarde, hora en que se realizará a votación.* (Páx. 89.)

*Suspéndese a sesión ás cinco e corenta e cinco minutos da tarde e reiníciase ás seis.*

*O señor presidente anuncia que se vai proceder á votación para a elección do candidato proposto a presidente da Xunta de Galicia, que é o deputado don Manuel Fraga Iribarne. Reitera que a votación será pública por chamamento, e que se requiren os votos da maioría absoluta para esta elección. A continuación, pide ó señor secretario que saque a sorte o nome do deputado polo que comezará o chamamento.* (Páx. 89.)

*O señor secretario (Pedrosa Vicente) saca a sorte o nome do deputado polo que comezará o chamamento, que corresponde á deputada dona Laura Seara Sobrado.* (Páx. 90.)

*(O señor secretario, Pedrosa Vicente, vai facendo o chamamento das señoras deputadas e dos señores deputados, que responden “si”, “non” ou “abstención”).*

Votación: Votos a favor do candidato, 41; votos en contra do candidato, 34. En consecuencia, queda proclamado presidente da Xunta o Excmo. Sr. D. Manuel Fraga Iribarne. (Páx. 91.)

*Levántase a sesión ás seis e sete minutos da tarde.*

*Ábrese a sesión ás doce e tres minutos do medio-día.*

*Preside o presidente do Parlamento, acompañado da vicepresidenta primeira, da vicepresidenta segunda, do secretario e da vicesecretaria da Mesa, que é asistida polo oficial maior e polo letrado señor Caride Puente.*

*Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta en funcións, acompañado de tódolos conselleiros en funcións.*

**PROPOSTA DE CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA, PRESENTACIÓN DO SEU PROGRAMA DE GOBERNO E ELECCIÓN, DE CONFORMIDADE CO DISPOSTO NO ARTIGO 15.3 DO ESTATUTO DE AUTONOMÍA DE GALICIA (Continuación.)**

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Reiníciase a sesión coa intervención dos representantes dos grupos parlamentarios, que, segundo acordo da Mesa-Xunta de Portavoces, poderán facer uso da palabra por un tempo de corenta minutos cada un.

A primeira intervención correspóndelle ó Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

Ten a palabra o seño Pérez Touriño.

**O señor PÉREZ TOURIÑO:** Excelentísimo señor presidente do Parlamento, señoras e señores deputados, compráceme toma-la palabra para explicala posición do meu grupo parlamentario neste debate de investidura.

Quero empeza-la miña intervención, na véspera do vixésimo terceiro aniversario da Constitución española, reiterando un compromiso apaixonado coa Constitución, cos valores que mellor a representan, coa liberdade, a igualdade e a tolerancia. Unha Constitución que tan só puido nacer, e con iso abrir este período tan fecundo da nosa vida en común e do noso autogoberno, como consecuencia do talante de xenerosidade, de renuncia e de diálogo empregados como exercicio e expresión máis nobre da política; talante e estilo que reivindico e que, en todo caso, comprometo para o exercicio contemporáneo e cotián da

política na nosa comunidade nesta Cámara parlamentaria.

Señorías, hoxe debemos expresa-lo recoñecemento ás xeracións de homes e mulleres que fixeron posible as nosas liberdades como cidadáns e como pobo e asumir agora un novo compromiso: que os mozos e as mozas de Galicia poidan mirar con confianza e con interese esta Cámara e a política, que poidan ver no Parlamento, na política e en nós mesmos unha esperanza certa para as súas vidas. Este é o meu principal compromiso, señoras e señores deputados.

Lémbrome inevitablemente dos milleiros de mozos, estudantes universitarios, que nacen á súa vida pública e á vida colectiva na manifestación e na protesta durante estes meses. Considero que detrás destas protestas estudiantís contra a Lei orgánica universitaria hai un movemento de descontento de toda unha xeración que non chega a ver expectativas claras para o seu futuro. Ó mesmo tempo revela un profundo rexeitamento da imposición e da desconfianza como pautas inspiradoras da pretendida reforma do sistema universitario. Lamentablemente, no discurso do candidato non puidemos atopar un mínimo indicio dunha esperanza e dun compromiso, altamente necesarios, coas xeracións que, sen dúbida, terán de se-lo porvir do noso país.

Na etapa que se abre, novas regras de xogo no Parlamento, nos medios de comunicación e na Administración pública

Ó noso parecer, o problema que en maior medida pode lastra-lo camiño galego cara á plena modernización do país é de natureza política. Trátase da pervivencia da vella política, de prácticas profundas e cada vez máis consolidadas, relacionadas cunhas regras de comportamento político que tenden a relegar toda posibilidade de liderado urbano, de hexemonía social dos espazos e institucións sociais máis dinámicas e do protagonismo da sociedade civil, dos emprendedores, desa Galicia emprendedora que sente asfixia e desconfianza en relación cos asuntos públicos. Señorías, falo moi concretamente dos obstáculos para a necesaria transparencia nas decisións políticas e económicas, das fortes restricións ó control do Executivo polo Parlamento —un Parlamento que nos últimos anos estivo máis morto que vivo—, dos inten-

tos continuados de bloquea-los mecanismos sociais de difusión da crítica, da consolidación de redes clientelares en torno ó poder e da subordinación permanente da Administración local. Mecanismos todos eles que desvirtúan a relación entre a comunidade política e a cidadanía, que nos fan reproducir culturalmente unha sociedade instalada no victimismo, na pasividade, na resignación e na falla das nosas desconfinzas e das nosas posibilidades como pobo e como sociedade.

Diante da súa proposta de goberno, que constitúe unha pura administración da continuidade, debemos avanzar no establecemento de novas regras de xogo que abran as portas a novas formas de facer política e de gobernar en Galicia; un impulso de rexeneración democrática. O primeiro é converter realmente o Parlamento, a primeira institución do noso país —como recordaba o presidente do Parlamento no discurso de investidura—, no centro neuráxico da vida política galega. Non pode volver pasar, como ten sucedido en todos estes anos, que se lle escamoteen a este Parlamento os debates e a intervención sobre moitos dos problemas que preocupan directamente, a cotío, ós nosos cidadáns, e o control real da acción do Executivo. O Parlamento debe ser forte, máis aberto e próximo a sociedade, representativo dos seus problemas e dos seus intereses. O Parlamento debe poder cumprir coa súa función sobranceira do control do Executivo e do seu propio presidente.

O Parlamento, consecuentemente, deberá ter novas regras de funcionamento, un novo regulamento, que lle garanta alcanzar eses obxectivos. E nesta revisión das regras de xogo, ó noso parecer, deba incluírse a propia posibilidade dunha nova lei electoral de Galicia, que estableza a paridade de xénero nas listas electorais, que estableza a limitación de mandatos do presidente da Xunta de Galicia, unha mellor relación entre os deputados e os seus electores e o informe preceptivo do Parlamento no suposto da disolución da Cámara; elementos, en definitiva, de maior calidade democrática, de maior transparencia e de maior proximidade á cidadanía. Asemade terá que establecerse un novo estatuto do sistema público audiovisual de Galicia, que garanta de verdade a neutralidade da Radio e da Televisión galegas e unhas novas relacións máis transparentes e regradas da Administración cos medios privados de comunica-

ción, para garantir en mellores condicións o exercicio real e efectivo da súa independencia.

Finalmente, propugnamos tamén unha lei de subvencións da Xunta de Galicia que garanta unha asignación eficiente e transparente dos recursos públicos que dende os presupostos autonómicos se distribúen entre cidadáns, empresarios e institucións.

O noso estilo de facer política estará baseado no diálogo e no acordo. A política que os cidadáns reclaman pasa pola capacidade de escoitar, por que teñamos unha actitude de diálogo continuo con todos e con cada un dos cidadáns deste país. Que ningún galego poida quedar sen voz diante desta Cámara ou sen posibilidade de transmitir as súas inquietudes problemas e proxectos. Ten que haber un diálogo con tódolos sectores sociais e institucionais, un diálogo aberto e fluído tamén coas forzas parlamentarias. É a miña vontade manter unha actitude permanente de diálogo co Goberno, e apoiaremos cantas medidas se promovan que sexan boas para Galicia e para os galegos.

Requírese tamén unha maior capacidade para chegar a acordos, porque dende o acordo se interpreta e se recolle máis completa e fielmente o país, e porque, dende o acordo, se gaña fortaleza para poder defende-lo mellor fóra, para que Galicia teña máis forza en España, no mundo e en xeral; pero nada máis lonxe da renuncia ás propias conviccións e ó exercicio da tarefa de oposición que nos corresponde. O acordo ofrécese dende a esixencia mutua e dende a diferenza política entre as partes, dende a fortaleza nas propias conviccións.

En clave de país. Unha proposta galega

Ábrese esta lexislatura nun escenario de profundos cambios históricos. Enfrontámonos ós desafíos da globalización, enfrontámonos realmente a un novo modelo de economía, a un novo modelo de produción, a un novo modelo de empresa, a un novo modelo de sistema financeiro. As tecnoloxías, a sociedade da información e do coñecemento están a cambiar todo, tamén nos ámbitos culturais, sociais e no propio ámbito do Estado-nación.

Ademais, os acontecementos do 11 de setembro son dese tipo de sucesos imprevistos que provocan desconcerto individual e desconcerto colectivo. A his-

toria resucitou de golpe, con estrondo, para sorpresa de Fukuyama e para a satisfacción posiblemente do autor de *El choque de las civilizaciones*. Comezou, ó meu criterio, unha nova era de inseguridade. Permítanme un breve excurso histórico.

Paradoxalmente se o modelo do capitalismo industrial triunfou e se consolidou foi gracias a Keynes, ás presións socialdemócratas e ás ameazas do comunismo. A combinación destes factores fixo que o modelo se puidera adaptar. Pasou de ser un modelo de concentración da riqueza, cun exército de traballadores proletarizados ó seu servicio, a ser un modelo redistributivo e de cohesión social. A pervivencia e o éxito do capitalismo industrial coincidiron precisamente con iso, coas políticas keynesianas por unha parte e coas políticas de redistribución social pola outra. Non foron, señorías, a man invisible nin o liberalismo económico que predican os conservadores e a dereita—como vostede, señor Fraga— os que fixeron perdurable e vivible o noso modelo anterior.

Tamén de novo hoxe o discurso ante a globalización que nos determina e a nova orde internacional volve ser profundamente conservador e equivocado en gran medida, con incapacidade para presentarnos e ofrecernos respostas de futuro ante os novos retos e desafíos que se nos plantexan. O éxito da nova economía, a sostibilidade do novo sistema, dependerá da súa capacidade de incluír nos seus beneficios un maior número de persoas, de pobos e de zonas do mundo. Se este modelo nacente fose polo camiño da exclusión masiva, demográfica ou xeográfica, estaría condenado plenamente ó fracaso. A pregunta, polo tanto, ¿cal é? ¿Somos capaces coa rede, coa sociedade do coñecemento, de estruturar unha sociedade máis cohesionada que antes ou non? Porque se non é solidario, se non cohesionada a sociedade, se non democratiza e universaliza o acceso a esas redes, estaremos fracasando, creando novas e maiores fronteiras entre as persoas, creando novas periferias entre os pobos. E, desgraciadamente, todo isto ficou fóra das súas preocupacións, señor Fraga. En todo o seu discurso sobre o escenario internacional e a globalización non puidemos atopar unha soa referencia á cooperación e ó desenvolvemento, nin ó compromiso coa axuda humanitaria, nin unha soa pista para unha nova orde internacional máis xusta e máis solidaria, para o fomento do diálogo entre as civilizacións, entre as culturas,

nin un só sinal de que esteamos dispostos a contribuír, a dar seguridade e dereitos humanos ós pobos que hoxe non os teñen.

Todos eses países e os seus cidadáns requiren dunha mensaxe de esperanza, non só dunha mensaxe de persecución ós terroristas, que compartimos e que hoxe, por suposto, é prioritaria. Estamos en Europa e somos europeos. Ter un proxecto para Galicia do século XXI supón necesariamente ter un proxecto para Europa. Nada nos dixo do seu proxecto, señor Fraga, tal vez porque a dereita nunca tivo moi clara a súa vocación europea. Para o Partido dos Socialistas nunca o interese nacional foi contradictorio co interese europeo, que non só forma parte do noso proxecto de país, senón que estamos convencidos de que canto máis avance Europa na súa unión política mellor poderemos defende-los nosos intereses, os intereses dos galegos e das galegas. Europa non se construírá en oposición ós estados, senón dende eles, pero necesitamos definitivamente dunha constitución europea. Europa necesita dunha integración política de orde federal, para non ser confundida cun organismo internacional que nos obrigue a comprar en euros ou que manexe o “sobe e baixa” do prezo do diñeiro. Europa, para ser crible pola cidadanía, necesita de políticas comúns compartidas, nas que ser europeo sexa algo máis que ser un simple cliente.

E Galicia xógase moito en Europa. Da existencia dunha política pesqueira comunitaria, da redefinición dunha nova política agraria e gandeira, con criterios sociais, territoriais e funcionais, da perdurabilidade e do afianzamento dos criterios de cohesión social e de cohesión territorial como un piar da Unión Europea dependerán os intereses estratéxicos de Galicia e o porvir de miles e miles de familias e de comarcas do noso país.

A falla de coraxe e de vontade política para defender e explicar onte o seu proxecto europeo resulta inqueda e decepcionante, e que vaia presidirnos durante unha lexislatura que é crucial. En boa medida de aí deriva a extrema vacuidade das súas propostas para a nosa agricultura, ou a simple retórica grandilocuente e declarativa en materia de pesca exterior, despois de tan rotundos e de tan custosos fracasos na defensa e no liderado das nosas posicións pesqueiras nos últimos anos.

Señor Fraga, ¿como é posible que en todo o seu discurso non haxa unha soa definición nin unha orientación en relación con Iberoamérica, co papel e coas relacións da comunidade galega, de Galicia, coa comunidade hispana, da que formamos parte destacada? Nin no seu discurso xeral nin tan sequera cando intentou xustifica-los contidos da Consellería de Emigración —de nova creación— soubo plantexalo máis alá das referencias románticas e idealizantes á galegitude e á Galicia exterior.

Galicia debe empezar a converterse nun novo referente atlántico e transoceánico pola súa cultura e pola súa lingua, pola súa economía, pola súa posición xeoestratéxica e polo seu dinamismo social. E falo, señor Fraga, dun proxecto político de envergadura que vostede debería de abandeirar como presidente da Xunta: poñer en valor o papel de Galicia en relación con Latinoamérica.

Propugnámo-la creación dunha rede galega de oficinas de cooperación exterior, que realice funcións de asesoramento, banco de datos e intercambio de información interempresarial; propugnámo-la creación dun instituto de cooperación cultural (Rosalía de Castro) como instrumento de difusión e de promoción da nosa lingua e da cultura galega no mundo en cooperación co Instituto Cervantes. E, ademais, señor Fraga, a creación dunha Consellería de Emigración nos termos en que vostede a plantexou, tan baleira de contidos, máis parece un instrumento para resolver problemas partidistas que unha aposta realmente solvente. Benvida sería a Consellería de Emigración se realmente desenvolvese políticas de retorno, políticas de inmigración, equiparación dos dereitos sociais dos galegos no exterior e se contribuíra a resolver-los problemas electorais e de nacionalidade pendentes; por certo, moi graves, como ben saben as señoras e os señores deputados. Non houbo nada de todo isto no seu discurso e no seu compromiso.

Unha proposta galega para España

A España de hoxe non é a España de hai vinte anos; nin os partidos políticos son os mesmos nin as comunidades autónomas. Nós facemos unha valoración positiva das comunidades autónomas e do seu desenvolvemento. Por iso é posible dar un salto adiante agora, un impulso de fortalecemento do

Estado das autonomías. Non se trata de cambiar porque todo saíra mal, senón xustamente porque, despois de moitos anos de experiencia e con bos resultados, se pode e se debe perfecciona-lo sistema político territorial.

Ó longo de todos estes anos púxose de manifesto unha carencia cada vez máis ostensible e cada vez menos soportable: a inexistencia dun verdadeiro foro territorial onde as autonomías poidan cooperar entre si e ademais participar na elaboración das decisións estatais que lles afectan. Trátase, na nosa opinión, de chegar a unha España federal, unida nun proxecto de modernización e de progreso, respectuosa coa diversidade dos pobos que a integran, comprometida coa profundación do autogoberno das nacionalidades e rexións, capaz de vincularse á nova realidade europea dende a súa propia identidade; un impulso para a construción dunha España que constituirá para todos, como nas célebres palabras de Manzini, a nosa explicación colectiva da liberdade.

Non insistirei na nosa proposta, é ben coñecida: o Senado como Cámara territorial; completa-lo noso desenvolvemento estatutario; a participación das comunidades autónomas na Unión Europea como delegación española e fortalece-lo Comité das Rexións como un paso para o senado territorial europeo. Escoltei atentamente as súas posicións nesta materia e a súa proposta de consenso. Non me cabe ningunha dúbida de que para acadar estes obxectivos é imprescindible o consenso básico das forzas políticas galegas. Debemos comprometermos a iso e explorar ese camiño necesariamente. Neste percorrido pódolle asegurar-la complicitade do socialismo español e das seis comunidades autónomas gobernadas polos socialistas. Pero vostedes, señor Fraga, deberán resolver algunhas fortes, importantes e serias contradicións, como de entrada, a cerrazón do seu partido a calquera avance nesta materia, ou, direi máis, a posición involucionista e de recorte restrictivo no desenvolvemento autonómico: dende a Lei de estabilidade presupostaria que impón *corsés* financeiros e presupostarios ás comunidades autónomas e ós concellos ata medidas como os decretos leis de liberalización do comercio e do solo que invaden e restrinxen competencias da nosa Comunidade Autónoma; por certo, señor Fraga, co o seu aplauso para todo este proceso.

Por último, nesta materia, quero falar dun tema preocupante que esqueceu e que deberá ser incorporado, ó meu entender, á súa proposta de acordo: o impulso da autonomía municipal en termos de financiamento e en termos de competencias. É imprescindible resolve-la asfixia financeira e a dependencia política dos nosos concellos. É de urxente necesidade unha lei galega de facendas locais que, dende os principios de suficiencia e de solidariedade, regule os recursos necesarios para o financiamento municipal.

Señor Fraga, o galeguismo político nunca foi homoxéneo. E cando naceu, coa Asociación Rexionalista, coas ligas galegas do século XIX ou co propio Partido Galeguista —xa na antesala da Segunda República—, mostrouse así mesmo escindido no seu interior, entre unha á liberal-progresista ou republicana ou federal e unha á católica tradicional e fortemente conservadora, antimoderna. Cando vostede politicamente fala dun galeguismo popular, maioritario e rexionalista, como unha única expresión, temo ónde se sitúa, aínda que se empeñe en facer táboa rasa da realidade histórica e contemporánea do galeguismo político. A min gústame, como facía Ramón Piñeiro, falar de galeguismo sen adxectivacións, que non sexan estas senón as do compromiso co país, as do amor á terra, co seu autogoberno e cos seus cidadáns. E nese contexto comparto gustosamente a idea e a necesidade dun pacto pola lingua.

#### Novas prioridades para un novo tempo

A construción da Galicia do novo século debe asentarse, ó meu criterio, ó xuízo do Grupo Parlamentario Socialista, en catro piares: a prioridade da educación e a innovación; o pacto polo territorio e a sostibilidade medioambiental; a solidariedade e a cohesión social; o impulso do progreso económico e as reformas modernizadoras do seu tecido productivo.

Señoras e señores deputados, a educación e a innovación deberían se-la primeira prioridade do Goberno, do Goberno de Galicia, por tres razóns básicas: para permiti-lo pleno desenvolvemento de cada persoa, para asegura-la súa igualdade de oportunidades e como mellor instrumento de competitividade da nosa comunidade.

Señor Fraga, o fracaso escolar crece, e a preocupación de moitos pais sobre o futuro dos seus fillos ta-

mén, e iso é froito do abandono progresivo da educación pública. Existe unanimidade sobre o fracaso dunha formación profesional totalmente desaxustada respecto das necesidades reais do país e respecto da posibilidade da inserción laboral dos nosos mozos. O seu discurso foi totalmente etéreo cando se falou de formación profesional, descomprometido coa Universidade galega, co seu financiamento e coa súa competitividade futura, e foi plenamente baleiro respecto da Lei orgánica universitaria.

No campo da investigación e do desenvolvemento, da innovación, da sociedade da información e das novas tecnoloxías, a súa visión, curta de alcance, de esforzo e de vontade política para afrontala, constitúe, é, no meu criterio, tal vez unha das cuestións estratégicas para o país que máis me preocupan da súa opción de goberno, porque aí, señorías, nos xogamos moito, e carecemos de deseño e carecemos de proposta. Aí é onde certamente —aí si— hai que goberna-la globalización, e vostedes carecen de vontade política para facelo. Se o home se define pola súa capacidade de coñecer, de almacenar e de transmitir coñecemento, as novas tecnoloxías da información e da comunicación poden obrar unha milagre aínda maior que calquera das utopías soñadas pola Ilustración.

Temos que plantexarnos de xeito inmediato, agora, xa, nesta lexislatura, a batalla da alfabetización tecnolóxica. A súa responsabilidade como administración pública é democratiza-lo uso das novas tecnoloxías, e iso supón unha nova etapa de alfabetización da poboación: incorpora-lo ordenador xa non na escola, senón en cada aula, cambia-la libreta ou o encerado por unha ventá multimedia e estende-la alfabetización informática ós fogares de Galicia e ás empresas. Teriamos que estar xerando unha rede propia rexional, levando a rede a tódolos servizos da administración rexional, en todo o territorio, cun ancho de banda capaz de atende-las demandas locais.

Propoño a reforma da formación profesional, unha lei universitaria de Galicia que ordene, financie e impulse a competitividade e a calidade do noso sistema público de universidades; duplica-lo noso esforzo en I+D; aumentar en 800 o número de investigadores nos próximos catro anos; destinar 20.000 millóns de pesetas a un plan de choque para a recuperación da calidade da ensinanza pública na educación secundaria; e

propoño, por último, un plan de converxencia para a sociedade do coñecemento e das tecnoloxías da información, para achegar Galicia á media de Europa, á media dos países europeos.

#### Unha nova forma de xestionar-lo territorio

Galicia é unha comunidade na que a estratificación social está determinada en gran medida pola posición no territorio, ó tempo que a ordenación do territorio é un dos factores decisivos da competitividade. De aí que, ó noso criterio, sexa absolutamente imprescindible consensuar politicamente un pacto polo territorio que garanta o acceso igual á información, ás comunicacións, ás fontes de enerxía e ós servizos de carácter social, sanitario e educativo no territorio de Galicia; un pacto polo territorio que se apoie no recoñecemento das áreas metropolitanas e nas rexións urbanas. Propoñemos como obxectivo a rexionalización de Galicia e a descentralización definitiva do Goberno da Xunta de Galicia. Consideramos que as rexións urbanas deben se-lo espacio funcional intermedio entre os municipios e a Xunta, e o elemento descentralizador por excelencia e favorecedor da subsidiariedade. As rexións urbanas e os espacios supramunicipais son os ámbitos adecuados para a planificación autonómica e para a cooperación provincial.

Ese pacto polo territorio debe impulsar unha maior implicación dos municipios galegos na xestión dos servizos básicos. Os municipios, señoras e señores deputados, constitúen unha peza esencial da Administración galega, polo que é necesario devolverlles poder, competencias e recursos que lles permitan intervir, de xeito decisivo, na xestión dos servizos públicos básicos para a calidade de vida dos nosos cidadáns. Propoño nese sentido retomar e desenvolver-la Lei da Administración local de Galicia e que exista dunha vez unha auténtica lei de facendas locais no noso país.

Señor Fraga, xa é chegar con atraso, tras doce anos de Goberno —permítame que o diga—, afirmar —cito textualmente— que é hora de facer política de ordenación do territorio. A verdade é que non sei se é un tirón de orellas ó seu conselleiro, o conselleiro do “feísmo”, do caos urbanístico —lémbrese da campaña—. Sexa como sexa, saúdoo positivamente, pero comprenda o escepticismo e a cautela respecto diso.

Non ten dado ningún paso nin establecido ningún compromiso neste sentido no seu discurso programático de investidura.

Señor Fraga, necesitamos un plan galego de infraestructuras, un plan de infraestructuras globais e intermodal, que defina, programe e priorice as nosas infraestructuras para os próximos anos, que articule e ordene o país, que o integre co norte de Portugal, que nos coloque dunha vez no corazón e no centro de Europa. O seu triunfalismo, xunto coa total falla de iniciativa e de compromisos concretos, de compromisos avaliábeis, tanto nesta materia como en medio ambiente, constitúe un dos máis decepcionantes e alarmantes déficits do seu programa de goberno.

Por certo, enteirámonos onte de que de Santiago a Ourense xa case estamos conectados a 300 Km/h de velocidade ferroviaria. É unha mágoa, señor Fraga, que non nos dixera vostede onte no seu discurso, antes de onte, algo moito máis sinxelo, moito máis simple: ¿para cando a sempiterna e sempre prometida autoestrada Santiago-Ourense? ¿Tal vez nunca, señor Fraga? ¿E a conexión entre as cidades galegas Santiago-Lugo e Lugo-Ourense? ¿E a autovía do Cantábrico? ¿Que compromisos e que horizontes temporais cos grandes elementos de dotación de capital físico deste país?

Mais mire a visión deformada da realidade, o puro esperpento, superando con moito a imaxinación de Valle-Inclán. Atópase na súa proclamación dun “estado óptimo” para o medioambiente en Galicia. “Estado óptimo”, di o candidato señor Fraga. ¿Refírese ó estado de saneamento das nosas rías, ó estado de tratamento das nosas augas, á explotación incontrolada dos recursos naturais e á súa dilapidación? ¿Refírese, tal vez, señor candidato, á Consellería de Medio Ambiente, sen a penas competencias e sen dotación orzamentaria real?

Propóñolle a elaboración dun plan de medio ambiente de Galicia 2001-2005, que estableza as directrices dunha política integral e os requisitos necesarios para facer política medioambiental no noso país, e dúas leis urxentes: unha lei de uso e de protección dos recursos naturais e unha lei de prevención da contaminación medioambiental.

Cohesión social e solidariedade



O elemento clave da solidariedade é o apoio ás familias. Chegou o momento de converte-las necesidades sociais en dereitos, de consolidar en torno a unha rede galega de servicios sociais o cuarto pilar do Estado do benestar. Señor Fraga, as políticas sociais en Galicia fanas fundamentalmente as familias e, dentro destas, as mulleres. Se hai políticas sociais en Galicia, é porque en moitas familias hai mulleres traballando con dobre xornada, doce ou catorce horas diarias, ou porque tiveron que renunciar a poder traballar para facer e encargarse daquilo que o Goberno non fai. Voulle dar algún dato, señor Fraga: só un 2% dos nenos de 0-3 anos neste país teñen a posibilidade de acceder a unha gardería pública. Os nosos servicios de axuda a domicilio para atende-las persoas dependentes só alcanzan a 1 de cada 75 cidadáns que o necesitan. A carencia de servicios sociais e de axuda ás familias, de residencias da terceira idade, de centros de día, garderías e escolas infantís, de servicios de axuda a domicilio, teleasistencia e servicios públicos de asistencia ás persoas diminuídas dificultan o desenvolvemento das persoas, a emancipación e a participación na vida laboral da xente moza; e moi en particular das mulleres nun país como Galicia, sumido, como ben saben as súas señorías, nunha grave e profunda crise demográfica. Recortemos gasto público improductivo, esa é a nosa proposta. Diminuámola Administración pública e impulsemos, co que aforemos, un plan de apoio á familia, consolidando unha auténtica rede de servicios sociais en colaboración cos concellos do noso país.

Dende o ano 1994, as economías occidentais, non cabe dúbida, veñen creando e xerando emprego. Galicia tamén, é certo. Pero non é menos certo que en Galicia temos un serio problema estrutural de baixa ocupación e de baixa actividade, e que temos taxas de paro mozo e feminino das máis altas de toda Europa, un difícil privilexio que vostede, por fin, recoñeceu dalgún xeito. É máis, é certo aínda que a temporalidade e a precariedade laboral no emprego alcanzan en Galicia unha gravidade inusitada e que constitúen —e quero dicir con claridade e en voz moi alta— un auténtico escándalo social, que debería conmocionar a acción pública do seu goberno. E sabe perfectamente o que isto está causando: sería alarma na propia Unión Europea. Porque de feito estamos vinte puntos por riba dos seus niveis no tema de precariedade, e no tema, consecuente, de sinistralidade laboral.

A vivenda segue a ser moi cara, demasiado. Subiu moito e as axudas públicas baixaron moito máis nos últimos anos. Mire, imos poñer un exemplo en liña con aquilo dos garavanzos: quen accede a un emprego por primeira vez, cun salario medio de 120.000 pesetas ó mes, ten que aforrar quince anos seguidos do seu salario completo para poder acceder a unha vivenda de a penas 80 metros cadrados. Esta é a realidade. Propóñolle, ademais de concretar e de avalia-lo seu obxectivo electoral de emprego para os mozos, para que entón si poida ser de verdade un obxectivo de Goberno, que poña en marcha un programa activo de emprego que incorpore medidas para a inserción no mundo laboral dos mozos, das mulleres, dos parados de longa duración e dos demais colectivos de difícil inserción laboral.

Necesitamos impulsa-lo progreso económico e a modernización productiva. Señor Fraga, neste terreo, francamente mal, moi mal. Comezou plantexando uns obxectivos para a nosa converxencia en termos de renda per cápita con España e con Europa a quince anos totalmente virtuais. É o que adoita denominarse “converxencia regresiva”, o que —permítanme a expresión— entre os economistas, na linguaxe coloquial, se chama ás veces “converxencia *basura*”. Explícome: a converxencia da renda por persoa pode conseguirse ben aumentando a renda, o numerador, ou ben simplemente por diminución das persoas entre as que se reparte. Esta é a converxencia regresiva. Galicia nos últimos anos, nos quince anos últimos, perdeu arredor de 120.000 persoas. As proxeccións oficiais estiman que de aquí ó 2016 podemos perder poboación nun número aproximado de 170.000 persoas. Velaí a razón básica da suposta converxencia, a que vostede nos prometeu no seu programa de onte —80% da da Unión Europea, 90% da de España—.

Miren, señorías, se nos últimos quince anos, con fondos europeos moi importantes e cunha onda expansiva económica, non superámo-lo 74% en relación con Europa e a fronteira do 80% ou do 84% respecto de España, non é crible nin previsible un achegamento real á marxe da caída demográfica —en definitiva, de ir quedando sen xente no noso país— nos prazos que vostede anuncia. Iníciase a lexislatura nun contexto de desaceleración da actividade económica, de previsible afectación ó emprego e ó investimento público. Dende Madrid, o Goberno do Partido Popular

impónno-lo déficit cero e unha Lei de estabilidade orzamentaria que se convertería nun auténtico *corsé* para o noso desenvolvemento como país.

Cando se plantexa o do rigor orzamentario, a algúns bempensantes o do rigor presupostario soaralles ben. A realidade e as consecuencias son ben diferentes. Trátase dunha suba xeneralizada de impostos — nada menos que cen—, señoras e señores deputados; unha suba de impostos que supón un reparto de rendas cada vez máis inxusto e cada vez máis regresivo, que afectará moi negativamente a familias e a territorios básicos da nosa actividade: agricultores, pescadores, transportistas, pequenos empresarios e comerciantes do noso país. Simultaneamente, temos unha conxelación salarial permanente dos empregados públicos. É dicir, máis desemprego, menor investimento público e peores servizos públicos. Esa é a consecuencia e iso é o determinante. Pero de todo isto, señor Fraga, non falou aquí na sede parlamentaria. Polos medios de comunicación sabemos que o apoia. Esperámo-las súas explicacións na réplica.

Galicia necesita dun plan estratéxico que de verdade impulse a economía productiva e que peche os ciclos productivos do noso país, que apoie a internacionalización das nosas empresas, que faga máis innovación de produto, máis capital-risco, que dea soporte real ós nosos emprendedores, que altere a nosa balanza tecnolóxica —dramática, por certo— e que nos converta nun territorio atractivo e competitivo, que faga máis cultura informática. Antonte, no seu programa, estivo totalmente ausente a política enerxética, nun país deficitario nos servizos ós usuarios domésticos e ós pequenos e medianos empresarios. Mentres, por certo, florecen negocios arredor da explotación indiscriminada dos nosos recursos naturais.

Cómpre un plan estratéxico que sente as bases da modernización estrutural da nosa agricultura, aínda por facer, no terreo da mobilización da terra, da renovación xeracional, da transformación dos nosos produtos e da súa diversificación; un plan estratéxico de futuro para a pesca e o marisqueo, que contemple un mapa de usos do litoral, a ordenación dos recursos e a potenciación da investigación e da acuicultura.

Remato, señor presidente.

Señor Fraga, unhas veces atoparannos vostedes recoñecendo os seus acertos, e outras criticando con rigor os seus desacertos. Pero sempre, sempre, estaremos interesados en que as cousas vaian mellor en Galicia e canto antes. O seu discurso foi de simple administración da continuidade, profundamente conservador e de curto alcance, ó meu criterio. Dende o exercicio dunha posición que quere ser innovadora, que quere ser constructiva, que quere ser de iniciativa, acabo de presentar propostas alternativas, porque creo honestamente que as cousas se poden e se deben facer doutro xeito para supera-los grandes déficits de Galicia, os que aínda ten, e afronta-los novos desafíos como país. E reitérolle, paralelamente, cinco áreas para o consenso, que estimo necesario: a lingua, a proposta galega para España e para Europa, a ordenación do territorio, o impulso democrático e o artellamento institucional da nosa comunidade.

E conclúo. Non votarémo-la súa investidura porque non nos deu ningunha garantía de que o seu Goberno vaia controla-la sociedade dixital para evitar novas desigualdades, non votaremos porque o seu proxecto de integración dos mozos na vida laboral non resulta crible, porque non achega solucións para rebaixar substancialmente a intolerable taxa de paro das mulleres, porque lle preocupan máis o mercado e as empresas que as familias, ó final, e porque nos ofrece máis do mesmo sen ter en conta que os retos son novos e que as receitas vellas xa non serven.

Moitas gracias. (*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Touriño.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado do Bloque Nacionalista Galego.

**O señor BEIRAS TORRADO:** Señor presidente, señorías, o pasado 21 de outubro celebráronse eleccións lexislativas ó Parlamento de Galiza, e o Partido Popular obtivo a maioría absoluta dos escanos por cuarta vez consecutiva. Bateu o *récord* de Milosevic en Iugoslavia, tamén o de Felipe González nas Cortes do Estado ou o de Franklin Delano Roosvelt nos Estados Unidos. Os seguintes presidentes norteamericanos non tiveron opción a tal fazaña porque se prohibiu que puidesen ser electos por máis de dous manda-

tos, tal e como propugnaba que se fixese aquí o actual candidato á investidura despois das eleccións de 1993. E xa sabemos que predicou co exemplo, como adoita facer. Practica o método da redución ao absurdo, que consiste neste caso en facer o contrario do que se predica con palabras que leva o vento.

Durante o proceso político conducente aos comicios do 21 de outubro eu declarei que pretendía derrotar electoralmente o PP para desaloxar da Presidencia da Xunta o actual candidato á investidura e abrir unha nova etapa na andaina da autonomía galega, baseada nunha maioría parlamentaria de diferente signo ideolóxico, político e programático, e inspirada nunha forma democrática de entender o poder e o seu emprego que eu consideraba inexistente na práctica política da Xunta e do seu presidente durante os últimos dez anos.

Declarei rotundamente esa opinión e eses propósitos, e combatín con todas as forzas e todos os medios democráticos ao meu alcance para acadar eses obxectivos. Resulta evidente que fracasei en acadalos nestas eleccións. A maioría absoluta dos escanos desta Cámara volve ser do PP e o candidato á investidura é o mesmo das tres ocasións análogas anteriores. Galiza, unha ducia de anos despois de ter aturado catro decenios de franquismo, pasou a desfrutar dunha ducia de anos de fraguismo, e ese benéfico andazo vai continuar polo de agora. Se eu pretendía acabar coa felicidade política dos galegos, está claro que por fortuna para eles fracasei en tan perverso intento. Mediante os votos dos cidadáns, eu pretendía que na Galiza actual se pasase de exercer o poder ao estilo de Tirano Banderas a gobernar como arelaba Castelao que se gobernase en Galiza, aínda que non fose el quen tivese nas mans o *gubernalle* —pois cando escribiu e leu o seu discurso “Alba de gloria” achábase no exilio arxentino e ben sabía el que estaba ferido de morte por un cancro de pulmón que acabaría coa súa vida física, e non só política, pouco despois—. Castelao non combatía para el, para as lexítimas aspiracións políticas persoais que puidera ter, no caso de que as tivese, senón a prol da emancipación política e social da nación galega. Mesmamente por iso está vivo aínda que era mortal, mentres que outros están ben mortos aínda que lles dean tratamento litúrxico de inmortais en vida.

Eu, como Castelao —só que en miniatura—, pretendía que no Parlamento e na Xunta de Galiza se pasase de aplicar obedientemente consignas alleas a tomar decisións propias, de conformar un xuntoiro de “gachupines” —en linguaxe castiza de don Ramón— a integrar un goberno de persoas competentes e leais co país e axentes que o constitúen e o animan. Tamaño atentado subversivo contra a felicidade reinante foi castigado nas urnas cun parón do ascenso, ata o daquela consecutivo, do BNG. Tampouco somos a máquina do movemento continuo. Tentaba facer política cos cidadáns, e para os cidadáns, no canto de cociña política para clientes montados dacabalo dos súbditos, e naturalmente fun considerado blasfemo.

Mais o contratempo —ou, mellor dito, o contrapé— non se limitou a eses feitos. De feito, para as devanditas finalidades e obxectivos, eu teñei persuadir os cidadáns de que existía unha nova maioría social e de que era posíbel xa traducila en maioría electoral. Explicareime. As sociedades non son realidades conxeladas, senón tecidos e estruturas en constante movemento. Iso deba valerlles mesmo aos máis conspicuos e contumaces defensores da “orde natural” como modelo da orde social —traducido naturalmente en “maioría natural” e outras gaitas—, cando menos no contexto actual do coñecemento científico. Pois hoxe sábese que na natureza non existe o tempo, que é unha categoría creada pola mente humana, senón só e precisamente “o movemento”. Pois toda sociedade, mesmo a máis aparentemente inerte e esclerosada, está en constante movemento e evolúe no tempo, e tanto na “longa duración” de Braudel como no fugaz instante cotián.

Galiza non é excepción, aínda que o resultado das pasadas eleccións puidera ocasionar a ilusión óptica de que nada mudou. Mais o movemento, a dinámica de mutación da sociedade, dáse primixeniamente por abaixo, ou, mellor dito, no seo e no tecido da sociedade mesma. Non se traslada simultaneamente ás institucións políticas e xurídicas que a pechan e gobernan a súa permanencia. De feito as eleccións non se celebran cada día senón cada catro anos, mentres que a produción téxtil de Zara pode variar a cotío.

Polo tanto, sería ilusorio e falaz coidar que o cambio progresista se opera nas institucións políticas e que de aí se proxecta e difunde na sociedade. Só can-

do o proceso de mutación acumulada na sociedade acadada un certo nivel, unha certa masa crítica, só neses intres se traslada máis ou menos bruscamente ás institucións políticas. E é a partir de aí cando as institucións pasan a desempeñar á súa vez, durante un certo período, unha función motriz e difusora do cambio cara adiante no conxunto da sociedade. Ou sexa, pasa a afortalar e a acelerar o proceso de cambio que se xerara na entraña da sociedade mesma. Mais un simple cambio aparente na composición das institucións políticas, un simple cambio dos seus inquilinos, unha simple alternancia de siglas ou de marca político-comercial dos ocupantes do poder, non garante ningún cambio transformador, nin sequera unha correspondencia coas dinámicas de cambios xa existentes na sociedade. Ás veces mesmo pode supoñer un espellismo que desnorte, primeiro, e frustrar, despois, os sectores dinámicos da cidadanía. É o famoso desencanto padecido despois da transición por amplos sectores da cidadanía española durante os anos oitenta. No límite é a arquirrepetida frase de Lampedusa, que non vou reiterar, pero tamén é o coñecido dito popular: “Cando alguén sinala co dedo indicador a lúa, os parvos ollan para o dedo”. Neste caso os parvos ollan para a clase política e as institucións no canto de ollaren para a sociedade.

Estas semanas, os universitarios galegos, todos eles —estudiantes, profesores, PAS e mesmo equipos rectorais— están en loita contra a LOU, contra unha LOU reaccionaria, anticonstitucional, anti-Estatuto de Galiza, e anti-autonomía universitaria. Estas semanas os universitarios galegos e os do resto do Estado están en rigor a derrogar xa unha LOU que aínda non foi promulgada. Entrementes, nas institucións políticas o Goberno e a maioría absoluta do PP seguen impertérritos adiante, ou, mellor dito, atrás, coa tramitación e aprobación desa lei nas Cortes. Dado o teimudos que son, acabarán seguramente por aprobala e promulgala contra a vontade expresa de todos os cidadáns atinxidos por esa norma legal. ¿Cal deses dous fenómenos políticos é o relevante? ¿O que se está a dar na sociedade, na cidadanía universitaria, ou o que acontece nas Cortes? Forzado aquí a simplificar, direilles que o realmente relevante cara ao futuro é que a cidadanía universitaria unanimemente non quere a LOU. As Cortes aprobarana, pero nacerá morta, a non ser que o poder —con LOU ou sen ela— mate,

no senso figurado, a universidade; cousa que no límite tamén pudiera ser.

Pero tamén neste caso os parvos ollan para o dedo de Aznar, no canto de ollar para a lúa, que está en fase crecente nas universidades todas e proxecta cada vez máis, e máis intensa, luz —prateada, por certo— no conxunto da cidadanía. Como nos anos setenta, durante o franquismo, agora no tardofraguismo a cidadanía estudante universitaria galega eclosiona, participativamente, na dinámica de transformación da sociedade, e acelera o proceso político de cambio que xa estaba en curso. É a súa resposta á aparente conxelación do tempo e do movemento nas institucións que os gurús mediáticos deduciran dos resultados electorais de outubro. Mesmo houbo tamén os que sentenciaron que os seus particulares resultados electorais anunciaban o comezo do cambio en España, nada menos —como non fose o cambio ao euro—. En todo caso, uns e outros tamén ollaban para o dedo no canto de para a lúa. Mais todo isto non empece que siga a ser certo que eu fracasei no meu intento de trasladar xa agora a este Parlamento unha nova maioría social en forma de maioría electoral. Non pensen que busco e procuro coartadas. Fun blasfemo, dei un traspés. *Ecce homo*, lapídenme.

Houbo aínda outro contratempo máis. Para os obxectivos e finalidades que lembrei ao comezo tamén tentei convencer o resto da oposición política parlamentaria de que deberíamos ser aliados no canto de sermos adversarios. E aquí debí explicitar unha profunda convicción: eu sempre teño presente no meu pensamento —tamén na miña práctica social e política— que o miolo das diferencias que fan antitéticos os modelos respectivos de sociedade denominados “capitalista” e “socialista”, como formas de relacións entre os cidadáns, consiste en que esas relacións se organizan no primeiro deses modelos co criterio da competición e no segundo co criterio da cooperación. Curiosa e paradoxalmente, os que levan explícito o “S” de socialismo nas súas siglas enterraron no esquecemento ese criterio de cooperación que dota de sentido calquera dos diversos conceptos de socialismo ata agora ideados. Eu non. Eu, que lidero un BNG sen “S” nas siglas nin nos documentos fundacionais —porque somos unha forza plural— non esquecín ese criterio nin o esqueceron ningún dos cadros políticos, dos deputados ou dos simples militantes que son com-

pañeiros iguais comigo no BNG, sexa cal for a súa específica adscrición ideolóxica dentro da nosa plural organización. E demostrámolo na práctica durante todos estes anos, dentro e fóra da organización, nos parlamentos, nos concellos e en calquera clase de institución ou plataforma cívica, social ou política na que teñamos presenza. Porque temos un proxecto nacional para Galicia que é un proxecto social para os cidadáns galegos no que a cooperación é un criterio cardinal indispensable, e non só para aplicalo no BNG ou aos cidadáns que sexan ou voten nacionalista, senón para as nosas relacións con outros sectores da cidadanía e coas outras formacións políticas que consideramos que deberan ser próximas e participaren, dentro dos seus propios criterios, nese amplo proxecto común no que nos comprometemos xa en 1987 a raíz da Asemblea do Carballiño. Practicamos o lema de Castela: hai sitio para todos os que queiran cooperar nesta obra.

Congruentemente con iso, demostrámolo tamén no plantexamento e na conducta que practicamos ao longo de todo o proceso conducente ás pasadas eleccións. Repito: quixemos ser aliados no canto de adversarios. Mais eles non quixeron responder con reciprocidade, estaban demasiado asustados e ameazados polo “cártel de Bergondo”, demasiado ocupados en equilibrios funambulistas para salvaren a súa cabeza, demasiado enganchados na dinámica integrista de pactos bilaterais co PP a nivel estatal, demasiado carentes de ideas claras e de coraxe política necesarias para faceren política con maiúsculas pensando en Galiza e para poñeren o país por diante das súas aspiracións, asumindo os riscos electorais, sen os que non se pode cambiar en serio nada. Porque para mudar o estado de cousas fronte a poderes tan fortes como os que controlan a política neste país, cómpre arriscarse a librar unha batalla que se pode gañar ou perder, que mesmo en principio é máis probábel perder que gañar. Estaban acovardados e fuxiron de nós coma do demo, mesmo por iso, para xustificárense, *demonizáronnos*. E nós, cando eles estaban desmoralizados e en desbandada hai poucos anos aínda, non metemos un só dedo nas súas feridas, non quixemos aproveitar a ocasión para intentar botalos fóra do escenario político senón que lles tendemos as mans con propostas de acordos parlamentarios xenerosos, con propostas de acordos de goberno municipais que eles utilizaron para actuaren á contra dende dentro, ata incorrendo en

diciren que non sabiamos mandar nas alcaldías, cando en realidade aturabamos moitas das súas aduanadas con estoicismo exemplar para non favorecermos os intereses do PP e gobernarmos cun talento co que nunca se gobernara ata o daquela nas cidades de Galicia, agás en Compostela. Xa estaban acovardados en xaneiro cando non ousaron acompañarnos nunha moción de censura a unha Xunta en *delirium tremens*, mentres despois aplaudían idéntica iniciativa, aritmeticamente perdida tamén de antemán, apresentada polo seu colega Pascual Maragall en Cataluña, con moitos menos fundamentos alí do que a nosa aquí. Por certo, que nos acusaban daquela de termos boas relacións con Pujol, investido cos votos do PP no Parlamento de Cataluña e supeditado aos seus votos, e acaban vostedes agora de recibir os votos do PP fraguiano para presidiren a Comisión de Economía desta Cámara a custa da forza máis votada da oposición, que somos aínda nós.

¿Acaso teñen vostedes sangue azul e somos nós labregos de antano que temos que pagar foro para arar os nosos propios eidos? ¿Acaso pretenden reinstaurar a democracia censitaria do século XIX e distinguiuren como o inefábel Kant entre cidadáns “activos” e “pasivos”, ou sexa, os que tiñan dereito a voto porque dispuñan de bens propios de fortuna e os privados dese dereito por non ter outra propiedade que as súas mans para traballar? ¿É iso o socialismo democrático? ¿É iso?

Finalmente acabaron por obedecer submisos as ordes dos de Bergondo e aliáronse a secas co fraguismo contra nós. E para enmascararen esa aduanada que desmente na práctica as súas invocacións retóricas ao progresismo e ao socialismo democrático, sementaron na cidadanía a incredulidade verbo de calquera verosímil acordo entre vostedes e nós, a desconfianza verbo da viabilidade de gobernos municipais ou autonómicos plurais e toda clase de insidias e sospeitas respecto de nós, poñéndose ao rego das patrañas difundidas polos sicofantes da Xunta, que eses si que non poderían entenderse cun “BNG que desconfía de España e de Europa”, que se eramos “radicais anticonstitucionais”, que se só presidindo vostedes a Xunta podería haber solvencia no Goberno, que a prioridade era *desbloquear* Galiza..., e así seguido. Só lles faltou dicir que o Beiras estaba tolo como Fraga.

Ao cabo chegou a noite das eleccións, e brindaron con champán para celebrar a cuarta maioría absoluta consecutiva do PP neste Parlamento, digo eu. Ou acaso brindaran para celebrar a parada electoral do BNG. Porque, se non, xa me dirán qué poderían celebrar — como non fose que salvaran a súa cabeza, a do seu candidato, posta a prezo polo señor de Bergondo se o fraguismo non revalidaba a maioría, cousa que pasaba inescusabelmente por parar o Bloque—. Hai catro anos, na noite electoral de 1997, cando nós saltamos a 19 escanos —que logo ficaron en 18—, non brindamos con nada, nin sequer con albariño —e menos con champán—. E os titulares de prensa do día seguinte dicían: “*satisfacción contenida en el BNG*”. Satisfacción porque avanzáramos ata o segundo posto no Parlamento —que aínda conservamos—, pero contida porque á fin de contas o fraguismo volvera gañar. E é que a nós o que nós importa é este país, que amamos mesmo cando nos defrauda. E a nós os resultados só nos importan en función do país mesmo e do proxecto que ofrecemos, que é substancialmente o mesmo do de Castelao, que vostedes todos, os da dereita e os de entremedias, simulan venerar en Bonaval, porque está sepultado e non pode defenderse por si mesmo.

Vostedes todos, uns e outros, tentan *demonizarnos* ou desacreditarnos mesmamente porque teimamos en proseguir o labor de Castelao, e a vostedes de Castelao só lles interesa que permaneza sepultado e silente, tal como estaría se nós, o BNG, non falásemos coas súas propias verbas transpostas en linguaxe e coordenadas políticas actuais.

Ao cabo comportáronse uns e outros con nós como se comporta polo mundo adiante o pensamento único cos auténticos demócratas, cos que exercemos a liberdade e veracidade sen autocensura no pensamento e na práctica política e que, por tanto, exercemos a discrepancia cando é precisa e tamén, cando cómpre, a disidencia na procura dunha sociedade xusta e dunha cidadanía non manipulada. O método contra os discrepantes e os disidentes é coñecido: discriminalos primeiro e *demonízalos* despois, e, cando se repoñen, criminalízalos. *Os cárceres da miseria* —deberan vostedes ler ese arrepiante ensaio revelador—.

Vostedes todos son moi dados a alcuñárennos como “fundamentalistas”. O artigo 2 da vixente Constitución española di literalmente: “A Constitución fundaméntase na indisolúbel unidade da nación española, patria común e indivisíbel de todos os españois”. Iso si que é fundamentalismo explícito e literal, ademais de resultar cientificamente moi pavoro. O normal é que unha constitución se fundamente na vontade soberana da cidadanía expresada nun proceso constituínte no plano sociopolítico e non só no institucional. Mais é sabido que no tardofranquismo o proceso constituínte aberto pola cidadanía na dinámica social non ía polos roteiros do que sería a reforma política, senón por unha rotunda creba demoráctica co réxime franquista. Por iso os mal chamados “país da Constitución” tiveron que expresar, como fundamento dela, un axioma apriorístico e reduccionista que contradecía a concepción do Estado español como plurinacional, asumida tanto polos cidadáns en loita contra o fascismo como polas forzas políticas efectivamente existentes e activas na ilegalidade fronte ao réxime antidemocrático do *Movimiento Nacional Español*.

Hoxe, un cuarto de século despois, os que sostemos as mesmas teses que sostiñan as organizacións cívicas, sociais, sindicais e políticas daquela en loita pola democracia, somos obxecto de anatema, somos tratados como inimigos interiores do Estado democrático, nacido a consecuencia dos nosos combates, e mesmo como inimigos interiores de Galiza. E os actuais cadros dirixentes dun partido como o PSOE, cos que moitos de nós traballamos como aliados no proceso constituínte anterior á Constitución, alíanse cos que daquela estaban en contra da democracia e a prol dun chovinista patriotismo español que agora reaparece descaradamente nas mensaxes e documentos do actual PP. Lean a última publicación da fundación FAES, presidida por José María Aznar. Lean iso e saiban o que é agora a proclama de que “o patriotismo español e a patria española son moralmente superiores aos nacionalismos *tribais*”, como o catalán ou o galego. Lean e saiban con quen están vostedes a pactar a nivel de Estado esas historias.

O artigo 2 da Constitución, entendido na súa literalidade, expúlsanos ideoloxicamente da comunidade dos pobos e dos cidadáns todos do Estado, e mesmo o artigo 8 encarga teoricamente ás forzas armadas a nobre misión de mallar en nós, chegando o caso, por asu-

mirmos e defendermos o concepto de nación (de Breogán) que aplica a Galiza a estrofa derradeira do texto oficial do himno galego aprobado como tal por lei deste mesmo Parlamento. E, aínda así, nós acatamos e prometemos nesta Cámara esta Constitución e demostrámolo sistematicamente na nosa práctica política aquí e en todas partes. ¿Que meirande exercicio de tolerancia e xenerosidade ideolóxica e que proba máis rigorosa de respecto e de lealdade democrática se nos pode pedir?

Américo Castro deixou sentada e demostrada a súa tese de que a intolerancia deu ao traste no século XVI coa ricaz e polimorfa sociedade castiza de mouros, xudeus e cristiáns, e converteu a convivencia hispana nun inferno inquisitorial. Hoxe, a intolerancia do unitarismo uniformista español-aznariano, patrioteiro, sectario e excluyente está a converter noutro inferno inquisitorial a convivencia politicamente articulada de españois, galegos, cataláns e vascos de nación, como dicían os ilustrados do XVIII. E vostedes teñen que decidir se se poñen á roda desa intolerancia para aplicala maquinalmente no escenario político intragalego, colaborando na pretensión fraguiana de lograr a extinción do BNG —vai apañado—. Quixemos ser aliados con vostedes fronte a tamaña aberración e vostedes escolleron pasar ao campo adverso ao exercicio dos dereitos políticos deste noso país, indispensábeis para o seu florecemento político autónomo e o seu benestar social. A vostede, señor Touriño, faltoulle tempo para acudir a recibir o abrazo do oso do actual candidato a investitura e para amañar o que vostedes mesmos chamaron “escenificación do empate técnico” nas actuacións constitutivas desta Cámara, no mellor estilo fraguiano: gobernar este Parlamento desde fóra del, desde o poder executivo da Presidencia da Xunta mesmo denantes de ser investido dese poder por esta Cámara de representantes electos polos cidadáns. E a seguir cacarexaron para fóra que querían dialogar co BNG —seguramente o *trágala* goiesco que cociñaran os dous a catro mans—.

E así, na constitución do Pleno e das comisións deste Parlamento, vostedes dous —o candidato do PP e o candidato do PSOE— erixiron os seus caprichos e comenencias persoais en criterio interpretativo e deturpador do espírito da Constitución e do Estatuto de Galiza, e ciscáronse nos usos parlamentarios que establecen a prelación dos grupos pola orde dos resulta-

dos electorais en escanos e en votos. No caso de igualdade en escanos deciden, como é lóxico, as cifras dos votos emitidos polos electores que así exercen o poder democrático e o confiren aos seus mandatarios, a nós.

Aquí os que xogamos limpo levamos as de perder. E falan vostedes de darlle preminencia ao Parlamento. Vostedes non quixeron entender que eu non teño dereito a anular votos dos electores que optaron polo BNG para deixalos reducidos a unha cifra inferior á que vostedes recibiron. Hai poucos días o presidente desta Cámara no seu discurso inaugural fixo mención mesmo en latín dun aforismo romano: “*Auctoritas in senatum, postestas in populo*”. E traduciui: “A autoridade no senado, o poder no pobo”. Vostedes pretendían que eu borrasedo mapa o poder dun fragmento de cidadáns que votaron BNG e que lles atribuíse ese poder e non só a auctoritas aos membros do senado, ou sexa, neste caso aos seus deputados. En vista de que me neguei a semellante infidelidade, propalaron vostedes que eu non quería dialogar, cando a realidade era que eu non podía *palanganear* aquí cos dereitos dos nosos votantes e co mandato que nos conferiran. Os votos non son nosos senón dos electores, de nós é o mandato. ¿Ata onde se quere chegar na deturpación e corrupción de tan elementais principios democráticos que ata se invocan como criterio incontrovertíbel no discurso inaugural desde a Presidencia desta Cámara?

Mais certamente tamén nós, o BNG e eu como portavoz e candidato, temos deficiencias propias, cometemos erros, incorremos en inxenuidades. Unha deficiencia palpábel estriba en non dispormos de medios de comunicación propios, ou, cando menos, afíns ou, no límite, neutrais. O primeiro é da nosa única incumbencia e responsabilidade; o segundo e terceiro, non. Por tanto, o primeiro non é cousa de tratalo aquí, só quero sinalar que xa neste punto partimos en inferioridade de condicións respecto dos nosos oponentes. Tocante aos medios neutrais, deberan de ser os públicos, mais o Goberno do PP na Xunta ten convertidos os medios neutrais en propios seus pola vía perversa de apropiarse dos que son por lei públicos e autonómicos, nos que todos deberían ter alícuotas de usufructo e presenza correlativas á nosa presenza e actividade nas distintas institucións políticas do país. Non vou insistir en algo que incluso institucións neutrais,

como o Valedor do Pobo e o Consello de Contas, teñen analizado e enunciado —cada unha no seu ámbito propio de actuación e control—: a manipulación antidemocrática e a exclusión do pluralismo á que somete a Xunta a xestión e a conducta da Radio e a Televisión galegas.

Durante todo o proceso das eleccións, ese perverso uso dos medios públicos acadou o paroxismo. O presidente saínte negouse en redondo a debater perante as Cámaras da tele cos candidatos alternativos, mentres monologaba canto quería, inauguraba canto quería e me agredía impunemente a mansalva —e aquí non pasou nada—. Nin sequera parece que a sociedade civil —da que tanto se fala— o castigase por iso que na Europa na que disque estamos resulta inconcibíbel.

Que non tivemos medios de comunicación privados afíns nin tan sequera, en rigor, neutrais, resulta patente, pero nesta cuestión tampouco vou entrar agora. Só quero anunciar con toda franqueza unha aseveración, unha matización ou reflexión. Nas pasadas eleccións, ademais das tres principais formacións políticas que concorramos a elas presentando candidaturas, concorreu tamén un cuarto partido, só que sen presentar listas: foi o partido dos poderes mediáticos que, simplificando —graficamente, tal vez abusivamente—, combateron “en bloque” contra o Bloque. O problema non é iso. O problema é que no panorama dos medios de comunicación non públicos en Galiza non existe pluralismo ideolóxico nin político, só variantes de matiz dunha mesma ideoloxía e dunha única posición e aposta política en case todas as dimensións e proxeccións que poida ter esa expresión. Pero se non hai pluralismo ideolóxico e político nos medios de comunicación, ¿como pode funcionar tal pluralismo nunha sociedade como a actual, que todo o mundo e incluso o candidato acaba de definir como “sociedade da información”? De xeito que, se os medios de comunicación públicos son un monopolio do poder establecido no aparello do Estado e se os medios privados son case monolíticos, nunha posición ideolóxico-política que ademais, cardinalmente, coincide coa do poder, e se por riba as empresas mediáticas, que nas súas publicacións fan unha constante apoloxía da competitividade como norma emperesarial, dependen financeiramente do poder político da Administración pública, ¿que vieiros de información

e comunicación cos cidadáns nos quedan aos discrepantes en cuestións tan cruciais como o benestar social, o autogoberno, o financiamento autonómico, o desenvolvemento constitucional, os sectores estratéxicos da nosa economía, o uso do idioma, e así seguido? Pois quedánnos dous: o tantán e “radio macuto”. O tantán resulta dificilmente utilizábel nunha sociedade informatizada e urbana onde o ruído é pavoroso. Radio macuto é propia da guerrilla rural, e é patente que nós non estamos en ningunha guerrilla. ¡Pois xa me dirán vostedes!

Dos erros propios, ao primeiro xa me referín abondo ao falar do comportamento dos posíbeis aliados para unha alternativa de cambio. O segundo erro consistiu en apostarmos por elaborar un programa de goberno serio e factíbel, do que abondaría coas corenta medidas urxentes peneiradas dese programa para darlle a volta polo forro en catro anos ao tratamento da maioría dos problemas padecidos e denunciados por diversos sectores cidadáns, aínda que logo resulte que as denuncias non fosen trasladadas maioritariamente ao comportamento do voto.

Digo que foi un erro facer ese esforzo. Dígoo sarcásticamente, porque un programa só orienta a cidadanía se chega a coñecelo. E é evidente que só moi minoritariamente tivo coñecemento del, aínda que fixemos todos os esforzos posíbeis para difundilo. A pantalla mediática interpúxose entre o emisor do programa —nós— e o receptor —a cidadanía—. Así é que de nada ou de pouco valeu o noso esforzo de portas a fóra do BNG, pois, en troques, de portas adentro si que nos valeu. Mais de portas adentro non se gañan eleccións. Semella, iso si, que lle valeu ao candidato á investidura de hoxe, a vulgar polo seu discurso de antonte para a súa nova era no poder. Seica traballamos para o inglés. Polo que acabo de escoitar tamén lle valeu ao candidato do PSOE, polo que oín hai un chisco. Parece que non lle valía durante a campaña, que sistematicamente quería diferenciarse de nós. Tamén lle valeron o documento político e as teses políticas aprobadas no Congreso do BNG na asemblea nacional da primavera pasada respecto da mundialización, da globalización, e da situación política actual. Daquela non lle valía.

O terceiro erro ten connotacións máis graves porque atinxe á ética social. O BNG, e eu mesmo en pri-



meira liña, esforzámonos ao longo dos dous últimos anos en exhortar aos cidadáns a asumir valores de autoestima, dignidade cívica e institucional, de dereitos e liberdades democráticas e de benestar social, de restauración do *welfare state* e das políticas de servizos sociais e benestar neste país, que figura á cola do Estado e de Europa en todos os indicadores ao respecto. Exhortamos os cidadáns e predicamos co exemplo no exercicio da dignidade e no uso das liberdades, como tento facer eu mesmo aquí, hoxe. Mesmo sei defender a paz e opoñerme á guerra que estoupou aos dous días de iniciada a campaña electoral oficial, xogándome o tipo e dándolles aos sicofantes da Xunta a oportunidade de alcuñarme de “talibán”. Entrementes, o candidato do PP definía as mulleres pola posición corporal de subconxuntos de carnes diversas, incluído o cerebro, e apreciaba a guerra como medida de hixiene, estilo Victoria-Gasteiz, só que a lo grande. E o candidato do PSOE calaba como un morto neoiroquino ou afgán, ou alineábase con Bush; iso sí, con reparos, como nas películas para maiores na censura de outrora hora.

Pois os resultados están á vista: tres de cada catro electores pasaron de votar, e dous de cada catro votantes coidaron que a dignidade e as liberdades as encarnaba, seguramente con perfección de santidade, o actual candidato á investidura. E, naturalmente, déronlle os seus votos. Non me convencen, mais acato a decisión dos votantes.

Ao cabo, o problema é seu e non meu, que eu vou seguir a exercer a liberdade e a manter a dignidade ademais de seguir a loitar por eses valores para toda a cidadanía. A dúbida metódica que me asalta é de se a cuestión estriba no coñecido problema marxiano da transformación de valores en prezos. Se cadra, o problema radica en que os valores éticos e democráticos da autoestima, dignidade e liberdades non se cotizan no mercado electoral porque, evidentemente, non teñen prezo.

Finalmente incorrín nunha inxenuidade monumental. Nós somos nacionalistas pero acatamos a Constitución e o Estatuto de autonomía de Galiza — aínda que non nos sirva de nada para non sermos procesados e queimados pola inquisición reinante—. Congruentemente con iso, para concorrer a unhas eleccións ao Parlamento autonómico, aspirando a go-

bernar nesta autonomía, comprometémonos a actuar no estricto marco do Estatuto, mais tamén a aplicalo na plenitude das súas competencias, a empezar polas súas exclusivas. Coidamos que non podía haber mensaxe máis inequívoca de moderación dunha forza política con ideario nacionalista —como o de Castelao—. ¡Inxenuo de min! O que nós considerabamos perfecta moderación resultou ser toda unha provocación subversiva. Non caín na conta de algo que, porén, dixera eu mesmo máis dunha vez: que os centros de poder que enviaron ao actual candidato do PP a pór orde en Galiza o fixeran para inutilizar o Estatuto na práctica lexislativa deste Parlamento e no Goberno da Xunta, e mantíñano con ese fin no poder ata agora. Daquela, ¿como ían permitir eses poderes que os do BNG repuxesemos en vigor un Estatuto que lles resultaba tan útil convertido en papel mollado nun país no que chove tanto? A nosa moderación disparou todas as alarmas nos despachos deses poderes todos, e foron a por nós. Foi peor que se nos puxesemos en plan nacionalista radical, porque xa é sabido que o de ir á raíz a maioría de vostedes todos non o entende sequera, e o resto adoita apañar os tubérculos e as raíces polas follas.

Pois ben, nas condicións que acabo de analizar, a cidadanía galega xulgounos e emitiu o seu veredicto. O pobo é o único soberán admisíbel nunha sociedade democrática, e eu sempre acato e asumo, por suposto, o seu veredicto, como fai o BNG como organización democrática que é. Non se nos ocorre deslexitimar os seus sufraxios, mesmo se criticamos actuacións dos diversos poderes ou forzas concorrentes como ilexítimas cando consideramos que o son. Facer trampas, enganar, ocultar, faltar á equidade ou abusar do poder só deslexítima a quen así actúe, porque é inmoral esa conducta política, mais non pode deslexitimar os electores que votan conforme ao seu coñecemento, ideoloxía e intereses, segundo o seu saber e entender.

Témolo moi claro, non padecemos tentacións ningunhas mesiánicas nin caudillistas. ¡Alá quen se crea mesías ou caudillo, e alá tamén os cidadáns que o aturen e consintan converterse en súbditos, regresando na historia á condición de suxeitos propios dos réximes autocráticos de antano ou totalitarios de hoxe! Outra cousa é que exerzamos, porque debemos exercela, a nosa capacidade de análise do comportamento da sociedade co método de intelección que considere-

mos máis acaído nas ciencias sociais e no pensamento político. Nunca renunciarei a examinar a sociedade e a cidadanía nos mesmos procesos políticos nos que me someto ao seu xuízo e veredicto. E non vou amar menos os galegos e as galegas de nación porque non me elixiran para a presidencia da Xunta. Sería un amor interesado, impropio dun demócrata nacionalista convencido, que xa o era cando participaba na loita cívica contra o fascismo franquista e que nunca caeu na tentación da violencia por impotencia ou desesperación, mesmo cando a violencia instalada no poder lexitimaba a violencia que se exercese en contra del como resposta.

E velaquí estamos, pois, os nacionalistas galegos, electos cos sufraxios dun de cada catro cidadáns que exerceron o voto e que, pese ao asedio, en condicións tan adversas, votaron polo BNG. Todos os cidadáns son iguais en dereitos, e niso merecen todos a mesma consideración, mais non son iguais na expresión e no exercicio político deses dereitos, e niso non poden merecer todos o mesmo aprecio.

O BNG fica situado agora nunha posición —e mesmo nunha situación— que, nesta Cámara, representa conxuntamente a esquerda democrática e o nacionalismo tamén democrático, combinadamente como expresión propia de Galiza e mais da conciencia progresista existente na cidadanía. Ignacio Ramonet escribiu hai un par de anos en *Le Monde Diplomatique* que o común dos partidos socialdemócratas europeos actuais son en rigor os actuais partidos conservadores, dado que os conservadores se converteron nunha dereita cada vez máis ultraliberal. Isto resulta aínda máis verdadeiro no escenario político do Estado español, dada a peculiar idiosincrasia da dereita celtibérica en toda a historia contemporánea do Estado. A deriva desa dereita comezada polo “estilo Aznar” no exercicio do poder tivera o seu banco de probas na autonomía galega desde 1990 co “estilo Fraga”. ¡Alá quen desde outras posicións nominalmente diferentes escolla alinear nese roteiro e procurar o amparo da expresión máis rancia e precursora dese patriotismo español excluyente e separador!

No que a nós concirne estamos dispostos a contribuír a conformar a vontade desta Cámara e do Goberno desde a nosa posición, sen dogmatismos nin rixidez, mais tamén sen compoñendas. O programa

de goberno que elaboramos é, naturalmente, opinábel, mais é denso e é serio. Non é un documento feito para saír do paso nas eleccións e esquecelo ao día seguinte, gobernasemos ou non. Tan serio é que contén xa algunhas das liñas de acción anunciadas antonte como novidosas polo candidato á investidura, e que, desde logo, estiveran fragorosamente ausentes na súa precedente acción de goberno, nomeadamente no relativo ao benestar social, á cultura e ao idioma galegos. Desde ese programa, que é o noso, estamos dispostos a dialogar, sen actitudes dogmáticas nin doutrinarias, sen apriorismos; a dialogar primordialmente nesta Cámara e, a partir de aí, fóra da Cámara tamén, non de costas a ela nin menos ás agachadas.

Tocante a vostede, señor candidato á investidura, dixó que quería abrir “unha nova era” nada menos. Recoñecerá que tardou vostede un pouco, doce anos, en plantexarse tamaña pretensión que non anunciara cando chegou aquí de primeiras. Sempre se está a tempo: mentres hai vida, hai esperanza; tamén para o noso país, mentres sobreviva. Eu son tan inxenuo que sempre aposto por que os seres humanos poden mudar, pese a calquera evidencia de experiencias acumuladas. Dirán moitos que así me vai, mais non me importa, eu son eu e non son os outros; ou sexa, o inferno, segundo o Sartre de *Huis clos*.

Nos meus últimos trinta e cinco anos de actividade política, o partido dos señores de entremedias lévame enganado e defraudado tantas veces que xa non podo saber con certeza se o superan a vostede nesa esperpéntica carreira. (*Risos*.) Mais algo teño por certo: se vostede fai trampa outra vez, vostede pasará sen pena nin gloria —a gloria non a merece, mais tampouco lle desexo o inferno, nin sequera o de Sartre—, mais este país proseguirá o seu camiño adiante pola historia, e nós estaremos nese camiño, xustamente o BNG é o que estará nese camiño, o que está nese camiño, adiante pola historia. Esa marcha avante na que seres humanos galegos como Castelao e Bóveda e tantos outros —e tantos moitos máis que non figuran con nome propio individual na nosa memoria, pero que na nosa memoria están como bos e xenerosos— proseguirá esa marcha avante, digo, na que esa “Santa compañía”, como a chamou o Daniel, de Rianxo, é o protagonista colectivo da “Alba de gloria” que neste país alumea en cada mencer de combate cívico e político polas súas liberdades e polo seu benestar; esa

marcha avante que vostede outrora tentou deter e ese cotián mencer que vostede outrora tentou apagar tan teimuda como insensata e inutilmente, por carecer da indispensábel modestia que profesamos os que sabemos e asumimos que a historia a fan os pobos e non a facemos os chamados líderes nin, por tanto, a podemos desfacer nin deter.

Mudarra e Chinchilla, cando aplicaron as que vostede chamaría hoxe “medidas de hixiene” decretadas daquela por Isabel e Fernando para a doma e castración de Galiza, que relatan as crónicas, non tiñan imaxinación para abesullaren que, trescentos cincuenta anos depois —un pestanexar de ollos no tempo histórico—, un militar liberal chamado Solís e mais Antolín Faraldo e os estudantes composteláns —outra volta os universitarios como precursores, xa ve; pónase a remollo, non ten barbas— ían facer *emergullar* de novo, coa Revolución do 46 e os mártires de Carral, as fontes aparentemente estiñadas co esmagamento dos Irmandiños —pero que en realidade seguían o curso dun río soterrado ao longo de tres séculos—.

Eu dixen humoristicamente máis dunha vez —e remato, señor presidente— en conversas de amigos que este país resistira inclusive os clataclismos dos pregamentos terciarios ou alpinos, que unicamente o fixeran bascular cara ao Atlántico e formaran o marabilloso ecosistema das rías —que vostedes *remolonean* en sanear, por certo, aínda que o simulen cando tocan eleccións—. Se aqueles cataclismos oroxénicos non acabaron con este país, mesmo denantes de ter habitantes, non acabaría vostede, señor candidato, por moito que aínda puidese durar a súa fatalmente efémera pertenza á biosfera, como a de todos nós. Así que, asosegue que ese cargo de conciencia non o vai levar vostede consigo ao seu sartergo político, cando lle toque.

Entremetres ten vostede a oportunidade de demostrar que a oferta, a apertura e o diálogo dos que falou vostede aquí o outro día, que eu acepto, os vai cumprir, e non faga como a partir de 1993, que fixo o mesmo, eu contesteille o mesmo, e nunca máis se soubo.

Máis nada e moitas gracias. (*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Beiras.

Ten a palabra o señor Pita Varela polo Grupo Parlamentario Popular.

**O señor PITA VARELA:** Señor presidente, señorías, un pequeno inciso. Supoño que cando o voceiro do Bloque Nacionalista Galego falou de “humoristicamente” non faría referencia ó seu discurso patético do día 21 de outubro, xusto ó saberse o resultado electoral, porque foi verdadeiramente unha demostración do humor do señor Beiras. Supoño que non se referirá a ese, porque penso que aínda ó pobo galego, descualificado persoalmente, lle está dando o sorriso ó ver que pode haber alguén que se presenta a unhas eleccións e non acepta a súa derrota por quinta vez consecutiva, como lle pasou ó señor Beiras. Isto como preámbulo simplemente, señor presidente. (*Risos.*)

Señor presidente, señorías, como consecuencia das eleccións, da realidade, non da realidade virtual que escoitamos hai un momento, senón da realidade, do que aconteceu o 21 de outubro, auténtico día no que o pobo sanciona a actuación dun goberno, e incluso non só a actuación dun goberno, senón que sanciona a actuación tamén dos grupos da oposición —que tamén o sanciona, loxicamente— e tamén, equilibra, reequilibra ou modifica tamén cómo se atopa nese momento previo á constitución dunha Cámara, dáse a circunstancia de que, por cuarta vez consecutiva —como non aconteceu aínda en ningunha comunidade do Estado—, como consecuencia da acción política do Goberno do presidente Fraga e do grupo parlamentario que o apoia, como consecuencia diso, hai non unha maioría, senón unha supermaioría do Grupo Parlamentario Popular, do Partido Popular, co seu proxecto de continuidade do que foron doce anos excepcionais da historia de Galicia e do que foi a transformación da nosa comunidade a través, como dixeran en moitas ocasións —e aproveitamos hoxe para repetilo—, dunha revolución silenciosa. Hai unha nova Galicia, consecuencia do traballo dun goberno serio e responsable, que si presentou un programa, que o presentou no 1989, que o cumpriu ó cento por cento, que

o presentou no 1993, de continuidade outra vez, como non podía ser doutra maneira, e que o cumpriu ó cento por cento no 1997 e no 2001.

Consecuentemente, a resposta dos cidadáns non podía ser outra que o apoio maioritario, ¡que xa lles gustaría a outros! Porque alí onde presentan os programas ficticios —que despois fan todo o contrario ó que presentan, a utopía falsa—, que resulta que é neses poucos concellos onde gobernan, entre outros, os nacionalistas galegos —os nacionalistas radicais, claro; os nacionalistas verdadeiros aquí practicamente non existen—, resulta que é onde, cando chega a hora de ratificar ou non o seu traballo, perden máis votos e é onde o Partido Popular, ademais, como pasou nestas eleccións e noutras, recupera incluso ese voto urbano, a pesar da descualificación permanente do líder do Bloque Nacionalista Galego respecto dos propios cidadáns e da súa capacidade para que en liberdade, porque nos atopamos nun país democrático, poidan emitir o seu voto con plena liberdade; algo que non entenden —non sei se todos— os representantes do Bloque Nacionalista Galego. Eu penso que algúns haberá que si. Supoño que será a disciplina a que os somete a acata-lo que se dixo aquí dos parvos. (*Risos.*) É que eu primeiro non entendía ben se estaba falando dos bardos ou dos parvos, pero era dos parvos, desa gran maioría que vota o Partido Popular. Por enésima vez o representante do Bloque Nacionalista Galego descualifícaos e chámalles parvos, como lles chamou ignorantes cando no ano 1997 dixo aquí nesta mesma Cámara —está recollido na acta— que os 2/3 dos votantes do Partido Popular eran analfabetos. E descualifica tamén aqueles da emigración —loxicamente, para vostede, polo menos para vostede, ou para vostedes, que falan no nome do grupo, do grupo *variopinto* que son o Bloque Nacionalista Galego—, os nosos emigrantes, que son coma nós, coa diferenza de que en vez de atoparse aquí teñen uns a sorte e outros a desgracia —porque non o están pasando ben— de atoparse fisicamente noutro espacio; pero teñen os mesmos dereitos os que están acolá que os que estamos acá, os que están na diáspora como os que estamos na metrópole. Iso a vostede, señor Beiras, non lle vale.

Pero nós non podemos estar mirando permanentemente para a esquerda porque temos que traballar. Os gobernos do presidente Fraga o que fixeron foi, cun

proxecto de progreso, de modernidade e de transformación, mirar cara a adiante para transformar Galicia e sucesivamente os cidadáns, tendo en conta, ¿como non?, e escoitando o que din outros grupos; pero nós o que non podemos é someternos a implanta-lo programa dos outros. Defraudaríamos, señor presidente, señorías, os que tiveron a confianza no presidente Fraga e no grupo parlamentario que apoia o Goberno do Partido Popular de Galicia, como non podía ser doutra maneira.

Aquí non se deturpa absolutamente nada. E quero subliñalo, porque se fixo referencia a como nesta Cámara non se debatía todo. Eu quero dicir que saia calquera dos representantes ou voceiros dos dous grupos da oposición —un xa desapareceu— para dicir qué tema se deturpou nesta Cámara, se esta Cámara non é democrática e cál é esa transformación para que poidan vi-los temas. Outra cuestión é que a minoría pretenda impoñer á maioría o que ten que decidir, porque daquela si que poñeríamos en grave risco cás son os principios da democracia.

E dito isto, quero felicita-lo noso presidente, que leva liderando nos últimos doce anos o proxecto máis ambicioso que houbo no Estado, o dunha comunidade que era a fin do mundo, xa que nos atopabamos practicamente illados do resto do mundo, e que hoxe é un referente en múltiples aspectos, e referente, ademais, en canto á evolución e á modernidade do que hoxe son tódalas aplicacións, empezando polas novas tecnoloxías, aquilo que tanto se criticou. Se nós fixeramos caso, hoxe Galicia non tería as redes dos medios de comunicación, as redes informáticas do que é hoxe a modernidade, das conexións, das autopistas da comunicación. Témolas antes que ningunha comunidade, e iso recoñeceuno a nosa sociedade e iso recoñéceno en todo o Estado. Somos pioneiros, iso si, porque non lle fixemos caso á oposición nin cando debatemos nunha investidura nin cando debatemos nun debate do estado da Autonomía nin cando debatemos uns orzamentos. Nós témo-lo noso proxecto.

Recordo cando se criticaban tódolos grandes proxectos das infraestructuras, desas comunicacións, da autopista da información, de algo que hoxe é a clave, que é ver hoxe os nosos rapaces enchendo eses ciber tódolos días. Sómo-la primeira comunidade na que os centros educativos, señor Touriño, están conectados; a

primeira do Estado con moita diferenza. Agora, ¿que aínda hai que facer maior esforzo? Por suposto. ¿Que temos que mellorar? Por suposto. Pero, en moitos aspectos, somos pioneiros e os primeiros, con grandes dificultades, porque a nosa aposta priorizou sempre o que demanda a nosa sociedade e, consecuentemente, detrás vén o recoñecemento.

Vostedes poden criticar moitísimos aspectos dos sucesivos gobernos do presidente Fraga. Vostedes poden criticar —por certo, non o escoitamos— o noso programa político. A min, hai un pouco, escoitando o señor Touriño, dábase a sensación de que o Partido Socialista gañara as eleccións e nos estaba presentando o seu programa. Por certo, en varios aspectos era unha relectura —en cativo— do que é o gran proxecto do Partido Popular. E cando vostede dixo que o señor presidente da Xunta difuminara e non aclarara nada no discurso do outro día, non pretendería vostede que o presidente Fraga estivera aquí doce horas falando. Pero eu quero recordarlle que o único partido político que nas eleccións do 21 de outubro presentou un programa completo foi o Partido Popular, primeiro cos libros brancos e logo cos mil —parte deles téñenos anotados vostedes, xa llelo dixen nalgunha ocasión, o que pasa é que son pouco traballadores e creo que van aínda no capítulo cuarto—... Nós temos moitos máis, porque traballamos moito, (*Risos.*) dígollo de verdade. Vai no capítulo cuarto, pero nós témolos aí escritos; léaos, por favor. Daquela, non lle pida ó señor presidente que bote oito ou dez horas lendo o noso gran proxecto de futuro, que ten o engancho coa continuidade do que foron estes doce anos, porque, de verdade, nós sentímonos satisfeitos, moi satisfeitos, porque o pobo galego así o demostrou o día 21 de outubro. Nós non imos rachar e impedi-lo que é o apoio popular, incluíndo os que o Bloque Nacionalista Galego lles chama parvos, que son todos aqueles que non votan o Bloque Nacionalista Galego; concepto moi bo do que é o sistema democrático aplicado na doutrina do Bloque Nacionalista Galego.

¡Así lles loce o pelo! Sigan así. Por nós, desde logo, sigan con eses discursos durante moitos anos, porque eu dígolles de verdade, cando aquí falamos da cuarta lexislatura e da maioría, señor Beiras, do presidente Fraga, eu quero recordarlle que o señor presidente gañou no 1989, no 1993, no 1997 e no 2001, e que vostedes, dentro do gran éxito, non sei qué era o

que non querían celebrar con champaña, porque vostede, persoalmente, son cinco derrotas consecutivas as que leva. Penso que ese si que é un *récord* paréceme que non hai ningún líder en España que o teña. (*Risos.*) Nós témo-lo *récord* de se-los que máis gañamos; vostede ten o de se-lo que máis perdeu.

Fixo referencia á universidade, ó problema planteado na actualidade. Mire, señor Beiras, eu quéro lle recordar que a vostede na universidade xa o sancionaron hai tempo, persoalmente, cando aqueles rapaces andaban poñendo uns papeliños, como aquel de “*Buscar al soldado Beiras*”. (*Risos.*) Vostede saberá por qué era. Creo que non o atopan pola universidade case ningún día dos que ten que ir vostede a impartila súa docencia alí. Pero ben, esas son cuestións... Si, si, si, creo que aínda o andan buscando. (*Risos.*)

Pero é que, claro, vostedes veñen aquí, facer un discurso de descualificacións permanentes cara a quen obtén a maioría do pobo, dos medios de comunicación, que están, segundo vostedes, ó servizo do Partido Popular. Eu, cando cambio impresións como voceiro deste grupo cos meus compañeiros, cos membros do Goberno, a verdade é que vexo que non fan a lectura que fai o Bloque Nacionalista Galego. Nós pensamos que hai un país libre, onde cada un exerce libremente, e que, desde logo, non está mediatizado.

Eu máis ben penso que é un pouco de nostalxia do señor Beiras, que recoñeceu —por certo, nunha contradición clarísima e permanente— aquí, no ano 1993 —témolo gravado—, que non era marxista. No 2001 si o recoñeceu abertamente; congratúlanos que agora o recoñeza, pero no ano 1993 dixo que non. E nun medio de comunicación tamén dixo que non. Pero, ben, como vostede unha vez máis quitou aquí —cousa que non é no aspecto de utilizalo partidariamente— a figura do noso Castelao, quero recordarlle que vostede é marxista e Castelao non era marxista; iso como diferenciación fundamental. A partir de aí fale vostede o que queira. Pero Castelao non era marxista, vostede si. É unha leve, pequena, diferenza entre vostede e Castelao, e outros moitos que nos atopamos nesta banda, á parte dos que están empatados con vostede; porque vostede, que é tan demócrata, e vostedes, do Bloque Nacionalista Galego, aínda non se deron conta, non se decataron, de que na banda da oposición están empatados. Non hai o voto 18.363,

hai 17-17 neste Parlamento e en tódolos parlamentos democráticos do mundo. Os números poñíanlles a aqueles cidadáns nos países onde a democracia non se exercía e estaban numerados como os animais; a aqueles parvos, que o serían para vostede, non para nós, loxicamente. Son cidadáns que hoxe, por sorte, con dificultades, teñen o pleno dereito e ós cales nós tamén os imos axudar para que, como nos axudaron solidariamente a nós, poidan te-los mesmos dereitos que os que hoxe desfrutamos nesta Cámara, nas 17 cámaras autonómicas e no conxunto do Estado español, aínda que lles pese —e digo o de “español” con especial énfase, para que se enteiren; dígoo polas dificultades ás veces dese entendemento—.

Señor Touriño, eu xa llo dixen e repítollo —díxeno nalgunha outra ocasión—, nós, loxicamente, alegrámonos dese empate, incluso de que fora algo mellor, e dígoallo porque do mal, o menos. Pero, de verdade, vostede fixo aquí unha serie de plantexamentos relacionados co seu programa —que quitaron agora, porque na campaña practicamente non se lles viu— e, desde logo, a verdade é que dixo cousas que non teñen nada que ver co que pasou, e incluso algún plantexamento que fixo de modificacións tería que facerse a nivel de Estado. Eu quero recordarlle que en todo o que foi, a nivel de Estado, o seu partido, e vostede máis directamente, por formar parte de gobernos do Partido Socialista en Madrid, tivo unhas ocasións magníficas para facer moitas modificacións. Ben, pois resulta que vostedes pecharon o seu exercicio centralista e xacobino e non houbo maneira de que cara a nós fixeran algunha apertura. Vostede, como galego, ó mellor xa estaba pensando no futuro en vir a esta terra e en vir defende-los intereses dos galegos, dignos intereses, e desde logo vostede como socialista puido facer un pouco máis cando tivo alí outras oportunidades e así non teríamos nós que estar amañando as desfeitas que fixeron vostedes. Porque, cando fala de solidariedade, eu quero recordarlle que houbo en Madrid un goberno que, se dura un pouco máis, a solidariedade transfórmase en que nos deixan a todos en coiros, señor Touriño. (*Risos.*) Faltoulle moi pouquiño. Claro que houbo unha reacción do pobo, que loxicamente entende moito, e colleuse a tempo no seu momento para que non acontecera unha auténtica catástrofe.

Vostede falou da converxencia-diverxencia, e eu quéro lle dicir que se alguén diverxía, se alguén non coincidía, se íamos de costas a todo o que era o camiño de Europa, pois era o que estaba acontecendo nos anos 1993, 1994 e 1995, ata que o Partido Popular gañou as eleccións xerais, puido gobernar en España e en ano e medio deulle unha volta de 180 graos á nefasta política que estaban a facer vostedes, incluído cara a nós, que é ó que eu teño que facer referencia.

Á parte, eu tería que lerlle un pouco máis, porque quero recordarlle que, por exemplo, na pasada lexislatura o Consello de Contas fixo unha serie de recomendacións e, consecuentemente, a responsabilidade do Goberno galego fixo que se procedera a dar unha nova regulación legal con tódolos requisitos esixibles para concesións, xustificacións, pago e control, mediante a modificación da Lei de réxime financeiro, e o propio Consello de Contas entendeu nos seus informes que se procedía a dar unha regulación completa na materia e quitouse un decreto sobre esta cuestión. Consecuentemente, pídlle por favor que non faga demagogia e que recorde o que si se fixo. E o que non se fixo é o que eu lle pido que recorde. Critique o que non fixemos, pero non critique o que si fixemos e o que estamos a facer.

Tamén vostede criticou o discurso do presidente. O discurso do presidente ten que estar sometido a unha temporalización que non pode exceder dun tempo e, loxicamente, o que fai é plasmar en síntese o que foi ese proxecto dos libros brancos, o que foi lanzar eses 1.000 anuncios que se fixeron do que é o proxecto e o programa do Partido Popular, baseado nunha base tan firme como foi o traballo de doce anos de continuidade, que é o que vostedes poden criticar. Digan de aí o que non lles gusta, ou díganlo-lo que nós non cumprimos no noso programa, o que nos proxectos sucesivos do Partido Popular non se cumpriu. Cumpríronse todos, non houbo comunidade no Estado que cumprira o seu programa practicamente ó cento por cento, como non houbo comunidade, consecuentemente, na que quen goberna obtivera o apoio por cuarta vez que obtivo o presidente Fraga, o seu Goberno e o grupo parlamentario que o apoia. Consecuentemente non nos pida que fagámo-lo contrario..., ben, si, pídanolo, por favor, pero nós non o faremos porque seguramente vostedes o piden para que nós fracasemos. ¿Por que? Porque, mire, aquí fa-

louse, por exemplo, de urbanismo. Eu pódolle dicir que o único “feísmo” —utilizando esa palabra— no urbanismo, especialmente das grandes cidades, o hai nunha cidade na que cogobernan vostedes co Bloque Nacionalista Galego, onde gobernaron vostedes en solitario e na que aínda hoxe os xuíces están resolvendo esa problemática urbanística. Refírome á cidade de Vigo; pasados dez anos aínda o están resolvendo na actualidade. Ou a barbarie que o Concello de Cervantes está cometendo no Piornedo, que está declarado conxunto histórico, por poñerlle un exemplo dunha zona rural.

Claro que tamén hai outra cuestión que eu quero subliñar aquí, e non sería correcto que non o dixera. Hai alcaldes do Partido Socialista —por certo, os máis votados— que non coinciden nese terreo coa exposición que fixo vostede. Eu espero que vostede teña unha aproximación con eles e que recoñeza o que recoñecen eles do que é o traballo da Xunta de Galicia, por exemplo en urbanismo, pero tamén noutras cuestións, e curiosamente son os máis significativos. Como non pode ser doutra maneira, cando incluso os alcaldes de partidos opositores nos fan un recoñecemento público do traballo en materia de urbanismo e noutras moitas materias que fai o presidente Fraga e a Xunta de Galicia, de verdade ten que entender que aínda nos sentimos un pouco máis satisfeitos que cando o afago vén dos nosos.

Por certo, quero recordarlle que, como consecuencia da nosa política de vivenda, en Galicia temos entre outras as vivendas máis baratas do Estado, e quero subliñarlle que, por exemplo, en vivendas sociais a única comunidade do Estado que subvenciona o 50% a fondo perdido é esta. Vostedes en catorce anos ¡canto puideron facer!, pero a verdade é que non se viu. Nós si, subvencionámo-lo 50% a fondo perdido nas vivendas sociais. Por exemplo, unha vivenda social o custo actual que ten no Instituto Galego de Vivenda e Solo está entre os nove e os dez millóns de pesetas. O cidadán adjudicatario dunha vivenda social paga entre catro e cinco millóns de pesetas. Iso si que é unha política social avanzada en termos de benestar, e é a única comunidade do Estado que o fai. ¿Que non lles gusta? Por suposto, pero nunca o fixeron vostedes. Cando gobernaron aquí, no pouco tempo que estiveron —porque tampouco tiveron moito tempo, por sorte—, non fixeron ningunha medida dese tipo, e desde

logo en catorce anos, que puideron emanar, tampouco. Agora, ¿que lles quedou o verme para poder facelo? Pois seguramente que nun futuro, que nós calculamos para despois do 2010, (*Risos.*) porque, desde logo, vostedes, que pretenderon pechar no ano 2001 unha década de progreso do proxecto do Partido Popular dos gobernos do presidente Fraga, fracasaron. Nós rachamos con ese teito que vostedes poñían, abrimos unha nova fiestra que chega e acada, como mínimo, ó ano 2010 co gran proxecto de futuro e de continuidade do Partido Popular. Xa non hai o tópicos dos dez anos, está aberta unha porta inmensa para todos, pero especialmente para quen ten a responsabilidade de gobernar, e para vostedes para exercer desde a oposición.

A nós prodúcenos tristura, señor presidente, señorías, que a mensaxe dos grupos da oposición —como fixeron na campaña electoral— e que o único proxecto e programa fose quita-lo Partido Popular do medio para que non seguira gobernando o presidente Fraga. Miren, iso si que é fracaso, que botaran toda a campaña: “Fóra don Manuel”; e don Manuel é moito don Manuel e o pobo galego recoñéceo moito. Pois resulta que fixeron xusto o contrario do que dixeron todos vostedes: votar máis a don Manuel e ó proxecto do Partido Popular, porque non se pode ir a unhas eleccións sen proxecto e ir simplemente facer unha crítica destructiva.

A verdade, señor Touriño, é que confundiu esta Cámara cando falou da LOU. Aquí podemos falar dela, como imos falar dentro duns días cando se reabran aquí os debates. Falaremos longo e tendido e temos moito que dicir, ademais, respecto diso, pero non esquezza vostede nin ningún membro desta Cámara que esa é unha lei de ámbito estatal que se vai debater e votar o día 14 deste mes. Xa se está debatendo, xa pasou o trámite do Senado, vaise votar e vaise aprobar, loxicamente, cos votos da maioría absoluta do Partido Popular no Parlamento español, no Congreso dos Deputados; non o confunda con esta Cámara. Iso vaise facer alí. Á parte de que falemos dela, por suposto, pero o debate e a votación fundamental vaise facer onde os seus compañeiros están expoñendo as súas ideas.

O Bloque Nacionalista Galego deu a sensación de gañar nalgún momento as eleccións, porque din que

non brindaron, que eles non quixeron facer esa demostración, con champaña ou con non sei qué cousa, o que queiran. Pero eu non sei por qué teñen que brindar, na derrota, porque non gañaron nunca, e se non gañaron nunca non teñen nada polo que brindar. ¿Que foi, que nun momento determinado pasaron por riba do Partido Socialista? Ben, pois se iso hai que celebralo, celébreño vostedes, por nós poden celebralo durante cen anos. Agora, nós estamos moi satisfeitos, ou satisfeitos, de que houbera un reequilibrio, de que neste momento estean empatados, porque nós consideramos que o Partido Socialista é a alternancia, partindo duns principios básicos. Hoxe o noso grupo non deixou de sorprenderse unha vez máis cando o Bloque Nacionalista Galego veu falar aquí da Constitución e veu falar aquí fundamentalmente do Estatuto. ¡Oian!, que hai poucos meses, no mes de abril, celebramos aquí o 20º aniversario do Estatuto de autonomía, o 20º aniversario, pero ¡ollo!, non o celebramos todos, celebrámolo os que apoiámo-lo Estatuto, como previamente apoiámo-la Constitución, porque, se non, é que facemos aquí unha confusión moi grande. O Bloque Nacionalista Galego, o que había daquela do Bloque, non acatou o Estatuto de autonomía, a ver se nos entendemos dunha vez, porque, se non, iso se chama puro fariseísmo político e aquí estamos para poñe-las cousas en claro. ¿Como se pode vir falar aquí do Estatuto e facer lembranzas de momentos determinados cando non acataron vostedes primeiro a Constitución e despois o Estatuto? E aínda hoxe en moitos sitios a acatan por imperativo legal.

Así que a ver se somos cada un consecuente, porque nós, desde logo, o noso proxecto, a nosa realidade e o que nós defendemos nunca o negamos, como galegos, como calquera dos demais, nin máis nin menos. Aquí parece ser que hai unha elite que son —por sorte, poucos— distintos, non sei se analizan o do RH, pero teñen ou intentan —porque, desde logo, non o van conseguir nunca— ter un pedigree distinto ó do resto dos galegos. Son unha minoría excepcional, non recoñecida —díxoo o propio señor Beiras—, e logo está unha gran maioría, onde se atopan a maior parte dos parvos, dos analfabetos, dos mediatizados, etc., que son os que apoian e votan o Partido Popular; a gran maioría do pobo galego, eses dous tercios de analfabetos, de parvos, etc. Pero esa maioría foi a que apoiou para que houbese un Estatuto de autonomía para Galicia, a que apoiou para que existise este

Parlamento e para que existisen as institucións democráticas, tanto para legislar, executar, como para exercer-lo control de todos estes órganos. Iso foi o que aquí algúns negaron sistematicamente. E cando digo sistematicamente dígoo porque hai que recordarlle a cadaquén o que dixó no seu momento. O 6 de abril de 1981 o Estatuto de autonomía, que é a lei fundamental de Galicia, facíase realidade, e van vinte anos. O maior anhelo político expresado polo pobo galego ó longo da súa historia foi acadar este obxectivo. Uns meses máis tarde, o 19 de decembro de 1981, celebrábase a primeira sesión plenaria do Parlamento de Galicia; unha data —polo menos para nós e para a maioría dos galegos— verdadeiramente histórica porque aquel día se vían cumpridas por fin moitas ansias, moitos soños e moitos esforzos.

Nembargantes, eu quero facer lembranza, por se a alguén lle falla a memoria, de que algúns decidiron non estar alí, aínda que o Estatuto que rexeitaban daquela sexa o mesmo que hoxe acatan, non outro, o mesmo, erixíndose en comisarios políticos deste. Refírome ós que na transición defendían unhas —entre comiñas— “Bases constitucionais para a nación galega”, os mesmos que no nome da “liberación nacional” compartían o eslogan de que “as autonomías son o opio das nacións sen estado”. Desde logo, estas nin son verbas dos desta banda nin dos da metade desa, son dos de acolá. Esas son as súas verbas, están escritas e ditas. Son os mesmos que consideraban que, como Galicia era unha colonia interior, os problemas e as crises non eran causados polos seus erros e delirios ideolóxicos, senón que a culpa había que botárllela sempre ás malévolas forzas esóxenas e colonizadoras. Xa saben a quen chaman colonizadores, ós nosos compañeiros españois do resto do Estado e, loxicamente, do estado de “España” —poñan a cruz, que saben que lles fai dano escoitar ese nome—.

Non sabemos se a estratexia dos que antes alcumaban esta Cámara —e digo outra frase entre comiñas que utilizaban vostedes, “o parlamentíño de cartón”, e non precisamente por facer un uso agarimoso do diminutivo— segue a se-la mesma que cando dicían que “outra cousa é que para maior combate-lo réxime español vixente no seu propio terreo de xogo, na súa propia estrutura, cumpra ter presenza e participar nas institucións autonómicas e dármolles así a volta á súa función para utilizalas nós a prol do combate do



nacionalismo; ou sexa, para combatermos ó inimigo coas propias armas”. Isto que acabo de ler, señorías, señor presidente, está na páxina 234 de *A nación incesante. Conversas con Xosé Manuel Beiras*. Son verbas del, non nosas.

Pasaron vinte anos de autonomía galega e non sabemos nós nin a maioría do pobo galego se os que así pensaban seguen pensando o mesmo. Realmente é difícil sabe-lo que pensa de verdade o Bloque Nacionalista Galego porque cando chegaron as eleccións o seu programa foi —ou polo menos o que dicían— socialdemócrata, iso si, recoñecendo que eran marxistas, que xa hai que botarlle imaxinación para compaxina-las dúas cousas, pero era un pouco o sistema. Pasan vinte anos e a cada pouco os seus dirixentes sorpreñendonos con contradicións tan evidentes como, por unha banda —que non sei se hoxe se atopa aquí, seguramente que non—, a fascinación monárquica dun dos seus xefes, don Francisco Rodríguez —hoxe centralista en Madrid—, despois de visita-lo rei, con quen puido falar en portugués, ou outras incoherencias impropias dunha fronte de liberación nacional na que manda e ordena un forte partido comunista no máis ortodoxo esquema do marxismo-leninismo.

O que si sabemos é que xa deberon de caer na conta de que o pobo galego ten unha soa bandeira. Vostedes na campaña —e a iso vou— utilizaron —por fin— a bandeira de Galicia, como a úsamo-la maioría dos galegos, pero utilizárona só na campaña, ó día seguinte outra vez a da estrela vermella de cinco puntas, que ¡que Deus llela conserve durante moitos anos para ben de tódolos demais!, (*Risos.*) porque, para nós, desde logo, non, e ó pobo galego vaille custar moito traballo, porque, se era difícil alá polos anos vinte ou trinta, imaxinen na actualidade, imaxinen o que significa no 2001.

Ben, así, mentres vostedes na campaña se adicaban a rebaixar e a camufla-los seus principios, o Partido Popular, partindo da firme base do galeguismo, asumía toda unha tradición autonomista, practicando un galeguismo popular, solidario e maioritario hoxe na nosa terra, como non podía ser doutra maneira, porque así nolo pide e nolo demanda a maioría do pobo galego.

Señor presidente da Xunta de Galicia, eu penso que en calquera goberno democrático é unha honra participar; é unha honra apoiar calquera goberno democrático, pero, no caso de Galicia —Galicia, non Galiza, que ata niso...—, señor presidente da Xunta, señorías, sentímonos máis orgullosos, porque o pobo galego demostroulles ó presidente Fraga, ó seu goberno e ó grupo parlamentario que o apoia nestas últimas eleccións que non só está de acordo co noso proxecto, senón que, como dixó unha alta autoridade de Madrid, cando estabamos falando —non do Partido Popular de Madrid, de Madrid— do resultado das eleccións: “É que vostedes non gañaron, o presidente Fraga arrasou unha vez máis”. ¿Como non imos estar plenamente satisfeitos e como non lle imos dar, benquerido presidente, o noso apoio ó proxecto máis fermoso que tivo a historia de Galicia?

Moitas gracias. (*Aplausos nos escanos do Grupo Palamentario Popular de Galicia.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Pita.

Rolda de resposta, ou de contestación, do candidato.

Señor Fraga, cando queira.

**O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne):** Moitas gracias, señor presidente.

Señor presidente, señoras e señores deputados, empezo, naturalmente, por da-las gracias ó portavoz do Grupo Popular, que sempre foi un exemplo de colaboración permanente e lealdade, de unión no esencial e de lexítima representación das súas respectivas áreas e de asistencia sistemática a tódalas avaliacións parlamentarias. Podo dicir que esta gratitude llela dou a persoas que aínda estou coñecendo, porque nós fixemos unha ampla renovación, como se debe facer, e, efectivamente, estamos nestes momentos coñecéndonos. Deséxolles que estean —como han de estar— á altura —e aínda máis, se é posible— dos seus predecesores. Penso que gracias ás dilixencias do señor presidente da Mesa —ó que debo felicitar— van dispoñer, como tódolos señores deputados, de maiores facilidades de traballo que nos van unir a todos máis a esta casa.

Respecto da intervención do señor portavoz do Bloque Nacionalista Galego, quero dicir que a escoltei coa maior atención e co maior respecto. É indubidable que partimos de fundamentos e de ideas dificilmente conciliables, e é certo que a filosofía marxista é incompatible coa que nós queremos continuar, a da tradición cristiá de occidente —a súa parécenos unha visión pouco integradora respecto da sociedade e respecto, naturalmente, dese conxunto que chamamos España, que é a base da nosa presenza aquí, porque desta Constitución vén a nosa Autonomía e o noso Estatuto—, pero hai algo importante, e é que dentro de expresións que probablemente estaban fóra de lugar, como “Tirano Banderas”, os “gachupíns”, ou “*delirium tremens* do Goberno”, houbo, eu creo, unha aceptación do principio de diálogo. Pois eu quero dicir que iso me produce unha gran ledicia. Menos ledicia me produce, naturalmente —e non foi o único, infelizmente—, que aproveite para trata-lo tema da Lei de ordenación universitaria como un modelo de acción directa que se debe contraponer á representación normal. Pois ben, esa fórmula, frecuente en partidos da esquerda, evidentemente, ten pouco que ver con ese espírito de diálogo parlamentario que se quere defender.

En todo caso, eu creo que, precisamente por iso, un vello universitario, con moitos anos de servizo, con dúas oposicións gañadas e con razoable éxito, pode pensar que a lei é razoablemente mellor que a anterior e que melloral a é unha cousa, e outra cousa é presentala como un motivo de acción directa na rúa, que eu sempre creo que é un retroceso nos plantexamentos democráticos.

Non quero falar aquí de que haxa, nalgunhas partes da intervención, algún resentimento contra os demais, contra as forzas políticas, e que a culpa sexa dos grupos de información. Eu teño a impresión de que, efectivamente, houbo moito máis que “tantán” e “radio macuto”. O único —por certo— dos persoeiros que estamos nesta Cámara que sae nas enquisas do CIS, ás veces tan criticado, é o señor Beiras. Ten aí unha ocasión para demostra-la penetración popular que ten. En definitiva, o que é evidente é que a moderación que se expuxo tardiamente non foi crida, naturalmente, pero que a tempo estamos de demostrar que, efectivamente, a partir dela, se pode inicia-lo que

eu sinceramente desexo, que pode ser unha nova etapa.

É obvio que un pode rexeita-la violencia, e non dubido de que sexa o caso do señor Beiras —quero dicilo con toda claridade para que non haxa ambigüidade nas miñas verbas—, pero sen crer na promoción de certas ideas, despois xorden os AMI e medran outros ananos, os que din que hai que ir contra as obras faraónicas, etc. Teño que dicir que precisamente por iso tamén me gustaría escoitar que o noso patriotismo galego é perfectamente compatible co patriotismo español, co patriotismo europeo, e, por suposto, con estar todos na base dunha idea común de sociedade pacífica e progresiva.

Criticase a expresión de “nova era” Eu non sei, eu falei de que non era o remate, como se dixo moi a miúdo na campaña —inutilmente, por certo— dunha etapa; dixen que non, que queríamos comezar, despois do moito feito, o novo século con novos folgos, con novo pulo, e, desde logo, para falar da “nova era”. Aí estivo esa expresión de “*Eu son eu*”, *Ego sum qui sum* —é unha expresión da divindade—.

Tampouco me convencen certas falsificacións da historia, sen dúbida feitas coa mellor intención, porque se os Reis Católicos viñeron a Galicia foi para poñer paz nunha sociedade violenta, non viñeron esmaga-los irmandiños. Os irmandiños estaban coa coroa, e a coroa defendeu os irmandiños, que acabaron por gañar. Hai un libro ilustre de historia, dun bo historiador recente, sobre ese tema —non me estendo—. Pero que un señor aragonés, o señor Zurita, usase unha frase equivocada sobre aquel labor dos reis... Viñeron face-lo gran hospital que funcionou 500 anos, viñeron crea-la Audiencia de Galicia e poñer unha orde e, que eu saiba, só cortaron dúas cabezas, que, na miña opinión, non eran precisamente de persoas especialmente simpáticas: Pedro Madruga e Pardo de Cela. Este último díxolle —e iso consta nos historiadores do tempo— ó Conde de Lemos que había que enche-los carballos de viláns, é dicir, que había que aforca-los irmandiños. E díxolle con moita razón, aínda que quedara soamente na versión humorística da cuestión, o Conde de Lemos que el non comía dos aforcados e que, por favor, fose máis prudente nas súas expresións.

Pois ben, eu reitero e acepto esa versión de intentar, sempre que sexa posible, o diálogo, e creo que todos somos poucos e que temos moito máis en común no aprecio a Galicia e na súa modernización do que ás veces parece. Eu recordo un grato encontro que tivemos en Portugal. ¿Por que non facelo máis veces? Ofrézome de moi boa gana. E, dito isto, creo que, efectivamente, isto é volver á realidade.

Respecto da intervención do líder do Grupo Parlamentario Socialista, eu agradezo a vontade de diálogo expresada xa noutras ocasións, e estou seguro de que poderemos tratar, sempre que se desexe, o nivel que se queira cada vez. Considero que iso é, efectivamente, algo esencial, e que neste caso será moito máis fácil por unha coincidencia básica, alomenos nos principios constitucionais.

É evidente que eu falei dúas horas —que non está mal; eu non fago eses discursos que algúns líderes, que non son precisamente do centro-dereita, fan ás veces de seis horas ou sete—, pero dúas horas xa é tempo, e creo que non houbo ningunha páxina que non contivera algo; máis aínda, con moita razón.

E quérolle dar unha pública explicación, porque me reprochaba o outro día o conselleiro de Xustiza que non falara do traballo que estamos a facer coa reforma dos tribunais. Foi porque non deu tempo. Pero, efectivamente —e doulle a razón, ademais—, hoxe mesmo quero dicir que hai unha información errónea na prensa sobre a tradución nos xulgados, cando xustamente temos máis prazas que nunca e cando neste momento poderíamos, gracias á organización do noso sector audiovisual, proceder inmediatamente, se fose a vontade do Ministerio de Xustiza, do Consello Xeral do Poder Xudicial— que nos visita o presidente dentro de poucos días—, a entrar a face-los xuízos e o que fose necesario. Temos tódolos medios, e témolos a disposición.

Ben, diso non falei, como de tantas outras cousas, pero o certo é que, efectivamente, pola natureza e polo momento deste debate, tampouco me interesa entrar nos detalles.

Diciase nalgún comentario deste ilustre persoeiro que o outro día eu falaba, en moitas cousas, de poñer cifras. Non estabamos aínda no debate presupostario, terémolo ben pronto, e imos velas. Eu si escoitei hoxe

cifras, pero sen saber se houbo a referencia xeral de que, reducindo a Administración, se podía administrar mellor, e ata pode ser que alguén o soñe, pero normalmente a Administración require medios, e teño que dicir que son máis ben escasos aínda na nosa Autonomía, aínda que avanzase bastante.

En todo caso, as leis que anunciei no noso programa van desenvolverse, diso si falei durante esas dúas horas, e podo asegurar que terei moito gusto en falar en detalle dos custos e das cifras, e espero que cheguemos a acordos razoables; acordos que resultan da natureza do diálogo entre a maioría e a minoría. E quero dicir que no Parlamento británico —eu coñezoo bastante ben— a oposición non pode presentar proposicións de lei. Non hai máis que os proxectos do Goberno, sortéanse uns poucos proxectos por persoa, e saen catro ou cinco que son individuais. Tampouco hai interpelacións; hai a rolda de preguntas breves, que, por certo, é un estilo que poderíamos, non digo copiar, pero si ir a el. É dicir, eu teño a sensación de que estamos a falar dun Parlamento no cal a maioría ten, non o dereito, pero si o deber de cumprilo seu programa, pero ten, naturalmente, igualmente o deber de falar, de escoitar, de procurar mellorar, e a iso é o que nos comprometemos.

Nas críticas destes días —hoxe a palabra non saíu exactamente, pero estaba implícita na intervención do señor Touriño— falouse da “ausencia de proxecto de país”. Hoxe falouse da “administración da continuidade”. Ben, ¿que é un proxecto de país? Claro que todos o temos, claro que os partidos políticos o teñen, pero pode ser un modelo utópico dunha “*jauja* rediviva” que, efectivamente, é moi fácil de facer, e tense feito moitas veces, pero, iso si, que non se cumpriu nunca. Ningún chegou tan lonxe como o chamado “socialismo real” do leste de Europa. En qué forma se cumpriu non o teño que explicar.

Pode ser un exemplo histórico para seguir, e hoxe mesmo non me importaría nada recoñecer que o modelo de Baviera —que teño citado moitas veces, dun país que soubo pasar de ser turístico, de montaña e agrario a ser un país ó mesmo tempo potentemente industrial, sen perde-las súas esencia— ou o de Irlanda son modelos interesantes, pero nunca son modelos exactos. O que nós queremos é face-la Galicia que temos, cada vez mellor, máis preto de todos, máis capaz

de intervir en todo, mellor comunicada, con mellores escolas, con mellores hospitais, con mellores medios de telecomunicación. ¿É que non é iso o que se está facendo? Pois ese é o modelo, e iso desde uns principios do que é a boa sociedade.

En todo caso, quero dicir con toda claridade que imos defender tamén o principio de continuidade. A estabilidade e a continuidade son a base dun bo goberno. E posto que falamos de temas concretos, vexa o suceso dun concello levado brillantemente polo seu partido, como é o da Coruña. A base de continuidade gana ata na China. (*Risos.*) fíxense o que pasa con outros, que van moito menos lonxe nos seus triunfos.

Respecto do novo Regulamento do Parlamento, creo que hai que andar con coidado con esas modificacións. Pódese falar del.

Dunha nova lei electoral de Galicia xa me parece moito falar, porque a lei electoral, ademais, como se sabe, é unha competencia nacional. Pode ser nalgún detalle.

¿Novo Estatuto do audiovisual? Pois faremos por melloralo, para iso está crecendo.

¿Lei de subvencións? Pois, mire vostede, eu quixera ter máis fondos de subvencións.

De todo se pode falar. Pero o que está claro é que tamén hai que poñer as cousas no seu sitio. Dise que o Estado capitalista chegou a ser ó mesmo tempo Estado de benestar pola influencia dos grupos da esquerda. Non é verdade. Foi Bismarck en Alemaña o primeiro en Europa que fixo un plan de seguridade social, que os socialistas llo criticaron porque dicían que quería compra-los obreiros. E foi don Eduardo Dato, no ano 1900, o primeiro que fixo, despois da compilación famosa de Cánovas —e despois da continuación que faría, creando o Instituto de Reformas Sociais, don Antonio Maura—, leis sociais, fronte ós que tiñan exclusivamente a teima da loita de clases.

Naturalmente, dicir que non nos interesamos por Iberoamérica... ¿Pero se non fago máis que estar alí! E non penso soamente nas nosas colonias. É que, ademais, eu teño estado en Irán, ¡en Libia!, onde moita xente —como en Cuba— non cría que podía estar un líder coas miñas orixes. ¿Porque estiveren sempre

pola convivencia pacífica e non polos bloqueos! Outros calaban ou criticaban.

Como non se pode dicir que Europa é creación da esquerda. ¿É que Adenauer, De Gasperi ou Shuman non eran homes do centro-dereita coma nós? Pero non imos dicir quen é máis ou quen é peor. O que digo é que neste momento hai que ir polas vilas, hai que ir polas aldeas. Estiven onte na Galicia profunda, no medio das fragas do Eume, vendo funciona-los plans Proder e Leader. E desa Europa, que xa chega ás aldeas precisamente pola forma en que estamos levando as cousas, é da que hai que falar.

Entendo eu que respecto das consellerías —hoxe non se falou delas, pero o outro día si— de Servicios Sociais e de Emigración non se necesita unha especial xustificación. Son de senso común.

Os servizos sociais neste momento teñen unha importancia transcendental. A sociedade, polos seus propios cambios, está creando unha serie de disfuncións. E, efectivamente, respecto destas cidades das que con razón se di que deben ser expandidas na súa importancia, estaba preparado o estatuto da zona metropolitana de Vigo, e foi por razóns electorais polas que non se rematou, non porque nós o freáramos, que fomos quen o puxo en marcha.

Pero, efectivamente, o que é evidente é que os servizos sociais son máis necesarios que nunca, precisamente por esa mesma reincorporación de poboación que deixa as aldeas, ás que lles imos dedicar grande e especial atención nos plans de desenvolvemento rural. Temos que coidar de todo iso. É absolutamente certo que esa consellería é necesaria.

En canto á de Emigración, nun momento en que están envellecendo as nosas colonias, en que non se renovan e no que países, nos que están a meirande parte delas, están pasando crises que reflicte a prensa cada día —na Arxentina e noutros países—, evidentemente é necesario ocuparse diso. E levarán unha parte de galeguidade, outra parte de cooperación. E precisamente se fixo hoxe pública a resposta brillante e exacta do Ministerio de Asuntos Exteriores sobre as críticas que se fixeran respecto do funcionamento do voto emigrante, que evidentemente é terminante e clara.

Polo tanto, de tódolos asuntos que se mencionaron, nós estamos dispostos a dialogar; e de modo moi especial dos famosos cinco puntos. Que quede perfectamente claro que nós o que queremos é precisamente unha etapa tranquila, unha etapa que Galicia aproveite, unha etapa na que non haxa berros nas rúas, senón traballo nos laboratorios, traballo no Parlamento, traballo nos concellos, que, desde logo, nós, neste momento queremos sinceramente facer desde a paz, desde a paz do espírito. Creo que os meus dous discursos o indican: queremos, efectivamente, face-las cousas seriamente, e o rigor orzamentario, inclusive o do déficit cero, non é unha idea dun Goberno de Madrid, é unha idea europea; o que, por certo, entendo que se está disposto a flexibilizar, debido ás circunstancias. A subida de impostos e o novo financiamento autonómico creo que están recoñecidos por todos, mesmo polas comunidades socialistas. Nunha palabra: neste momento sobra terreo para o diálogo, ninguén, no que a nós se refire, se debe considerar excluído. E tamén nós haberemos de cumprir ante o pobo os compromisos que temos ante el.

Por todo isto, a todos moitas gracias polo espírito deste debate. (*Grandes aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario Popular de Galicia.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Fraga.

A réplica dos grupos parlamentarios iniciáremola ás cinco da tarde. Ata entón, suspéndese a sesión.

*Suspéndese a sesión ás dúas e vinte e cinco minutos da tarde.*

*Reiníciase a sesión ás cinco da tarde.*

*Preside o presidente do Parlamento, acompañado da vicepresidenta primeira, da vicepresidenta segunda, do secretario e da vicesecretaria da Mesa, que é asistida polo oficial maior e pola letrada señora López Gómez.*

*Ocupa o banco do Goberno o señor presidente da Xunta en funcións, acompañado dos conselleiros en funcións, de Xustiza, Interior e Relacións Laborais; de Comunicación Social e Turismo; de Agricultura, Gandería e Política Agroalimentaria; de Sanidade e Servizos Sociais; de Economía e Facenda; de Medio*

*Ambiente; de Industria e Comercio, e da señora conselleira de Familia e Promoción do Emprego, Muller e Xuventude.*

**O señor PRESIDENTE:** Boas tardes.

Reiniciámola sesión.

Tralo debate, a votación levarase a efecto ás 18:00 horas, sen prexuízo de que as incidencias da sesión obriguen a modificar esta hora.

A votación será pública por chamamento. As súas señorías deberán de pronunciarse sobre a candidatura presentada coas expresións “si”, “non” ou “abstención”. O candidato será elixido se obtén os votos da maioría absoluta.

E, dito isto, proseguimos coa intervención dos grupos parlamentarios, coas réplicas.

Polo Grupo Parlamentario Socialista ten a palabra o señor Pérez Touriño.

**O señor PÉREZ TOURIÑO:** Señor presidente, señoras e señores deputados.

Señor candidato á investidura, moitas gracias, en primeiro lugar, polo seu ton, polo sentido das súas respostas e pola reafirmación na necesidade ineludible de atopar puntos de encontro, de ter un camiño de diálogo a prol —dende a lexitimidade, obviamente, que nos dan a cada un os votos— do cidadán e da fidelidade ás nosas conviccións, ós nosos principios e ó que representamos. Tamén pola súa aposta por establecer liñas de diálogo para os grandes temas do país, para todo aquilo que poida beneficia-la cidadanía de Galicia.

Creo, como dixen na primeira parte da miña intervención, señor Fraga, que é necesario facer un esforzo —comprendo que teña dificultades nesa materia— de maior calidade democrática, de impulso democrático. Creo que é unha atención necesaria en todo o país, nos novos tempos, e máxime en Galicia.

Ó longo da mañá dei argumentos —creo que pertinentes—, intensos e extensos, sobre a necesidade peculiar do noso país de facer ese esforzo por unha maior calidade, proximidade e capacidade de actua-

ción dende o Parlamento, dende os poderes públicos, en sintonía coa participación cidadá.

Sorpréndeme, señor Fraga, que se confunda —en vostede sorpréndeme especialmente— cando remite o posible cambio, a modificación que plantexo na lei electoral, a que ten que ser algo no ámbito español, no ámbito do Estado. Vostede mesmo modificou, nada máis chegar á Xunta, no ano 1992, a lei electoral. E, por certo, modificouna creo que erroneamente para facer inelixibles os alcaldes. Creo que non foi un acerto daquela.

Pero iso é o pasado; interésame falar do futuro e do presente, e creo que sería bo que foramos a unha modificación, a unha nova lei electoral de Galicia, que fixera unha relectura a fondo de necesidades hoxe sentidas e demandadas pola cidadanía, que achegase máis a Cámara, os seus modos e o comportamento político ás necesidades reais do país.

Creo que sería bo que houbera limitación de mandatos na vida política e, en particular, en relación coa presidencia da Xunta cara ó futuro. Creo que sería bo que faláramos e entráramos a fondo no tema da paridade de xénero nas listas electorais, etc. Paréceme ben. Creo que tomo, no que vale, esa porta aberta que deixou na súa intervención á proposta que fixen cando falei do regulamento electoral e da necesidade de repensalo Regulamento da Cámara en relación con algunha posible fórmula para articula-las comparecencias do presidente da Xunta. Miren, o problema non é a fórmula, o problema non é se hai que —nin tan sequera para isto— facer un cambio de Regulamento. Creo que o problema é un problema de acordo político, sobre todo de vontade. Creo que sería bo, efectivamente, que vostede se brindara realmente a someterse ó control do Parlamento na fórmula que se estime pertinente. Polo tanto, o problema é articula-lo cómo. Tómoo no que vale e espero que poidamos avanzar nese sentido.

Cando falo do escenario europeo e do escenario latinoamericano, en definitiva, da presenza de Galicia e da defensa de Galicia e dos nosos intereses, da defensa da economía, da sociedade, da cultura e da nosa lingua, da proxección exterior, no escenario europeo, no escenario iberoamericano, creo que estou falando dun tema de extraordinaria importancia.

Claro que vostede, señor presidente, señor candidato, ten estado en moitas ocasións en Latinoamérica e en moitas partes do mundo. Ninguén llo discute, é ben coñecido. Pero creo que temos que falar —e eu o que lle estou propondo é algo diferente— dun proxecto de calado e de envergadura na relación latinoamericana de Galicia, que ocupamos un escenario privilexiado dentro da comunidade hispana, nese triángulo formado por Europa e por América, nese triángulo formado entre unha civilización de natureza anglosaxona e inglesa e esa outra parte da cultura na que estamos nós, que é a cultura hispana, a partir dun idioma, dunha lingua, que é a cultura galega. Temos un lugar privilexiado de rede, de posibilidade de relación, e aí teríamos que ir facer algo pola nosa emigración. E o mellor que podemos facer pola nosa emigración é a cooperación e a colaboración cos países latinoamericanos no terreo cultural, científico, de investigación e empresarial. Creo que aí podemos dar un salto histórico; e é a hora de plantexárnolo e de dalo. Para iso terá todo o apoio o Goberno da Xunta de Galicia, se se fai dende coordenadas de solvencia, de rigor, de transparencia e de mutuo acordo.

Creo que tamén boto en falta —e gustaríame insistir nesta rolda de réplica, chama-la súa atención, señor candidato— algúns temas fundamentais para o país. Estou falando sobre todo da necesidade dese plan de converxencia en materia de innovación, de educación, de acceso e de divulgación, de capacidade de controlar politicamente, de regular politicamente, en beneficio da maioría, a sociedade do coñecemento e da información.

Vostede pode presumir —non vou entrar nese terreo— de indicadores —os que queira dar nesta Cámara parécenme ben—, pero a realidade sabemos que é que hoxe Estados Unidos lle leva un diferencial extraordinario a Europa e que Europa nos leva unha diferenza extraordinaria a países, a comunidades, como a galega e como outras de España. Por iso temos que facer un esforzo estratéxico nesta materia, na materia educativa, de innovación e da sociedade da información. Estámonos xogando o futuro realmente nesa materia.

Polo tanto, creo que sería importante deseñar un plan con coordenadas, con prioridades, con programas, cuantificable, avaliable, que nos permitira, ó

longo desta lexislatura, dar un salto histórico nesa materia.

E parécese que hai un problema —citáboo ó inicio da miña intervención— que nos preocupa, dende logo, dende unha sensibilidade socialdemócrata, dende unha sensibilidade de compromiso co país —pero estou seguro de que preocupa a toda a Cámara—, que é o problema, en definitiva, da emancipación, da posibilidade de futuro, das xeracións que temos diante, daquelas que teñen que recolle-lo herdo e toma-lo protagonismo do país. Estou falando das mozas, dos mozos; en definitiva, das mulleres e xoves destes país que sofren e padecen as maiores taxas de desemprego, os maiores problemas de desarraigo respecto da implicación social e cultural nesta Galicia nosa. Temos que facer un esforzo horizontal en moitos campos e materias a ese respecto.

Falouse pouco no debate da crise demográfica; unha crise brutal que me parece un dos grandes problemas deste país. E para que poidamos paliar, salvar e reorienta-la crise demográfica necesitamos, señor candidato, de verdade, apostar a fondo, coa vontade unánime, plena e concertada de toda a Cámara para conseguir máis emprego, máis vivenda e máis posibilidades de emancipación para os nosos fillos e para as nosas fillas.

E quería dicirlle unha última cuestión. Fala dende o diálogo, dende o rigor e dende o rigor orzamentario, presupostario, e, certamente, ten que ser así, non o esquezo. Pero quería darlle unha primicia, que supoño que coñece —non sei se a coñece toda a Cámara—: liquidámo-lo presuposto do ano 2000, liquidaron o presuposto do ano 2000, cun burato, cun roto, cun descosido, de 92.000 millóns de pesetas en fórmula de remanente de tesourería negativo. Señor Fraga, aplíquese a medicina do rigor presupostario, empezando pola xestión da Xunta. Creo que é importante —hoxe non é o día— que no debate presupostario se clarifique cómo imos facer, cómo van vostedes facer, de verdade, para sanea-las contas e o endebedamento da Xunta de Galicia.

E finalmente, para rematar, porque non teño máis tempo, quero dicir que hoxe asistimos ó que considero unha representación insólita, realmente insólita, neste Parlamento. Pasouse esa fina raia, esa delicada

raia, que separa a soberbia da autoestima. O voceiro do BNG cruzou esa raia, deu ese paso equivocado e fixo un exercicio de *hiperego*, un exercicio de soberbia e de narcisismo diante desta Cámara. Fixo un discurso e un debate coma se estivera diante do comité nacional do seu partido; confundíuse de escenario. Fixo realmente unha intervención nuns termos que non poden dubidar de cualificar de exercicio de terapia política exculpatoria ou autoexculpatoria diante dun resultado electoral. Creo que é un grave erro se realmente o camiño emprendido hoxe nesta intervención, no debate de investidura, se desperdicia; se se desperdician o escenario, o destinatario e os obxectivos básicos que se reclaman do que se considera unha das partes representativas da oposición, lexitimamente representativas, creo que levaría a un mal futuro ó BNG. Se os dirixentes do BNG, se o líder do BNG, seguiran por ese camiño, iso levaríao a un mal futuro.

Lamento que escomece unha andaina que, de seguir por ela, o levaría, señor Beiras, a unha regresión a hai máis de vinte anos. Espero que o camiño da marxinalidade e da autoexclusión non sexa o camiño que realmente vostede estea en disposición de tomar. Lamentaría profundamente porque sería un mal servizo ó país, un mal servizo á oposición, e é algo que non desexo. Dígollo honestamente: non o desexo o meu grupo e non o desexo eu persoalmente.

Non atopará nunca no Partido Socialista de Galicia e en min como voceiro e candidato que fun do Partido Socialista de Galicia un indicio, un intento de interese, de confrontación, de debate erróneo, un intento, en definitiva, de confundir-los intereses que temos que compartir: o dunha Galicia na que poida haber un proxecto de cambio, na que poida haber, cando remata a lexislatura, alternancia democrática.

O meu compromiso é con tódolos cidadáns deste país, e non me tremerá o pulso, señor Beiras, non se confunda nunca. Dende unha opción galeguista e socialdemócrata estou disposto a contribuír, a cooperar e a liderar esa alternativa.

Nada máis e moitas gracias. (*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Touriño.

Rolda para o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

Ten a palabra o señor Beiras Torrado.

**O señor BEIRAS TORRADO:** Señor presidente, señorías.

Señor Fraga, descúlpeme vostede que, denantes de darlle a resposta que me parece acaída á súa intervención neste debate, dedique uns segundos a aclararlle algo ao portavoz do Grupo Socialista.

Eu fixen aquí un exercicio de veracidade, desde o meu punto de vista, e de clarificación, que consideraba indispensable e necesario, non tentei plantexar unha diatriba. A diatriba entre un grupo político e outro, como somos vostedes e nós, non ten o seu lugar adecuado no Parlamento.

Señor Fraga —que dentro de poucos momentos será vostede presidente do Goberno da Xunta de Galiza, e xa non só presidente en funcións, senón presidente en plenitude dos seus dereitos como cabeza do Goberno—, quero dicirlle, en primeiro lugar, que eu estimo, non podo dicir “no que vale”, porque o que vale non o podo dicir eu, pero estimo moi sinceramente a actitude que vostede adoptou hoxe e a maneira en que vostede soubo entender o sentido da miña intervención e o fundamental, para efectos deste debate estricto, do que eu dixen, que era a aceptación da súa proposta de diálogo. E quero dicirlle, para aclarar un pouco o que lle dixen demasiado sinteticamente na intervención anterior, que taxativamente a miña posición cara a esa actitude e disposición recíproca ao diálogo que hoxe se ten plantexado é a seguinte:

No Parlamento, evidentemente, é onde debe ter lugar o diálogo político entre as forzas políticas, mais non só no Parlamento. Eu, se mantiven, ás veces, nos tempos anteriores, posturas rotundas eran respecto de que, non habendo unha actitude de diálogo no Parlamento, me parecía falsear o noso compromiso cos electores que tivesemos fóra do Parlamento un diálogo que no Parlamento non existía.

Hai un proceso de traballo creativo que se pode dar no Parlamento, no que a oposición —e nós en concreto sen a máis mínima pretensión de substituír a maioría nin, menos aínda, de substituír a quen goberna, o poder Executivo— pode abrir canles; por exemplo, nos procesos lexislativos. Hai, por unha banda, a posibilidade de utilizar o método da Ponencia conxunta nos casos que o aconsellen, para obter, de entrada, un grao de consenso necesario para temas fundamentais para o noso país. ¿Verdade? Evidentemente que é o Goberno quen ten a última palabra para decidir, co seu xuízo, se un tema necesita, é recomendábel ou existe obxectivamente que sexa elaborado e abordado lexislativamente mediante Ponencia conxunta. Pero o importante é que haxa o diálogo para tratar se se fai así ou non, aínda que a decisión última a tome o Goberno.

O diálogo coa oposición tamén pode darse nos procesos de elaboración dos proxectos de lei do Goberno. Hai precedentes noutras épocas deste Parlamento en que gobernos que tiñan a maioría suscitaban o diálogo e o cambio de impresións, o cambio de criterios, con grupos da oposición no propio proceso de elaboración dos proxectos lexislativos. Doulle un exemplo: a LOSUG, a Lei de ordenación do sistema universitario galego, fíxose así. E iso deu lugar a que finalmente houberse consenso pleno e unanimidade no Parlamento, e incluso por parte “*del único diputado del Bloque*”, esta mesma persoa que lles fala, que presentara unha emenda á totalidade desa lei.

Nas iniciativas de impulso pode haber receptividade ás achegas da oposición. Simplemente hai que ter receptividade, seguir o criterio normal —paréceme— de que as ideas non as ten só o grupo do Goberno porque sexa maioritario. Tamén na oposición e na cidadanía representada pola oposición hai ideas, xorden ideas. E esas ideas poden ser positivas para as iniciativas de impulso, que, ademais —como é ben sabido—, non obrigan legalmente, son recomendacións ao Executivo.

No control, nas comparencias, non me importa que o presidente compareza pouco, moito ou nada, iso é da súa incumbencia. Quero aclarar isto. Efectivamente, hai moitas cámaras parlamentarias nas que non está regulamentada a esixibilidade e a obriga de comparecer ante o Pleno da Cámara. O que me pa-



rece é que é necesario que non se anule na Xunta de Portavoces o dereito dos grupos parlamentarios á inclusión, nas ordes do día, de comparecencias; que non se converta en algo que foi, evidentemente, unha manía ou un comportamento case maquinal por parte do grupo do Goberno, que sistematicamente vetaba a inclusión nas ordes do día das comparecencias, co que reducía á condición de nulo o dereito dos grupos parlamentarios a que se celebrasen comparecencias.

Esta é a cuestión, non que vaíamos facer unhas normas que establezan que o presidente da Xunta ten que comparecer unha vez ao mes, unha vez cada dous meses ou que ten que responder en cada Pleno a cinco preguntas. Iso está ben para a galería pero non é algo que resolva o diálogo e o exercicio dos mecanismos de control.

E a partir de aí, a partir deses plantexamentos —que son plantexamentos, non son imposicións senón explicitación dos criterios cos que nós vemos este problema—, tamén lle quero dicir, señor Fraga, que se vostede mantén na práctica a actitude que hoxe dixox aquí, eu por suposto que estou absolutamente disposto —aínda que non sexa máis, porque son consciente das miñas responsabilidades cos electores que votaron o BNG— a dialogar con vostede onde queira e cando queira; fóra do Parlamento tamén, por suposto. ¡Claro que si!

O que é necesario é que non caiamos na cerimonia da confusión de que, mentres se fala con dirixentes da oposición fóra do Parlamento, no Parlamento se manteñan esas actitudes que negan absolutamente que ese diálogo sexa outra cousa que unha especie de máscara, de lavado de imaxe dunha parte ou doutra, cara á galería ou cara ao electorado. Eses son os meus plantexamentos, como comprende vostede; polo tanto, absolutamente abertos.

E só lle quero facer algunhas indicacións a título indicativo, ou enumerativo, dalgúns dos temas que poderían ser importantes desde o noso punto de vista. Pero antes de facerlle esa brevísima indicación de posibles temas, quero facerlle un plantexamento máis xenérico, e é o seguinte.

Do programa de goberno que presentamos para estas eleccións, nós entresacamos unha serie de medidas urxentes. Fixémolo co criterio de que consideramos

que eran urxentes. Ese criterio non ten por que ser o de vostedes. Pero é evidente —paréceme a min— que dentro destas medidas urxentes haberá algunhas que merezan que vostedes e nós, Goberno e oposición (BNG), vostede e mais eu, presidente do Goberno e simple portavoz dun grupo da oposición, que é o BNG, poidamos falar na medida en que algunha desas medidas urxentes se refire a temas que nós consideremos cardinais para a vida política deste país.

Pero tamén lle quero dicir que eu non me considero en condicións de dicirlle a vostede: Destas medidas urxentes, estas, estas e estas son das que a min me interesa falar. Non, vostede ten, a partir de dentro de pouco, a Presidencia da Xunta, vostede ten a maioría absoluta deste Parlamento e, polo tanto, ofrézolle que sexa vostede quen diga: Señor Beiras, da súa relación de medidas urxentes, estas, estas e estas son aquelas que eu considero que son das que me interesa falar con vostedes, ou aquelas das que eu considero que poderíamos falar sen que sexa desde o principio un diálogo imposíbel por estarmos en posicións absolutamente incompatíbeis; que non creo que sexa así se vostede mantén a actitude que mantivo na súa intervención desta mañá.

E quero simplemente entón, para completar isto —e ben aclarado que, polo tanto, non é máis que a título indicativo—, suxerirlle algúns temas que son importantes. Algúns son de política xeral; por exemplo, a plenitude do Estatuto.

É evidente que estamos nun período que, cando menos, se está debatendo a nivel de todo o Estado español e da opinión pública se hai unha involución constitucional ou non respecto das competencias exclusivas.

A respecto das competencias exclusivas plantéxase un tema de cómo e de se se debe facer unha negociación previa entre a Xunta e o Goberno do Estado nos temas conflictivos entre competencias exclusivas de Galiza e leis orgánicas que se pretenda levar adiante. Por exemplo, o caso da LOU; por exemplo, o caso da Lei de estabilidade orzamentaria, que a nivel de Estado é un problema de estabilidade, de presuposto cero. ¡Moi ben! Para os efectos dunha comunidade autónoma incide na súa autonomía política e de decisión respecto da elaboración dos orzamentos. É cuali-

tativamente moi distinto, e ese é un tema que coido que hai que tratar en serio.

O tema do modelo de financiamento: nós acatamos o modelo de financiamento que resulta vixente hoxe porque, efectivamente, acatamos a Constitución e o que se decide maioritariamente nas Cortes. Pero, evidentemente, está claro que temos que analizar conxuntamente se iso nos prexudica, nos beneficia, de qué maneira e qué modelos alternativos pode haber. E non se pode descualificar calquera modelo alternativo simplemente porque se considere que pode ir contra a “unidade territorial” ou cousas polo estilo. Hai que aclarar esas cousas.

Vou rematar.

Como xa dixen antes, en todo o que se refire a políticas de benestar social, que nós consideramos cruciais, dado o que vostede dixo aquí, eu estou disposto a falar con vostede, co grupo e co Goberno no Parlamento, como dixen, e, por suposto, fóra do Parlamento con vostede.

Están as políticas relativas ao problema da normalización lingüística, especialmente despois do informe da Real Academia Galega, ben coñecido, sobre a situación e evolución do idioma, en contraste coa aplicación das normas sobre normalización lingüística no país. Coido que é algo que é enormemente importante cando se está nunha postura galeguista que reivindica o galeguismo histórico enunciada por vostede.

Hai temas de cultura cruciais, ou temas sobre a situación da LOSUG, da Lei do sistema universitario galego, despois de que resulte aprobada a LOU, que supoño que algo teremos que dicir e que facer. Daremos como feito consumado que se aproba esa LOU, que eu rexeito rotundamente. Pero aínda a partir de aí supoño que iso terá unha importancia capital segundo cómo a autonomía galega utilice a súa marxe de autonomía —competencia, ademais, estatutariamente exclusiva— a respecto de cómo se vai aplicar aquí a LOU. Se o imos facer simplemente seguindo o piñón fixo das mentalidades do “patriotismo español”, en versión patriotismo constitucional, se partimos da base de que as culturas como a galega son tribais, como di o señor García de Cortazar na introducción do libro publicado —insisto— pola Fundación

FAES, presidida por don José María Aznar, e de que os nacionalistas, estes, estes nacionalismos, son moralmente inferiores ao nacionalismo español... ¡Señor Fraga! Vostede ten cultura suficiente para darse de conta do que significa ter que ler estas cousas escritas e publicadas nunha obra como esa co aval do presidente do Goberno do Estado español.

Non quero estenderme e, moito menos, pasarme do tempo. Coido que a miña postura é absolutamente rotunda e clara e, nese sentido, como din os paisanos, estou ao seu dispor.

Moitas gracias. (*Aplausos nos escanos do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Beiras.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Pita Varela.

**O señor PITA VARELA:** Señor presidente, señorías, en primeiro lugar, desde o Grupo Parlamentario Popular queremos congratularnos de que, despois do debate desta mañá, e doutros ó longo de anos, o Bloque Nacionalista Galego, por primeira vez en moito tempo, se ofrezca a ese diálogo da oferta que xenerosamente o presidente da Xunta —non hoxe, senón hai anos— lles ofertou a tódolos grupos políticos nesta Cámara democrática. Simplemente queremos dicir que nos congratulamos. E se iso serve para chegar a acordos que redunden loxicamente en beneficio da sociedade galega, moito mellor. Pero que ninguén esquezga que a verba *diálogo* tampouco é sinónimo de consenso permanente, indiscutiblemente; diálogo para tratar de chegar a acordos e sempre discrepando, como non podía ser doutra maneira, en principios e en finais que loxicamente non son coincidentes entre —moi especialmente— o grupo maioritario do Partido Popular e o grupo do Bloque Nacionalista Galego.

Sempre, loxicamente, puido haber moita máis proximidade no que defende o Grupo Socialista, pola responsabilidade incluso de alternancia no propio Estado, respecto do que é un grupo que defende uns intereses moi concretos e que están moi diferenciados do que son os do Estado e do que significa para nós o conxunto das autonomía.

Pero é curioso —e aquí si quero facer unha especial énfase—, que o Bloque Nacionalista Galego fala do modelo de financiamento coma se nós rexeitarámo-los plantexamentos que fan de calquera xeito ou de calquera maneira. E simplemente é porque nós temos que defende-los intereses económicos de Galicia. E o que non se pode plantexar nesta Cámara é un sistema que atenta contra a nosa sociedade, porque aquí o Bloque Nacionalista Galego defende o sistema do *cupo* fronte ó que foi o plan de financiamento iniciado dende que governa o Partido Popular en Madrid, que durou do ano 1997 ó 2001 e que significou un incremento respecto do plan anterior —concertado co Partido Socialista cando gobernaba en Madrid— de máis de 50.000 millóns de diferenza. O plantexamento do sistema do *cupo* vasco, que é o que defendeu o Bloque Nacionalista Galego, ás comunidades altamente desenvolvidas si as pode beneficiar, pero ás comunidades menos desenvolvidas, como é a galega e outras... Eu non escoitei en ningunha comunidade do Estado, en ningunha gobernada polo PP ou gobernada polo Partido Socialista ou incluso mixta, na que tamén gobernan grupos rexionalistas, que defenderan o sistema do *cupo* vasco para comunidades menos desenvolvidas. Porque, señorías, aplicar ese criterio significaría un suicidio económico para a nosa comunidade, coa perda de máis de 100.000 millóns de pesetas. Loxicamente, non o aceptamos, e non porque o plantexe o Bloque Nacionalista Galego senón porque atenta contra a economía da nosa comunidade. Por iso nós non aceptamos ese modelo de financiamento, porque nós si temos, como grupo parlamentario, que apoia-lo Goberno da Xunta de Galicia para obte-lo máximo beneficio, para practica-lo seguidismo do que poden ser pactos con outros, nos que nós, desde logo, desde os nosos plantexamentos, non imos entrar absolutamente nunca.

Falouse aquí de consenso, señorías, señor presidente. Eu quero recordar que, nesta última lexislatura, non unha —máis que noutras— senón dúas leis moi importantes foron acadadas por consenso— fraca memoria teñen vostedes—: a Lei de patrimonio e a Lei do audiovisual. Outra cuestión é que os plantexamentos, as iniciativas ou as emendas que poidan plantexar desde os grupos da oposición rachen co que é o espírito das nosas Leis, estaríamos perdidos. Outra cousa é que, loxicamente, emendas puntuais que poidan me-

llora-los textos poidan ser aceptadas, fixémoslo e ímo-lo seguir facendo.

Por outra banda, manifestaba tamén aquí as dificultades á hora de falar. Eu quero dicirlles que nesta última lexislatura, a máis prolífica de tódalas que houbo, foi na que máis iniciativas houbo, na que máis cousas se lles recoñeceu ós grupos da oposición, inclusive fóra do Regulamento desta Cámara. Aceptamos ó inicio da última lexislatura, por xenerosidade do grupo maioritario, que cuestións que non poderían ser plantexadas pola vía de urxencia se puideran aceptar; e, repito, por xenerosidade. Contra o vicio de pedir por pedir, loxicamente, hai a virtude de non dar. O que pide ten que ter tamén a súa xenerosidade. O que non se pode plantexar desde un grupo minoritario, desde un grupo que normalmente non acepta nunca os plantexamentos que fai a maioría, é que se lle poidan aceptar.

Por iso nos congratulamos desa oferta de diálogo, esperemos que fructifique e que non sexa soamente unha declaración de intencións. Reitero, é pola xenerosidade, pero non só deste momento, xa a houbo con anterioridade por parte do presidente do Goberno galego, do seu Goberno e do grupo que o apoia. Congratulámonos de que por primeira vez exista unha receptividade inicial do Bloque Nacionalista Galego. O Partido Socialista xa noutras ocasións o iniciou. Prosperou máis ou menos, penso que neste momento máis. E non se trata do que se di vulgarmente de “pasteleo”, trátase de chegar a acordos puntuais e importantes en beneficio da sociedade galega, uns coa responsabilidade do Goberno, coa responsabilidade da maioría, e outros coa responsabilidade do nobre exercicio da oposición.

Esperamos que o que hoxe é un certo consenso inicial nesas cuestións se plasme na realidade. Sabémo-las dificultades que ten, pero nós, como dixo esta mañá o noso presidente, estamos abertos cara a ese diálogo, sempre o estivemos. E quero subliñar algo moi especial —díxeno en moitas ocasións e non quero desaproveitar hoxe a ocasión de reitalalo—: desde estas bancadas do grupo maioritario sempre falamos dos nosos rivais políticos, dos nosos rivais no nobre exercicio do debate parlamentario. O noso rival, o Bloque Nacionalista Galego, nunca nos considerou rivais, considerárono-los seus inimigos. Penso

que hoxe abriron unha porta para que en vez de inimigos poidamos ser rivais, mante-lo diálogo e, se se pode, indiscutiblemente, chegar ó consenso. Iso sería bo para todos. Á parte da declaración, iremos apuntando absolutamente o que se dixo hoxe, a ver se se plasma na realidade.

Máis nada e moitas gracias, señor presidente. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Pita.

Duplica por parte do señor candidato, señor Fraga.

**O señor CANDIDATO A PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Fraga Iribarne):** Señor presidente, señoras e señores deputados, eu persoalmente estou moi satisfeito de que, en principio, esteamos falando da posibilidade de mellorar relacións entre grupos parlamentarios neste comezo dunha lexislatura. Creo que iso é positivo e, naturalmente, pois, como todo, levará un esforzo para facelo ben.

Dicía o señor portavoz do Grupo Socialista que hai que facer un esforzo que sexa o resultado de todo (...) perfeccionamento democrático. Todos estamos de acordo, todos queremos acertar. Pero, claro, el tocou temas que son opinables. Por exemplo, é obvio —e aquí xa non falo por min— que a limitación de mandatos é propia do sistema presidencialista, e moito menos do sistema parlamentario, no que hai outras regulacións naturais do proceso. E por iso mencionei eu esta mañá, por exemplo, en relación con outro tema, a paridade de xénero. Nós fixemos un esforzo, creo que extraordinario, mesmo brillante, de renovación do número de mulleres nas nosas filas, pero unha declaración dese tipo dubido de que se poida facer nunha lei autonómica, porque é un tema que afecta ós dereitos fundamentais. Persoalmente creo que é o mérito delas o que as vai levar a ser, como xa o son hoxe nas universidades e en tantos sitios, unha maioría.

Respecto do Regulamento da Cámara, dígolle que hai que velo con coidado, pero, desde logo, eu estou de acordo en que sexa perfectible. Estudiaremos con moito gusto calquera proposta que veña ó respecto.

Presencia de Galicia no exterior. E non falo só das nosas colonias, hoxe nun momento delicado, como

recordei esta mañá, que por iso mesmo dá lugar á creación desa consellería que eleva o rango dun servizo que xa tiñamos. Eu teño estado en moitos sitios, pero teño que dicir que os esforzos que temos feito, por exemplo, nos organismos europeos, que, desde que entraron en España e Portugal, se notou o cambio por completo da política europea en relación cos países iberoamericanos, os que estamos facendo con Mercosur ou os contactos neste momento coa nova política mexicana son xa moi importantes. Non hai nada que non se poida mellorar. Eu podo asegurar que iso o levo no sangue e que o levo na miña historia.

Respecto da sociedade do coñecemento, eu teño a impresión de que á parte do que están a facer brillantemente as universidades neste momento, a secretaría xeral recentemente creada está, despois de varios convenios que temos firmados co Ministerio de Tecnoloxía, facendo un esforzo moi importante. Todo é pouco. É obvio que estamos a anos luz dunha sociedade americana, probablemente porque alí, á hora de buscar un profesor —e isto ten que ver con temas que se están discutindo estes días—, non se pensa a ver cómo facemos a fulano de tal profesor, que é un bo amigo, un bo rapaz, que é de boa familia, senón simplemente que onde está o que sabe máis diso alí o buscamos, alí o pagamos, aínda que sexa en Finlandia. En fin, esta é outra historia.

En canto, en definitiva, á crise demográfica, hai quen recorda nesta Cámara que eu fun o primeiro en plantexala, e pódolle dicir que neste momento non é cuestión de desexos nin de verbas. Entre as medidas xa anunciadas, dentro das nosas facultades lexislativas e económicas e a política que o Estado acaba de anunciar a nivel nacional, creo sinceramente que saímos da situación de depresión. É obvio que este é un problema cultural, que non é soamente un problema de estímulos económicos, pero a política vai na boa dirección.

Eu agradézolle moito este recordatorio de rigor presupostario. Efectivamente, nós sómo-los primeiros en ser conscientes do difícil que é gardalo cando hai tantas necesidades, pero precisamente por iso é a nosa obriga recordalo e faremos todo o posible por practicalo, moi pronto se verá no debate presupostario.

Volvo dicir que escoitei co maior interese e respecto as verbas do señor portavoz do BNG. A aceptación de diálogo, dentro ou fóra do Parlamento, como din os ingleses cunha frase moi deles, “diante ou detrás do *sillón* do presidente”, do *speaker*, evidentemente, creo que é un principio importante. Eu sinceramente me felicito só por que neste lugar tivese lugar este debate de hoxe. É evidente que se poden producir en procesos legislativos, mesmo en fase previa, e que ten que haber unha receptividade ás iniciativas da oposición, o cal quere dicir que non serán rexeitadas por sistema, senón que se poderá falar sobre elas amplamente en materia de control, de comparecencias, na forma flexible que foi creo que intelixentemente plantexada polo señor Beiras. E, desde logo, pódolle garantir que pola miña parte o espírito que anunciamos hoxe —os espíritos parece que son cousas volátiles— vai ser mantido.

Eu teño que dicir que sobre a exposición de temas lle agradeceréi moito —agora pasarei polo seu escano— se me quere dar unha copia desas prioridades, e desde agora, se non o ten a mal, permitireime invitalo a un xantar, a unha cea ou ó que lle conveña no mes de xaneiro e así empezamos a practicar, por certo dunha maneira ben galega.

Falou do financiamento autonómico, e claro que é perfectible; agora xa estamos falando para dentro de cinco anos. Pero quizais conveña recordar que Galicia pasará dun 15% a un 50% na capacidade de autofinanciamento, que vai obter, co novo modelo, de ganancia adicional 13.000 millóns de pesetas anuais, e que vai compartir 11 das 13 figuras tributarias existentes no Estado, integrándoas dentro do sistema de financiamento da sanidade do Inerser; e que recibimos un 33% do IRPF nas capacidades normativas, un 35% do IVE, o 40% dos impostos especiais sobre hidrocarburos, alcohois e tabaco e o 100% dos impostos de matriculación e electricidade; estes últimos con capacidade normativa. Estas cesións implican que Galicia recibirá 119.000 millóns por IVE e 12.000 ou 42.000 por hidrocarburos, segundo como fagámo-las cousas.

Pero é importante saber que, segundo os últimos acordos, —que aínda me parece que non son públicos—, a ponderación da dispersión de poboación é en máis de 57.000 millóns, dos que máis do 50% respon-

den a Galicia, feito que dobra o peso que tiña esta variable no anterior modelo; introducción da estrutura de poboación e envellecemento que lle permite a Galicia recibir máis de 7.000 millóns no financiamento sanitario. É dicir, que non o estamos a facer tan mal, pero é obvio que sempre se pode facer mellor. Quedan cinco anos para volver revisalo.

Volve saí-lo tema da Lei orgánica universitaria. É obvio que se, como eu penso, é un perfeccionamento pois (...), pero o argumento é o mesmo: que nas leis desa importancia de carácter orgánico debe haber un diálogo co ministerio, é absolutamente evidente, e a iso nos ofrecemos. Teño que dicir que nese caso faría falta que previamente estivesemos de acordo no principio, que non é o caso.

En fin, vou rematar, porque darlle unha vez máis as gracias ó meu amigo e compañeiro Pita sería inútil. Quero dicir que, desde logo, eu son da tribo, e aínda son dos que defenden que fose ou non verdade o celtismo como el o entendía, o que escribiu Pondal no seu famoso himno, o noso himno —que tampouco ten que ser cantado enteiro tódalas veces, (*Risos.*) na miña opinión, pero é un tema opinable; desde logo o himno eu cántoo desde que era un rapaz e téño cantado en circunstancias especialmente interesantes, que non vou recordar—, o que escribiu Eduardo Pondal foi “clan” e non “chan”. Ben, pois eu son da tribo e do clan, non o dubiden. (*A señora García Negro: O cre, exactamente, son da tribo do PP.*)

Moitas gracias. (*Grandes aplausos nos escanos do Grupo Parlamenario Popular de Galicia.*) (*O señor Beiras Torrado estreita a man ó señor presidente da Xunta en funcións e entrégalle os temas prioritarios do programa do Bloque Nacionalista Galego.*)

**O señor PRESIDENTE:** Moitas gracias, señor Fraga.

Tal e como tiña anunciado antes, a votación farase ás 18:00 horas; é dicir, ás seis.

Ata entón, suspéndese a sesión.

*Suspéndese a sesión ás cinco e corenta e cinco minutos da tarde e reiníciase ás seis da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Imos someter a votación a elección do candidato que foi proposto, de acordo co Regulamento, por esta Presidencia, e que é o deputado don Manuel Fraga Iribarne, para ver se acadá os votos suficientes para ser nomeado presidente da Xunta de Galicia.

Como xa dixen antes, a votación será pública por chamamento. As súas señorías deberán pronunciarse coas expresións “si”, “non” ou “abstención”. O candidato será elixido se obtén os votos da maioría absoluta na primeira votación.

Para iniciar esta votación imos sacar a sorteo o apelido da deputada ou do deputado polo cal debemos comeza-lo chamamento.

Señor secretario da Cámara, se ten a bondade, saque unha bóla para comprobar por quen temos que empezar.

*(O señor secretario, Pedrosa Vicente, saca a sorteo o nome do deputado polo que comezará o chamamento.)*

Comezaremos polo número 55, que corresponde a dona Laura Seara Sobrado. Por ela comezará o chamamento.

**O señor SECRETARIO (Pedrosa Vicente):**  
Gracias, señor presidente.

Seara Sobrado, Laura: Non.

Sestelo Fernández, Ramón: Si.

Sineiro García, Francisco: Non.

Soneira Tajés, María Soledad: Non.

Suárez Canal, Alfredo: Non.

Sueiro Pastoriza, Alberto: Si.

Tapia Fernández, María Jesús: Si.

Tello León, Xosé Henrique: Non.

Trigo Durán, Francisco: Non.

Varela Sánchez, Ricardo: Non.

Veiga Buxán, Xesús Manuel: Non.

Álvarez Domínguez, Bautista: Non.

Álvarez Montes, Marta: Si.

Amarelo de Castro, Fernando: Si.

Baltar Blanco, José Manuel: Si.

Barreiro Fernández, José Manuel: Si.

Beiras Torrado, Xosé Manuel: Non.

Bueno Berrio-Atergotúa, Marisol: Si.

Caldelas Fernández, María Josefa: Si.

Casares González, Juan Manuel: Si.

Casares Mouriño, Xabier: Non.

Castedo Carballo, Remedios: Si.

Castro García, Roberto: Si.

Cerviño González, Francisco: Non.

Cortizo Nieto, Miguel: Non.

Díaz Díaz, Xosé: Non.

Díaz Vázquez, Manuel: Si.

Fernández Davila, María Olaia: Non.

Fernández Rosende, Jesús María: Si.

Ferreiro Abelleira, Xosé Francisco: Non.

Gago Álvarez, Cástor: Si.

Gallego Calvar, Carmen: Non.

García Negro, María Pilar: Non.

González Laso, Natividad: Non.

González Loroño, Beatriz: Si.

Gutiérrez Fernández, Eduardo: Non.

Juncal Rodríguez, Juan Manuel: Si.

Lobeira Domínguez, Bieito: Non.

López Abella, Susana: Si.

López Díaz, Victoria Eugenia: Si.

López García, Sergio: Si.

López Outeiral, Manuel: Si.

López Pérez, Emilio: Non.

López Vidal, Pablo Xabier: Non.

Louro Goyanes, Antón: Non.

Madarro González, Elisa: Si.

Martín Alonso, María: Si.

Méndez Romeu, José Luis: Non.

Merino Mejuto, Domingos: Non.

Palmou Lorenzo, Xesús: Si.

Pérez Herráiz, Margarita: Non.

Pérez Touriño, Emilio: Non.

Porro Martínez, María Corina: Si.

Pose Mesura, Modesto: Non.

Ramallo Vázquez, María Pilar: Si.

Rego González, Ismael: Non.

Reviejo Ares, Miguel Ángel: Si.

Rodríguez Corcoba, Fernando: Si.

Rodríguez Feixóo, Alberte Xullo: Non.

Rodríguez Fernández, Maximino: Si.

Rodríguez Peña, Xosé Henrique: Non.

Rodríguez Seijas, María Dolores: Si.

Rojo Noguera, Pilar: Si.

Ruíz Rivas, Manuel Santos: Si.

Santalices Vieira, Miguel Angel: Si.

López Besteiro, Manuela: Si.

López Veiga, Henrique César: Si.

Cuíña Crespo, José: Si.

Pita Varela, Jaime Alberto: Si.

Fraga Iribarne, Manuel: Si.

Villarino Santiago, Dolores: Non.

Pedrosa Vicente, Juan: Si.

Álvarez Blanco, Salomé: Non.

Rodríguez Cuervo, Inmaculada: Si.

García Leira, José María: Si.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Algún deputado ou algunha deputada falta por exercer-lo seu dereito de voto? (*Negación.*) Xa que votamos todos, procedemos a face-lo escrutinio.

*(Realízase o escrutinio.)*

O resultado da votación é o seguinte: votos a favor, 41; votos en contra, 34.

Obtida a maioría absoluta, proclamo elixido presidente da Xunta de Galicia o excelentísimo señor don Manuel Fraga Iribarne.

Da elección darase conta de inmediato á súa Maxestade El-Rei, conforme ó disposto no artigo 18 da Lei reguladora da Xunta.

Levántase a sesión.

*(Tódalas deputadas e tódolos deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, postos en pé, prorrompen en grandes e prolongados aplausos.)*

*Levántase a sesión ás seis e sete minutos da tarde.*



## DIARIO DE SESIONES DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servicio de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 56 16 00

Impresión e distribución: La Voz de Galicia, S.A.  
Concepción Arenal, 11-13. 15006. A Coruña.

Dep. Leg. C-255-1982. ISSN 1133-2735